Deputación
DA CORUÑA
Chegar a cada concello,
estar con cada persoa.

asociación galega do libro infantil e xuvenil

Título:
Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

Coordinación:
Pilar Sampedro Martínez

Autoras:
Carmen Díaz Castiñeira
Gisela González Iglesias
José María Lores Pérez
Leonor Mazaira Garro
Henrique Neira Pereira
Ánxeles Roca López
Covadonga Rodríguez Argüelles
Pilar Sampedro Martínez
Isabel Serantes Gómez
Dolores Tobío Iglesias

Edición:
2022

Edita:
Galix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil)

Deseño e Maquetación:
Martiño Picallo (Luscofusco)

Imprime:
Lugami Artes Gráficas, S.L. (Betanzos)

ISBN:
978-84-0950-056-7

Patrocina:
Deputación DA CORUÑA

Licenza:
Esta guía está publicada baixo licenza CC BY-NC-SA 4.0 (Atribución-Non comercial-Compartir igual 4.0 Internacionalimaxe.png)

https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl

Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable é unha guía elaborada por GÁLIX que estará accesible e descargable no espazo web da asociación para que poida ser utilizada polas persoas que exercen o labor de mediación lectora sempre que se recoñeza a autoría, non se utilice para fins comerciais e non se modifique.

Quedan fóra desta licenza as imaxes das editoriais que manteñen a súa propia.

Impreso en Galiza / Printed in Galiza.

Contacto:
Galix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil)
Centro de Emprendemento Creativo de Galicia | Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás s/n - 15707 | Santiago de Compostela | A Coruña
Tel.: 698 169 548 | galix@galix.org | blog@galix.org

www.galix.org


OBXECTIVOS
DE DESEN-
VOLVEMEN-
TO SUSTEN-
TABLE
gálix
asociación
galega
do libro
infantil e xuvenil



Esta quere ser unha guía de libros en galego, que poden resultar útiles para o tratamento dos OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE por parte da rapazada e mocidade.

Lembramos que o 25 de setembro de 2015 a ONU (cos seus 193 países membros) aprobou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable. Presentouse como unha oportunidade para que os países se puxesen no camiño de mellorar a saúde do planeta e a vida da súa poboación, sen deixar ninguén atrás. Constitúese así un plan de acción a favor das persoas e da natureza: un contrato social global. Móvese nas esferas económica, social e ambiental, e está pensada para transformar o noso mundo, mellorándoo.

Esta Axenda conta con 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable que xiran, como dixemos, entre o traballo de respecto á natureza e o coidado do ser humano.

Ningunha organización debería ser allea a este chamamento universal á acción, para lograr os ODS a nivel mundial. Todas deben pousar a mirada nestes fins que deben guiar as políticas nacionais e internacionais, pero tamén o compromiso persoal e a relación dentro das comunidades.

Dende GALIX queremos colaborar, na forma que nos é posible, facendo unha selección de libros de ficción e informativos que tratan estas temáticas, facilitando a reflexión e a toma de conciencia, animando a rapazada a converterse en axentes activos e responsables.

Organizamos a guía ao redor de cada un dos obxectivos:

1. **FIN DA POBREZA**. Este obxectivo fala de promover un medre económico inclusivo, co fin de crear empregos sustentables e promover a igualdade, garantindo a protección social da infancia e do resto de grupos vulnerables. A selección recolle ficcións relacionadas coas migracións, as persoas sen teito, as situadas na marxe da sociedade ou as que viven nos poboados de chabolas, entre outras.

2. **FAME CERO**. Busca a eliminación da fame e da pobreza; para iso deben terse en conta as solución que achega o sector alimentario e agrícola, pero tamén a distribución e aproveitamento dos recursos. Moi relacionado

co anterior, neste obxectivo aparecen aqueles relatos nos que a alimentación é máis protagonista.

3. **SAÚDE E BENESTAR**. Tal como se mostra no título, pretende garantir unha vida saudable e promover o benestar universal en todas as idades. Ter acceso á sanidade e aos servizos públicos, contar con programas de prevención, coidar dos máis vulnerables, e asegurar unha sociedade do benestar. Este obxectivo acolle, especialmente, as historias nas que aparece a falta de saúde, é dicir, a enfermidade, o Alzheimer unido ao mundo dos avós e avoas, o cancro, a expedición na que participa Isabel Zendal, a morte...

4. **EDUCACIÓN DE CALIDADE**. A educación é a base para mellorar a vida das persoas e asegurar un desenvolvemento sustentable. O acceso a unha educación de calidade facilita a igualdade de oportunidades e aumenta a capacidade de superación das sociedades. Recollemos obras nas que ten presenza a escola, a lacra do acoso, o reflexo da discriminación da muller, a crítica á educación tradicional ou a recollida de propostas renovadoras –como nos libros de María Victoria Moreno e Agustín Fernández Paz–, a referencia a mestras destacadas, ou a maneira de acoller as desigualdade na escola. A escola vista cos ollos do alumnado ou do profesorado.

5. **IGUALDADE DE XÉNERO**. Non é só un dereito humano fundamental senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable. Un obxectivo a conseguir en todas as ordes da vida e que posibilitará sociedades máis xustas e desenvoltas. A escolla, neste campo, apóiase na guía *Donas no espello da LIXG*, publicado por GALIX, e no Pinterest propio, 25 anos de *Rapazas* e 25 anos de *RAPAZAS* (para primaria e secundaria). Buscamos facer visibles as mulleres, o espazo interior e o traballo doméstico, a ruptura de roles e estereotipos, a discriminación de calquera tipo, as mulleres e homes non normativos que abren portas á diversidade, os relatos feitos dende outras voces ou a situación das mulleres en diferentes lugares do mundo.

6. **AUGA LIMPA E SANEAMENTO**. A auga libre de impurezas e accesible para todos e todas é parte esencial do mundo no que queremos vivir. Un obxectivo fundamental para o Terceiro Mundo pero que han de observar os demais ante a privatización e contaminación á que as augas se ven sometidas. Son temáticas reflectidas nos libros, o ciclo da auga, os animais que viven nela, os ríos, a contaminación, a auga como negocio ou moeda, a súa escaseza, a mitoloxía relacionada coas augas, as centrais hidroeléctricas coas aldeas asolagadas, ou a identidade de Galicia coma o país dos mil ríos.

7. **ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE**. A enerxía é central para todos os grandes desafíos e oportunidades aos que se enfronta o mundo na actualidade. Falamos de enerxías renovables, pero tamén creamos grandes falsidades poñéndolles o nome de enerxías verdes a aquelas que nin o foron nunca nin o son agora. Óptase polas enerxías renovables e debe controlarse onde se colocan e como, quen fai negocio –ás veces– detrás dunha máscara ambiental... Neste obxectivo aparece, especialmente, todo o relacionado cos vertidos no mar, en concreto os radioactivos, e o producido polo *Prestige*, polo que supuxo de revulsivo; á súa beira, as historias relacionadas con Man, o alemán

de Camelle, que morreu por eses días despois de vivir mirando o mar a meirande parte da súa vida.

8. **TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO**. As condicións de traballo, as políticas económicas e sociais destinadas a erradicar a pobreza; o traballo e as relacións laborais, oficios e profesións, o traballo infantil... son temas presentes nos libros recollidos baixo este epígrafe. Algún tan evidente como *Oficios e profesións poemas son, O marabilloso mundo das profesións (Descubre o que poderías ser de maior)*, ou *Xurxiño quere ser...*

9. **INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURAS**. As inversións en infraestrutura son fundamentais para un desenvolvemento sustentable. Neste obxectivo prestamos atención ás historias relacionadas coa tecnoloxía a todos os niveis, a investigación e a súa divulgación, as contradicións nas que podemos caer as persoas ante os aparellos, ou a necesidade de escoitar a natureza.

10. **REDUCIÓN DE DESIGUALDADES**. Necesaria entre países e dentro de cada país e comunidade. Trátase de mostrar os produtos onde se fai visible a diversidade, onde se mostra a discriminación e "minusvaloración" por razón de desigualdade e a necesidade de entendemento entre os diferentes. Está moi relacionado co 5 pois na Igualdade de xénero acostumamos recoller aquelas historias que teñen que ver coa diversidade en xeral así como coa diversidade familiar e sexual. Da mesma maneira poderiamos poñelo en contacto co 1 e 2 pois a meirande das discriminacións é a aporofobia.

11. **CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES**. O obxectivo busca a sustentabilidade en todo tipo de comunidade: rural e urbana, pequena como unha familia ou grande como un país. Neste caso, optamos por acoller –en especial– as historias e lendas de comunidades respectuosas co medio ambiente, libros que poñen en valor a natureza, a ecoloxía como opción comprometida e o traballo que a rapazada –ao seu nivel– pode realizar a favor do planeta.

12. **PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES**. Trátase de facer máis e mellores cousas con menos recursos. Poñer atención na produción, a enerxía necesaria e os residuos que produce, así como analizar o papel de cada unha de nós como axentes consumidores, co que isto implica de responsabilidade e compromiso co futuro. O problema dos residuos sólidos urbanos, especialmente dos plásticos; acollerse aos tres R (Reducir, Reaproveitar, Reciclar), a necesidade de consumir menos no mundo desenvolto, a elaboración dos xoguetes con elementos naturais ou aproveitando o lixo...

13. **ACCIÓN POLO CLIMA**. O cambio climático é un reto global que non respecta fronteiras nacionais. A folga de Greta Thunberg contra o cambio climático supón un salto cualitativo na toma de decisións da rapazada en relación co mundo no que viven e co futuro que virá. Eles e elas son conscientes da necesidade de ter un papel máis activo porque as persoas adultas semellan perderse en falar sen tomar decisións de calado. Aparecen narracións relacionadas cos lumes que asolan os bosques, coa necesidade das árbores para a vida, e as accións que se poden facer para mellorar a situación.

14. **VIDA SUBMARINA**. Fálase de conservar e utilizar en forma sustentable os océanos, mares e recursos mariños. O mar é un elemento fundamental dentro do imaxinario infantil, na poesía destinada á infancia ten unha presenza moi importante, ata o punto de que recollemos dous poemarios (*Poemar o mar* e *Mar de mazá*, e aínda poderiamos citar *Patente de corso*), algunha banda deseñada, manuais e guías... porque para defender algo hai que coñecelo e querelo primeiro.

15. **VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES**. Busca xestionar de maneira sustentable os bosques, loitar contra a deforestación, deter e "invertir" a degradación das terras e parar a perda de biodiversidade. Todos os ODS relacionados co medio ambiente como o 6, 7, 11, 13, 14, 15... comparten lecturas, e por iso imos pasando dunhas a outras; compartíndoas. Neste sentido, o apartado "Tamén podería estar en..." achéganos claves para comunicalos entre si. Aparecen aquí, de novo, libros nos que as árbores e os animais son protagonistas, así coma o chan, a nosa relación de respecto coa natureza en certas comunidades, a necesidade de adaptarnos a ela...

16. **PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS**. Trátase da construción de institucións responsables e eficaces que garantan os dereitos humanos, o acceso á xustiza e promoción de sociedades pacíficas e inclusivas para manter a paz no planeta. Reducir as formas de violencia, avogar pola participación cidadá por medio da implicación nunha sociedade de civil que esixa ás administracións e actúe defendendo os valores humanos. Libros que proveñen de escritores/as comprometidos/as como Calo Iglesias a través do SGEP (Seminario Galego de Educación pola Paz), Agustín Fernández Paz, Paula Carballeira, Antonio García Teijeiro... Momentos históricos como a Alemaña nazi ou a memoria histórica da guerra e posguerra española fan a súa aparición neste ODS.

17. **ALIANZAS PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS**. Trátase de traballar a colaboración, a cooperación e a solidariedade. A única maneira de avanzar é facelo xuntos e coordinados, chegando a pactos que permitan acadar pequenas metas no camiño dun fin acordado por todas/os. A atención céntrase nas emocións e nos afectos, na amizade como corrente de entendemento, a empatía para ir máis alá dun mesmo poñéndose no sitio da outra, a capacidade para firmar a paz en calquera circunstancia, porque a guerra é a peor alternativa, a opción de partir da diferenza para asumir a igualdade de dereitos sen perder de vista que "ti e máis eu, somos nós"; en fin, o traballo en común.

Os obxectivos interrelaciónanse entre si e incorporan os desafíos globais aos que nos enfrontamos no día a día. Esta relación, como dicíamos, prodúcese especialmente entre os que se dirixen ao medio ambiente, por un lado, e o social por outro; no medio, aqueles que poden achegarse máis á economía e que se moven entre os outros dous ámbitos. En relación ao primeiro deles recomendamos achegarse á guía *Clorofila en letra para curar o planeta* (tamén publicado por GALIX), ás maletas viaxeiras do CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) que conta con Maleta naturalista (Coñecendo o noso patrimonio natural), Maleta literaria (Contos para un planeta), Maleta mariñeira (Explorando os océanos), Maleta climática (Muda o clima, mudemos nós). E tamén á Guía de Recursos: Biblioteca e divulgación, con materiais que podemos

utilizar para cada un destes obxectivos. Do mesmo xeito, as maletas viaxeiras de Bibliotecas Escolares de Galicia relacionadas con inclusión e diversidade conteñen materiais para os ODS 5, 10 e 16 e as de Ciencias (Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Libro informativo...) para os citados anteriormente (6, 7, 11, 13, 14, 15...); incluso a de Economía nos abrirá luces para entender este mundo que semella tan complexo; tamén convén estar atentas aos seus pinterest relacionados con cada unha das temáticas e que atoparemos con certa facilidade. Na páxina da Consello da Cultura Galega podemos acceder a publicacións como as bandas deseñadas citadas así como a outra documentación que resultará de proveito.

A páxina de Adela Leiro é un verdadeiro centro de recursos a onde acudir para informarse e realizar traballos de investigación. Especializada en Galicia e a súa natureza, está organizada por Fotos (natureza, patrimonio construído...), Temas (onde atopar o que poidas buscar: espazos naturais, ríos –humidais, montaña, costa, ciencias naturais, animais, plantas, medio e varios, nun percorrido pola xeografía, ciencias, cultura galega, roteiros...). Semella que ela tiña os ODS na cabeza cando se pon a elaborar os materiais (para maiores, igual que Pepe Carreiro o fai a través d´Os Bolechas para crianzas), de forma que se estivesen publicados, se A Nosa Terra (ANT) continuase co seu labor de divulgación da natureza e sociedade de Galicia, seriamos, sen dúbida, unha das linguas nas que presentar máis documentación para o traballo cos ODS. Pero iso finalizou, e incluso o que estaba publicado se perdeu... Agora volvemos os ollos a Baía e Kalandraka ou Catro ventos para buscar o pouco que consegue saír do prelo.

Nesta guía establecemos tres tramos de idade (Primeiras lecturas, Lecturas autónomas e Lecturas expertas) que unicamente se teñen en conta como punto de partida, é dicir, para que as vexamos como propostas "a partir de prelectoras e primeiras lectoras" por exemplo, pero non como intervalos pechados. De feito, en lecturas expertas aparecen materiais destinados a persoas adultas que nalgún caso pode aproveitar a mocidade.

Sería imposible recoller todos os materiais relacionados con cada un dos ODS, non está na nosa man facelo, pero si na de cada unha das persoas usuarias desta guía ir engadindo os títulos que vaia atopando e non aparecen rexistrados; para iso, a partir do apartado "E tamén..." unhas liñas en branco agardan para facilitar o labor.

Queremos confiar nesta pequena semente que deixamos nas túas mans, para que a plantes e estendas o cultivo; daquela estaremos máis preto de acadar os ODS, e outro mundo será posible.

Pilar Sampedro

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE



ÍNDICE

- Fin da pobreza 15
- Fame cero 22
- Saúde e benestar 26
- Educación de calidade 35
- Igualdade de xénero 43
- Auga limpa e saneamento 51
- Enerxía accesible e non contaminante 59
- Traballo decente e crecemento económico 66
- Industria, innovación e infraestrutura 74
- Redución das desigualdades 83
- Cidades e comunidades sustentables 91
- Produción e consumo responsable 99
- Acción polo clima 107
- Vida submarina 114
- Vida de ecosistemas terrestres 122
- Paz, xustiza e institucións sólidas 131
- Alianzas para acadar os obxectivos 140

DATOS QUE INCLÚE UNHA FICHA

ETIQUETA
na que se inclúe a obra

Xénero | **Cuberta** | **Tramo lector**

SAÚDE E BENESTAR | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas* ← **Cor/Etiqueta**

Título do libro → *Miña Guía, Meu Capitán*

Escrito por → Gonzalo Moure

Ilustrado por → María Girón

Traducido por → Manuela Rodríguez



kalandraka ← **Editora**

Maremar ← **Colección**

9788413430300 ← **ISBN**

2021 ← **Ano** de publicación

← **Tamén** podería estar en

Sinopse → Un pai cego acompaña á súa filla de camiño á escola. Un traxecto feliz que transforman nunha aventura. Nada impide o desenvolvemento dunha vida plena cando comparten afecto.

Outros libros que poderían pertencer a esta Etiqueta →

E TAMÉN...

A avoa ten unha menciña

Eu son eu

Eu curareite, dixo oso pequeno : a historia de como unha vez tigre pequeno se puxo enfermo

O elefante que perdeu a memoria

Elvira

SECCIÓNS E CORES IDENTIFICATIVAS

- FIN DA POBREZA
- FAME CERO
- SAÚDE E BENESTAR
- EDUCACIÓN DE CALIDADE
- IGUALDADE DE XÉNERO
- AUGA LIMPA E SANEAMENTO
- ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE
- TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO
- INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA
- REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES
- CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES
- PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE
- ACCIÓN POLO CLIMA
- VIDA SUBMARINA
- VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
- PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS
- ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

ICONOGRAFÍA

- Título do libro
- Escrito por
- Ilustrado por
- Asesorado por
- Traducido por
- Adaptado por
- E tamén...
- Premio
- Descargable
- Fotografado por
- Colección
- ISBN
- Ano de publicación


OBXECTIVOS
DE DESEN-
VOLVEMEN-
TO SUSTEN-
TABLE
gálix
asociación
galega
do libro
infantil e xuvenil

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

A anduriña viaxeira

Teresa Sabaté i Rodiè



Á terraza da casa de Xela chega cada ano unha andoriña a facer o seu niño. Cóntalle a Xela o que ve nas súas viaxes sobre a situación de pobreza na que viven algúns nenos e nenas do mundo.

BAÍA EDICIÓNS

Dereitos do neno e da nena

978-84-9689-396-2

2008

FIN DA POBREZA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A boneca e a castañeira

Roberto Aliaga

Maja Celija



Marcela vive coa súa avoa, a castañeira, e máis cunha boneca de trapo gastada polo tempo. No Nadal a avoa quere regalarlle unha boneca nova. O consumo responsable preséntase como resposta fronte á pobreza, ás inxustizas e ás desigualdades.

OQO editora

Q

978-84-9871-068-7

2008

FIN DA POBREZA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Allumette

Tomi Ungerer

Tomi Ungerer



Adaptación moderna do clásico de Andersen, *A vendedora de mistos*. Partindo dunha crítica ás peores características da sociedade actual: a cobiza, o elitismo e o materialismo, introdúcese unha concesión á esperanza, grazas á xenerosidade da nena que provoca unha corrente de solidariedade.

Kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-360-9

2017

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

Cuca e o abrigo marrón

Fina Casalderrey

Patricia Castelao



Cuca e unha cadela que vive libre na rúa, pero sen recibir agarimo. Cando chega o inverno, agóchase nun aparcadoiro de coches. En canto o ruído do motor dun coche cesa, corre a meterse debaixo para aproveitar a calor que desprende. Alí adormece protexida.

rodeira

Os meus contos favoritos do barco azul

978-84-8349-370-0

2014

1 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

FIN DA POBREZA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Terra de ninguén

María José Floriano Novoa

Federico Delicado

Manuela Rodríguez



Un álbum que amosa a realidade dos moitos poboados chabolistas que medran nas contornas urbanas a través da Cañada Real, o máis grande de Europa.

kalandraka

Maremar

978-84-13-43161-1

2022

ODS 3 e 10

FIN DA POBREZA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Tres desexos

Eva Mejuto

Gabriel Pacheco



Un misterioso papel que entrou pola cheminea dicía: Soñar en noites de lúa, trae fortuna. Podedes pedir tres desexos. Que difícil escoller cando non se ten nada e a fame non deixa pensar ben!

OQO editora

Q

978-84-96788-63-3

2008

FIN DA POBREZA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Vaite xa!

Marcos Viso

Marcos Viso



Oso xa non vende cenorias abondo no mercado para poder vivir ben e alimentar á súa familia. Ten que marchar e ir na procura dun traballo e unha vida mellores, aínda que vai botar moito de menos aos seus.

XERAIS

Colección Merliño

978-84-9914-964-6

2015

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Agni e a chuvia

Dora Sales

Enrique Flores



Agni vive en Bombai e desde os 6 anos traballa nun lavadoiro. Non entende moi ben que quere dicir ser pobre, pero sabe que non é bo e que a súa familia e os seus veciños son pobres. Pese a iso, o sorriso sempre está na súa cara xunto coa vontade de ter un futuro mellor.

kalandraka

Seteleguas

978-84-8464-305-0

2017

ODS 8 e 16

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Andanzas de Xan Farrapeiro

Ramón Caride

Marisa Irimia

Adaptación dun coñecido conto marabilloso que ten como protagonista a un home moi pobre, pero alegre e valente, que un día ve cambiar a súa sorte tras o encontro coa máxica dona dos penedos.



XERAIS

Sopa de Libros

978-84-9782-555-9

2009

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

A batalla da pequena Chañan Curi Coca

Rosa Aneiros

Almudena Aparicio

A familia de Noelia e Miguel non ten cartos para pagar o piso, porque a súa nai perdeu o traballo. Contan coa axuda dun grupo de persoas que loita por un aprazamento do desafiuzamento que teñen previsto. Noelia tamén bota man dos contos da guerreira inca Chañan Curi Coca que lle contaba a súa avoa. Coma ela está preparándose para non renderse nunca.



XERAIS

Merlín

987-84-9121-275-1

2017

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

A camioneta da media risa

Concha Blanco

Manuel Uhía

Sete, quizáis oito anos ten o rapaz, pois a ruín e indiscriminada loita por sobrevivir castigara o seu corpo miúdo. Vai nunha camioneta cos pais, dedicados á venda ambulante, de feira en feira.



Bruño

Altamar

9788421665930

1995

FIN DA POBREZA | ***Álbum ilustrado*** | ***Lecturas autónomas***

Caixa de cartón

Txabi Arnal

Hassan Amekan

Crónica da inmigración contada en primeira persoa por una nena que nos fala da miseria no seu país, das penurias da viaxe e da xenofobia no país de destino. Fala tamén de esperanza, da solidariedade entre os inmigrantes e da familia de acollida na que finalmente vivirá.



OQO editora

Qontextos

978-84-9871-214-8

2010

1 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

gálix

FIN DA POBREZA | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Cobertor de estrelas

Roberto Lisías

Itziar Ezquieta

Un menino que vive en situación de abandono e pobreza nas rúas de Brasil quere aprender a escribir e con esta ilusión fai fronte á situación na que vive e mantén a esperanza de saír dela.



OQO editora

FOQO (Letras sen prexuízos)

978-84-96573-11-6

2005

ODS 4

FIN DA POBREZA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Inmundicia e Roñoso

Ledicia Costas

Laura Catalán

Estrela e Max procuran roupa e comida nos colectores do lixo. No barrio chámanlles Inmundicia e Roñoso porque sempre van sucios. Un día os nenos do barrio encérranos dentro dun colector do lixo e alí descobren un mundo insólito e as aventuras que agochan os obxectos que alí atopan.



TAMBRE

Ala Delta

978-84-9046-081-8

2015

ODS 16

FIN DA POBREZA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O brillo dos elefantes

Fran Alonso

Enjamio

Un neno centroamericano vive nunha aldea, coa súa nai e a avoa. Apenas teñen para comer e unha guerra non declarada ameaza os campesiños. Taquín, o mestre dunha escola á que non vai ninguén, fai que o neno acabe por perderlle o medo á noite e descubra o sentido da vida.



XERAIS

Merlín

978-84-9782-454-5

2006

ODS 4

FIN DA POBREZA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O meu nome é Skywalker

Agustín Fernández Paz

Puño

Historia da amizade entre unha nena e un indixente, que pide na porta dun supermercado e que ninguén parece ver. Para a nena protagonista a explicación é doada, trátase dun extraterrestre que vén doutro planeta en misión secreta.



sm xerme

O barco de vapor

978-84-9854-679-8

2018

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O neno can

Fina Casalderrey e Francisco Castro

Patricia Castelao

Relatos que falan da falta de dereitos básicos que unha parte moi importante dos nenos e nenas do mundo padecen, na actualidade.



EDITORIAL GALAXIA

Libros singulares e fóra de colección

978-84-9865-431-8

2014

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Os camiños do vento

Xavier Estévez

Xosé Cobas

Lucas e Sara comezan a ESO no instituto. O cambio non será doado, e menos cando teñen que resolver o misterio dunha pequena ladroa de peixe que ven no peirao. Ao intentar descubrir quen é esa rapaza, comezarán a ver o mundo con outros ollos.



XERAIS

Merlín

978-84-9121-609-4

2019

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Sempre Hausa

Xoán Babarro

Cruz Lago

Abduhali é un rapaz nacido en África. Pertence ao pobo dos hausa e el e os seus teñen unha vida dura. Por iso, ten que deixar a familia e buscar novas terras. Non é doado sobrevivir.



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

978-84-8288-688-6

2004

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

A miña planta de laranxa lima

José Mauro de Vasconcelos

Fernando Alonso Andujar

Narra, en primeira persoa, a dura infancia dun neno brasileiro de cinco anos que vive coa súa familia nun dos barrios máis pobres de Río de Xaneiro. Ten como mellor amigo a unha planta de laranxa lima que medra cerca da súa vivenda e á que lle conta os seus soños e ilusións.



primeirapersona

978-84-95923-78-3

2016

1 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Cartas de amor

Fran Alonso

Cartas escritas por mulleres que, falando do amor ou do desamor, dan a coñecer as dramáticas situacións de pobreza, guerra, racismo, emigración e violencia ás que se enfrontan con valentía.



XERAIS

Fóra de Xogo
978-84-9782-489-7
2016

ODS 5

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Corredora

María Reimóndez

O atletismo vai ser a vía de escape da pobreza e da mendicidade dunha nena etíope que desde pequena destaca pola súa velocidade e resistencia. *Corredora* é unha historia colectiva de superación das nenas e mulleres etíopes grazas ao deporte.



XERAIS

Fóra de Xogo
978-84-9121-218-8
2017

ODS 5

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Eu son A

Steve Tasane

Carlos Acevedo

O protagonista non ten documentos nin familia, por iso os gardas lle chaman, simplemente, "A". Esta é a historia dun grupo de nenos nun campo de refuxiados que sobreviven na miseria, pero non renuncian aos seus soños.



FAKTORIA K DE LIBROS

Narrativa
978-84-16721-57-3
2021

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

De ratos e de homes

John Steinbeck

Dous vagabundos pobres e sen fogar soñan con chegar a ter unha casa propia, con animais dos que coidar. Contratados como xornaleiros por unha granxa californiana, introdúcense nunha trama de malentendidos que os conducirá a un final desgraciado.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste
978-84-8288-968-9
2006

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Marxinados

Pepe Carballude

A vida nun internado no que conviven aqueles que foron excluídos por unha realidade que os puxo fóra: pais e nais atrapados na miseria, nas drogas, nos problemas duros do lado máis feo do mundo.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9865-518-6

2014

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Illa Soidade

An Alfaya

A novela retrata o mundo da indixencia, da mendicidade, dos sen teito, dos esmoleiros, dos vagabundos. Cada unha destas persoas é unha illa deshabitada que vai conformando arquipélagos de soidade.



XERAIS

Fóra de Xogo

978-84-9914-146-6

2007

FIN DA POBREZA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Revolución Detrito

Xosé Cea

Ticho é un neno de once anos que malvive nunha chabola xunto co seu pai eivado e a súa irmá Area. El traballa nunha mina de carbón e Area nun vertedoiro de lixo. É a única saída que teñen para sobrevivir nun país gobernado por un ditador.



XERAIS

Fóra de Xogo

978-84-9121-490-8

2019

ODS 4

E TAMÉN...

As pombas de Bastián

Ícaras

O angazo

Ovos duros

2 Literatura infantil e xuvenil galega

FAME CERO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

E leva aos nenos que non comen non

Geertje Gort

Ceseli Josephus Jitt

A Santi só lle gusta comer sandwiches, a súa tía cóntalle o que lles sucede aos nenos e nenas que non comen. Así Santi inicia unha correspondencia co Coco, que lle axudará a descubrir novos sabores e a perder medos.



TAMBRE

978-8426348708

2002

FAME CERO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

E ti que farías por min?

Fina Casalderrey

Manolo Uhía

Malta e Marqués viven na rúa. Cada vez cústalles máis atopar comida e teñen que buscar no vertedoiro. Marqués non se atreve a meterse no lixo.



XERAIS

Pequeno Merlín

978-84-9121-622-3

2019

ODS 5

FAME CERO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Milko: un heroe con moita fame

Susana Peix

Juli

Milko ergueuse, coma sempre, con fame e, mentres subía á procura das follas máis frescas e saborosas, escoltou un laio. Alguén precisou axuda. Que fará Milko? Seguirá o seu propio camiño ou axudará aos necesitados?



cumio

978-84-8289-543-7

2021

FAME CERO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Pirracas e as patacas

Fabrice Turrier

Fabrice Turrier

Pirracas conseguiu que, dunha pataca con aspecto estraño, saíra unha enorme colleita de patacas coa que acabar coa fame toda.



kalandraka

Demademora

9788495123817

2000

FAME CERO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Unha longa viaxe

Daniel Hernández Chambers

Federico Delicado



Historia de dúas viaxes que se entrelazan: unha gansa e a súa cría emprenden o traxecto migratorio cara ás terras cálidas do sur, mentres que unha familia que habita nun territorio en guerra emprende a fuxida cara ao norte.

kalandraka
MareMar
978-84-8464-410-1
2018

FAME CERO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Velliñas

Charo Pita

Fátima Afonso



Antea e Filipa son dúas velliñas moi pobres que o comparten todo, aínda que non teñen case nada para comer: sopa de auga de luns a sábado e un fideo a medias os domingos. Pero son felices, a súa maior riqueza é o afecto dunha pola outra.

OQO editora
O
978-84-9871-150-9
2009

FAME CERO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O segredo da vella librería

Xosé Tomás



Un cativo, desesperado pola fame, pérdese e aparece nunha vella librería. Desmáiase e é coidado polo libreiro, que pouco a pouco tamén o inicia na lectura.

EDITORIAL GALAXIA
Árbore
978-84-9151-169-4
2018
ODS 4

FAME CERO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Palabras de caramelo

Gonzalo Moure

Fernando Martín Godoy



Kori é un neno saharauí de oito anos que vive nos campamentos de refuxiados de Alxeria e só recoñece as palabras nos movementos da boca. Por iso é capaz de saber o que lle di o seu mellor amigo: un pequeno camelo ao que trata de salvar.

XERAIS
Sopa de libros
978-84-9782-071-4
2003

2 Literatura infantil e xuvenil galega

FAME CERO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Perigo vexetal

Ramón Caride

Miguelanxo Prado

O supercereal SC-1, obtido por manipulación xenética, está deseñado para substituír outras plantas como o trigo, o centeo, o millo ou o arroz que eran a base da alimentación humana. Said e Sheila, dous rapaces do futuro, loitarán contra a ameaza do supercereal e poñeranse en contacto cos rapaces e rapazas do presente para alertalos.



XERAIS

Merlín

978-84-9782-495-8

2006

ODS 16

FAME CERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O lago das garzas azuis

Alfonso Pexegueiro

Xosé Freixanes

As garzas azuis viven nun lago que hai debaixo das areas do deserto de Nabalpam... Os nenos e as nenas de todo o mundo seguen ás garzas ata ese deserto onde se converten en Reiseñores Brancos e así poden chegar ao Lago das Garzas para xogar e vivir sen seren collidos polos Cazadores de Reiseñores Brancos. Conto poético sobre os nenos e nenas africanos que morren de fame e medo e só aparecen como fríos números das estatísticas.



XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9782-362-3

2005

FAME CERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Os horizontes de Adar

Xoán Babarro

Nader Sharaf

Viaxe clandestina en barco, soidade, buscar comida no lixo, durmir en albergues, estar separado dos seus... Por sorte, Adar faise amigo dun can extraviado. Nese momento todo empeza a cambiar.



oqueleo

Serie azul

9788416834259

2019

ODS 1

FAME CERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Oliver Twist

Charles Dickens

Oliver Twist narra a historia dun orfo abandonado nun hospicio, no que sufrirá miserias. Nese lugar, e nese ambiente, é empurrado á mala vida.



EDITORIAL GALAXIA

Clásicos Universais

978-84-8288-971-9

2006

ODS 8 e 10

FAME CERO	*Narrativa*	*Lecturas expertas*

Os nenos numerados

Juan Farias

Historia dun grupo de rapaces internados, nos anos sesenta, no reformatorio coruñés de Palavea. A fame, o frío, os celadores, a loita diaria pola supervivencia, nun ambiente hostil, empuxan aos rapaces a tentar fuxir, pero moi poucos se atreven e case ningún o consegue.



XERAIS
Fóra de xogo
9788483021941
1998

ODS 16

E TAMÉN...

O tigre que veu tomar o té

Quero peixe!

Unha eiruga moi larpeira

3 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

SAÚDE E BENESTAR | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas

A avoa adormecida

Roberto Parmeggiani

João Vaz de Carvalho

Unha historia de avoas e avós, de netas e netos que aborda o tema da perda da memoria nos seres queridos.



kalandraka

Maremar

978-84-8464-914-4

2015

SAÚDE E BENESTAR | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas

Achís!

José Carlos Andrés

Laura Tova

Un gato, acostumado a ser o protagonista da casa, non leva nada ben cando chega un bebé ao fogar. Terá que aprender a aceptalo e a saber convivir en harmonía, a pesar das alerxias.



OQO editora

O

978-84-9871-435-7

2021

SAÚDE E BENESTAR | Narrativa | Primeiras lecturas

A miña avoa é un neno, coma min

Alaine Agirre

Ainara Azpiazu

Nas páxinas desta historia respiramos o cariño e a complicidade entre o protagonista e a súa avoa aqueixada de alzhéimer.



La Topera

978-84-09-08389-3

2019

SAÚDE E BENESTAR | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas

Á sombra dos anacardios

Antón Fortes

Simona Mulazzani

A historia sitúase en Guinea Bissau na época das festas do entroido e de como unha nena, enferma de sida, afronta esa dura realidade.



OQO editora

Qontextos

9788498712841

2010

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

A varicela de Laura

Xavier Frías-Conde

Enrique Carballeira

A Laura acontécenlle cousas estrañas como ter a varicela, o que lle vai supoñer, entre outras cousas, ter que estar no seu cuarto mentres non se cure.



discursiva

978-84-947663-9-8

2020

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Dame a man

Seve Calleja

Santy Gutiérrez

Émeno é un neno africano que ten que curarse no noso país. Para iso vai ser adoptado por una familia á que terá que adaptarse.



XERAIS

O meu mundo

9788497828017

2008

ODS 10

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Diona

Juan Senis Fernández

Óscar Sabini

Diona ten unha casa chea de cousas que vai recollendo por aí. Cústalle moito desfacerse delas. Diona sofre, o que os expertos chaman, síndrome de Dióxenes.



OQO editora

Qontextos

978-84-9871-424-1

2013

SAÚDE E BENESTAR | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Miña Guía, Meu Capitán

Gonzalo Moure

María Girón

Manuela Rodríguez

Un pai cego acompaña á súa filla de camiño á escola. Un traxecto feliz que transforman nunha aventura. Nada impide o desenvolvemento dunha vida plena cando comparten afecto.



kalandraka

Maremar

9788413430300

2021

3 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

SAÚDE E BENESTAR | *Guía didáctica* | *Primeiras lecturas*

Os bolechas. Mireia conta que é o dano cerebral adquirido

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro



A través de Mireia coñecemos persoas que sofren dano cerebral adquirido, as causas da enfermidade e as súas secuelas, así como algúns consellos para relacionarnos coas persoas que as sofren.

bolanda

Guías

978-84-19219-22-0

2022

SAÚDE E BENESTAR | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Paco corazón de porquiño e os monstros diminutos

Simone Frasca

Simone Frasca

Raquel Mosquera García



Paco ten mal alento e chéiralle o sobaco. Pero isto non é suficiente para espantar aos virus e xermes. Terá que usar xabón e cepillo se quere derrotalos.

Picarona

9788491455455

2022

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A árbore dos vagalumes

Xulia María Barros Villar

Diego Salgado Trabanca



Historia protagonizada por un avó e o seu neto que fala dos coidados a través do simbolismo dos vagalumes e dunha arbore marabillosa. O avó está perdendo as lembranzas; faino fronte a San Simón: a illa da memoria.

Belagua

9788412143348

2020

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A cidade do átomo

Iria Misa

Sonia García



Historia ambientada na cidade de Prípiat, tras o desastre ecolóxico de Chernóbil. Está protagonizada por Lena que non se adapta á nova situación que lle toca vivir, sen a súa nai e a súa mellor amiga.

XERAIS

Merlín

9788491219613

2021

ODS 7

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

As cicatrices do caranguexo

Irene Alonso Gasalla

Irene Sanjuán

Os pais de Nico e Bruno teñen que enfrontarse ao temido Capitán Cancro, unha loita que non vai ser doada e que vai deixar feridas abertas, pero que poderá ser librada con moitos aloumiños.



XERAIS

Merlín

9788491219118

2021

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

A tropa contra o virus

Alberto Avendaño

Gogue

A doutora Peralta, Monchiña e Floreano forman equipo para loitar contra a pandemia xerada polo coronavirus pola zona das Rías Baixas ata Santiago de Compostela.



XERAIS

Camaleón

978-84-9121-744-2

2020

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Chamádeme Simbad

Francisco Castro

Primitivo Marcos

O avó é un pirata que non lembra nada. Paulo, un mariñeiro que vive as aventuras con el. Unha nube de desmemoria cóbreo todo na mente do avó. Hai piratas en forma de adultos que non entenden nada. Só Paulo, coa súa ollada de neno, pode entender o avó...



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

9788498651478

2009

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Doutor Rus

Gloria Sánchez

Pablo Prestifilippo

Rus é un doutor que ten un gran recoñecemento na súa profesión e entre os seus pacientes, que esperan horas á cola da súa consulta para ser atendidos por el.



rodeira

Tucán Verde

9788481163100

1995

3 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

SAÚDE E BENESTAR | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Jack e a Morte

Tim Bowley

Natalie Pudalov

Charo Pita

A nai de Jack está doente e a Morte anda o seu redor. Jack despregará toda a súa astucia para poder atrapala.



OQO editora

Q

9788498713671

2012

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Mamá vive en min

Rosario Baleirón Soñora

Estefanía Padullés

A historia céntrase no duelo ao que se ten que enfrontar Martiño trala morte da súa nai, despois de non superar a enfermidade do cancro.



Hércules de Ediciones

Nuevas Lecturas de Hércules

978-84-18966-21-7

2021

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O corazón da maxia

Xavier Estévez

Santy Gutiérrez

A protagonista da historia, Laura, sofre unha grave enfermidade que a leva a estar hospitalizada. Alí fará amizade cunha nena etíope, con quen compartirá máis que a habitación do hospital.



Editorial Galaxia

Merlín

9788499148199

2015

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O neno inverno

María Canosa

María Lires

Un neno albino ha de convivir coa situación de ser diferente. El é consciente das súas limitacións físicas e do especial coidado que debe pór en cada acción, pois é extremadamente sensible a determinados axentes climatolóxicos, sobre todo á calor, por iso adora o inverno.



Editorial Galaxia

Árbore

9788491510178

2016

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O segredo de Al'eume

Pilar Ortega Pereiro

Xiana bota man á imaxinación para paliar os gastos médicos que a súa irmá necesita tras sufrir un accidente de bicicleta.



cuarto de inverno

Xuvenil
987-84-124586-0-2
2021

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Ás veces quero morrer coa risa

Birgit Schliepar, Nina Stahl

Patricia Buján Otero

Con dezaseis anos ao protagonista desta historia comunícanlle que ten una enfermidade terminal. Chegan entón as preguntas, as reflexións ante este feito e resolver que sentido quere darlle á vida que lle falta por vivir.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste
978-84-9865-475-2
2013

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Dióxenes

Pablo Albo

Pablo Auladell

Carlos Acevedo

O protagonista, que leva por nome Dióxenes, e a súa familia teñen o costume de ir recollendo por aí cousas e levalas para á casa. Todos, tanto os seus pais, como os seus irmáns e os seus avós e mesmo un tío carteiro cren ser coleccionistas.



Kalandraka

Sete Leguas
978-84-8464-732-4
2010

SAÚDE E BENESTAR | *Novela gráfica* | *Lecturas expertas*

Engurras

Paco Roca

Paco Roca

Isabel Soto

Emilio, xa xubilado vai ser internado pola súa familia nunha residencia de anciáns porque está diagnosticado de alzhéimer. Pouco a pouco o lector irá acompañándoo nesa perda da memoria.



El Patito Editorial

9788493943400
2017

3 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Memoria contra Alzheimer

Rafael Laso Lorenzo

O protagonista, consciente de que empeza a esquecerse das cousas, trata de enfrontarse ante esta realidade como se dunha partida de xadrez se tratara.



XERAIS
Fóra de xogo
9788497826914
2008

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Os nenos da varíola

María Solar

Historia baseada nun feito real, acontecido no ano 1803, no que un grupo de vinte e dous nenos orfos, viaxarán a América coa vacina de varíola. Eles forman parte da Expedición do doutor Balmis e da enfermeira Isabel Zendal.



EDITORIAL GALAXIA
Costa Oeste
9788491510260
2017

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Súper Ulex

Susana Sánchez Aríns

Clara, despois de pasar por una grave enfermidade, trata de recuperar á normalidade da súa vida, pero xa nada é igual que antes. Converterase en SuperUlex para buscar ás forzas que lle faltan e tratar de combater ás inxustizas que a rodean.



cuarto de inverno
Xuvenil
9788412160420
2020
ODS 5

SAÚDE E BENESTAR | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Todo vai ir ben

Silvestre Gómez Xurxo

A nai de Minia está pasando por un cancro. Con case quince anos, atopa no seu peluche o confidente que lle axudará a reflexionar sobre o que está acontecendo e encarar a vida ante situacións tan adversas.



XERAIS
Fóra de xogo
9788497822589
2005

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Un elefante na sala de estar

Berta Dávila

A morte por suicidio de Rosa acontece unha mañá de outono, mentres o seu home está no traballo e os seus fillos adolescentes acoden ao instituto como un día calquera. Na súa ausencia, as voces das persoas que a querían contan quen era.



XERAIS

Fóra de xogo
978-84-1110-086-1
2022

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Un fillo

Alejandro Palomas

Guille aparentemente é un neno e leva unha vida que semella feliz; pero por debaixo diso hai problemas que están sen resolver.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste
978-84-9151-552-4
2020

SAÚDE E BENESTAR | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Un monstro vén a verme

Patrick Ness

Xesús Fraga

Os pais de Connor están separados e a súa nai está enferma de cancro. O medo apodérase do neno, pero irá superándoo pouco a pouco, grazas á visita dun monstro e ás historias que lle conta.



FAKTORÍA K DE LIBROS

978-84-16721-56-6
2016

SAÚDE E BENESTAR | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Vida sá! : desde a infancia e para sempre

María Corbacho Moreno

Enrique López López

Rosario Baleirón Soñora

Un manual para mellorar dende cativos a nosa alimentación e estilo de vida tanto a nivel físico como emocional.



HÉRCULES DE EDICIONES

Preparados, listos... xa!, 3
9788494650253
2017

3 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

E TAMÉN...

A folla azul

A avoa ten unha menciña

Elvira

Eu son eu

Eu curareite, dixo oso pequeno : a historia de como unha vez tigre pequeno se puxo enfermo

Novo Mundo: Isabel Zendal na Expedición da Vacina

O asubío do avó

O bosque do duque's – Hertogendosch

O cazador de estrelas

O elefante que perdeu a memoria

Que lle acontece á avoa?

Trece anos de Branca

Un avó especial

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Teatro* | *Primeiras lecturas*

A nena que quería navegar

Álex Sampayo e Borja F. Caamaño

Rodrigo Chao



redrum teatro

9788461743179

2017

A Nena, albo das mofas dos seus compañeiros, foxe da escola coa intención de non volver a ela. Mais atopará a Xeadeiro, quen a base de adiviñanzas, xogos e cancións, devolveralle a autoestima perdida. Ensinaralle que dentro de cada un de nós agóchase un ser único e especial e que só crendo nas nosas capacidades seremos quen de acadar todo o que nos propoñamos.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

A reconquista

Antía Yáñez

Ana Pedreira



BAÍA EDICIÓNS

9788499952970

2018

No patio do colexio de Lúa unha invasión diaria deixa a moitas nenas e nenos sen espazo para desfrutar do seu tempo de lecer. Mais, grazas á súa tenacidade, Lúa pon en marcha unha pequena onda que rapidamente se converte nun tsunami de solidariedade.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Cando leo

Eva Mejuto

Bea Gregores



XERAIS

Pequeno Merlín

9788411100731

2022

Emotiva homenaxe á lectura e ao seu poder para transformar o mundo. Un álbum no que palabras e imaxes constrúen metáforas cun poder motivador.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Canto te quero, profe!

Paloma Rodríguez e Cristina Justo

Spela Trobec



ee edicións embora

A igualdade conta

978-84-95644-50-6

2013

ODS 5

Este é o primeiro día de Nicolás no colexio de maiores. Nicolás repasa todas as cousas divertidas que fai no cole e cóntanos o moito que quere ao seu profe que, contra o máis común en Educación Infantil, é un varón.

4 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

gálix

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

O lapis de Rosalía

Antón Cortizas

David Sierra



XERAIS

Merlín

9788499149271

2015

Cando Rosalía ten que escribir no colexio, o seu novo lapis non escribe o que dita a profesora. A profesora acaba dándose conta de que é o lapis o desobediente e non a nena. Aos seus compañeiros de clase encántalles o lapis. No recreo, Rosalía tenta escribir o marabilloso que é ter un lapis que escribe o que quere. O lapis escribe o agradable que é estar na man dunha nena de seis anos.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Banda deseñada* | *Primeiras lecturas*

Os Bolechas. O autobús escolar

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro



A NOSA TERRA

Os Bolechas en Banda deseñada

978-8483412442

2008

Braulio ten moito sono e os irmáns Bolechas acaban perdendo o autobús escolar. Menos mal que pasa pola parada a nai dunha compañeira e conseguen meterse no seu coche que, por certo, xa ía a tope. Ata que queda sen gasolina. Entón cámbianse para o do pai doutro compañeiro: un camión de formigón, que vai batendo polo camiño e fai que todos os viaxeiros treman.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa/Banda deseñada* | *Primeiras lecturas*

Os Bolechas queren saber... como é un día de escola

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro



A NOSA TERRA

Os Bolechas queren saber

9788496403109

2004

Como é un día de escola para os Bolechas; que debe facer un neno despois de tomar o almorzo, como debe comportarse na escola, que debe facer despois de ir á escola; un conto ilustrado con cousas que os nenos deben ter moi presentes.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Os Minimortos. Escola de salvaxes

Ledicia Costas

Mar Villar



XERAIS

Sopa de Libros

9788491219071

2021

Os Minimortos prefiren xogar, divertirse, facer trasnadas, pasalo xenial a ir á escola e estudar. Mais cando aparece a mestra Sinistra, ela teima en que vaian ao colexio e os Minimortos non pararán ata descubrir cales son as súas verdadeiras intencións.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Álbum ilustrado / Poesía* | *Primeiras lecturas*

Ratos na escola

Oli (Xosé Manuel González Barreiro)

Natalia Colombo

Enlazando palabras e versos, unha divertida aventura para volver ao colexio e gozar con todo o que podemos facer e aprender nas súas aulas: xogar, ler, pintar, crear música...



kalandraka

Demademora

9788496893931

2021

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Ti tamen, Inés!

Teresa Sabaté i Rodiè

Carme Solà Ortega

Inés, unha nena que andaba de aquí para alá vendendo cousas, recollendo olivas... e non ía moito á escola é a nova veciña de Xeila. Ela tamén ten dereito á educación!



BAÍA EDICIÓNS

Os dereitos do neno e da nena

9788496893931

2008

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A escola dos piratas

Agustín Fernández Paz

Luís Filella

A escola de Marta metamorfoséase nun barco pirata gobernado pola imaxinación, a fantasía e a liberdade. Unha alegación do autor a favor dunha escola renovadora.



rodeira

Tucán Laranxa

9788496352100

2005

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A lagoa das nenas mudas

Fina Casalderrey

Patricia Castelao

Amina, unha nena nixeriana inmigrante, comeza a ir á escola. Imos coñecendo a súa relación co profesorado, cos compañeiros e especialmente con Ío, unha nena xordomuda cuxa actitude mostra que a posibilidade da comunicación está por riba das palabras.



XERAIS

Sopa de Libros

9788498653915

2007

4 Literatura infantil e xuvenil galega

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A nena lectora

Manuel Rivas

Susana Suniaga

A nena debe aprender a ler, porque seu irmán que era quen sabía tivo que fuxir por protestar contra a guerra de África. Agora, a nena vai á escola disfrazada de neno, cando aprenda leralle á súa nai enferma e tamén ás mulleres da fábrica de tabacos para que podan soñar.



XERAIS

Pequena memoria

978-84-1110-001-4

2021

ODS 5

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Brian, o Chinés

David Daniel Vázquez Álvarez

Andrés Meixide

As circunstancias, con luces e sombras, de Brian, un neno con síndrome de Down, dende os seus primeiros anos na escola ata a súa adolescencia. Brian vai sentíndose parte dun grupo (amigos, mestres, familia...) no que se atopa cómodo e co que vive grandes experiencias. Mais ás veces debe enfrontarse a situacións problemáticas que van cambiar o rumbo dos seus días.



ee edicións embora

O Globo

9788416456604

2018

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Catro plumas de dinosauro

Rosa Aneiros

Xulia Pisón

Xoel, apaixonado dos dinosauros, durante unha excursión escolar ás Fragas do Eume atopa dinosauros de verdade. Aí comeza unha extraordinaria aventura na que contará coa axuda de Diana, Matilde e Carlos, o máis malote da escola.



XERAIS

Merlín

9788411100755

2022

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Cinco horas con Mauro

Pere Tobaruela

Andrés Meixide

Mauro, farto de que catro compañeiros de clase lle fixeran a vida imposible, trama un plan para solucionar a situación. Unha historia ao redor do acoso.



ee edicións embora

O Globo

9788416456185

2015

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Ensaio* | *Lecturas autónomas*

Douche a miña palabra

Fran Alonso

Bea Gregores

O autor trata de inculcar o amor pola lectura e a escritura a partir da súa experiencia como difusor da lectura entre os máis novos, tamén aborda a importancia que ten o acceso á cultura para os rapaces e rapazas dos países pobres.



XERAIS

Sopa de Libros

9788491218869

2021

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Mar adiante

María Victoria Moreno

Manolo Uhía

O Arroás é un barco escola onde se aprenden moitas cousas que non veñen nos libros. O autora avoga por unha educación innovadora en contacto coa vida e as emocións.



XERAIS

Merlín

9788499140070

2009

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O monstro das palabras

María Reimóndez

Iván Sende

Narración que provoca unha reflexión sobre o valor do patrimonio da lingua propia e a necesidade de defendela dos que a atacan.

Cando Alba e Lela chegan á escola atopan aos seus compañeiros como mudos. Chega a mestra que é, ante todo, unha gardadora de palabras...



XERAIS

Merlín

9788499140513

2009

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Plan de rescate

Antía Yáñez

Xiana Teimoy

Xiana, Héitor, Aldán e Noela están traballando, na aula de apoio da súa escola, cando desaparece a profe Xoana. Unha historia, cunha boa dose de compañeirismo e traballo en equipo, que demostra que a diversidade é enriquecedora e que o que alguén chama dis-capacidades non existen, senón que moitas veces significan outras capacidades.



XERAIS

Merlín

9788491217480

2020

ODS 5 e 10

4 Literatura infantil e xuvenil galega

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Ti non xogas!

Silvestre Gómez Xurxo

Anxo Fariña

A Suso non lle deixan xogar ao fútbol co resto dos rapaces. Está sentado nun chanzo da escaleira do patio da escola. Está aburrido e amolado. Cando quería xogar Róber chimpoulle: "Ti non xogas!" A Rober ninguén lle dixo que todos poden xogar e ninguén ten dereito sobre os demais.



XERAIS

Merlín

9788499142050

2011

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

A balada dos unicornios

Ledicia Costas

Mónica Armiño

A Escola de Artefactos e Oficios é un tanto especial, acolle os mozos e mozas que crean casas motorizadas ou sombreiros voadores.

Ágata McLeod é unha das mellores alumnas, pero hai moitas cousas que descoñece da institución... e do seu pasado.



XERAIS

Camaleón

9788491214052

2018

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

A banda sen futuro

Marilar Aleixandre

Carlota, de dezaseis anos, debe facer amigos no seu novo instituto. Non lle resulta nada fácil tendo o cabelo rapado ao cero e sentíndose como un cero á esquerda. Carlota non entende por que os seus pais a obrigan a ir a clase.



XERAIS

Fóra de xogo

9788483024713

2000

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

A lingua das bolboretas

Manuel Rivas

Miguelanxo Prado

A curiosidade pola vida dos animais forxa unha profunda amizade entre Gorrión, un tímido neno de seis anos, e don Gregorio, o seu mestre. Unha amizade quebrada pola barbarie da Guerra Civil.



XERAIS

9788482888743

2005

EDUCACIÓN DE CALIDADE | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

A malvada María Xosé

Miguel Vázquez Freire

Xosé M. Collazo



XERAIS

Merlín

9788497824989

2006

María Xosé estuda nun instituto da Coruña. Na súa clase está Viri, afeccionada ás novelas de pandas.Viri monta unha panda, xunto con varios nenos e outras dúas rapazas da clase. María Xosé decide gastarlles unha broma para acabar coas ganas de aventura que teñen. Ao final terá que intervir a policía para poñer fin a unha broma de considerábeis consecuencias.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

A Pomba e o Degolado

Fina Casalderrey



XERAIS

Fóra de xogo

9788499147956

2015

André está a pasalo mal no instituto. Nos recreos Héctor Solla e Raúl Pernas, uns malotes, fanlle a vida imposible a el e a súa compañeira Halima Atif. Na casa, onde tamén se viven tempos complexos, André atopará acougo ás súas coitas facéndose cargo dos paxaros do seu avó e chateando, baixo o nick de "Degolado", con "Pomba", unha amiga cibernética que o axudará a confiar na xente.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

As palabras poden matar

Marcos Calveiro



XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9914-811-3

2015

ODS 16

A colonia Suevia está tomada pola mafia e os seus sicarios; ninguén denuncia a situación porque a vida está nas súas mans. Os rapaces acoden á escola do mestre Abimael pero... o seu papel tampouco semella transparente.

EDUCACIÓN DE CALIDADE | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Esta noite hei de ir a verte

Beatriz García Turnes



XERAIS

Costa Oeste

978-84-9151-645-3

2021

Sabela chega á súa primeira escola. Alí vai atopar unha realidade coa que non contaba: unha casa abandonada, luces misteriosas, unha alumna inquietante, uns amores truncados e as feridas do pasado que continúan abertas. A memoria da guerra continúa presente.

4 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O conserxe

Xosé Luís Vázquez Somoza

A vida nun IES vese alterada diante da aparición do cadáver dunha alumna. Non conforme co resultado das investigacións oficiais o propio conserxe trata de esclarecer o sucedido. Unha visión excitante do mundo académico coa implicación de todos os membros da comunidade educativa.



XERAIS

Fóra de xogo
9788491216933
2021

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O que sei do silencio

Andrea Maceiras

Historia que afonda dende voces diversas na xénese, desenvolvemento e consecuencias dun caso de acoso escolar. Delia converteuse en acosadora pasiva de Silke, unha rapaza inocente de 3º da ESO. Mirar para outro lado ou calar é unha maneira de favorecer o acoso.



XERAIS

Fóra de xogo
9788491214021
2018

EDUCACIÓN DE CALIDADE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Xograres dun tempo novo

Pepe Carballude

Beatriz García Trillo

Francisca Porta, diante do autorretrato de Agustín Llaneza, compañeiro paseado durante a guerra civil, lembra as súas andainas coas Misións Pedagóxicas, que tentaron paliar as diferenzas de oportunidades culturais existentes, desde sempre, entre o rural e o urbano.



editorial everest

Punto de Encontro
9788440311184
2009

E TAMÉN...

- *48 horas*
- *A biblioteca de Pedrarcana*
- *A mestra corremundo*
- *As palabras feridas*
- *Coidamos a escola, coidamos o planeta*
- *Leonardo e os fontaneiros*
- *Noite de voraces sombras*
- *Pequena biografía de Ángela Ruiz Robles*
- *Pequena biografía de Daría González*
- *Pequena biografía de Ernestina Otero*
- *Os Metrosiderais*
- *Unha historia de amor. Pequena biografía de María Victoria Moreno*
- *Xa non estou aquí*
- *Xenaro e o misterio da mochila verde / Xenaro e a hucha do indiano*

IGUALDADE DE XÉNERO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Adela Turín

Adela Turín

Nellan Bosnia

Eva Almazán e G. Tolentino

Artur e Clementina, *Rosa Caramelo*, *Unha feliz catástrofe* e *A historia dos bonobos con lentes* son nunha serie de obras de referencia para a coeducación e a igualdade.



Kalandraka

Tras os montes

9788484647850
9788484647997
9788484648871
9788484648321

2012 – 2014

IGUALDADE DE XÉNERO | ***Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

A pita xefa

Marta Lado

Marina Seoane

Rosario Baleirón Soñora

A protagonista desta historia é unha pitiña que quere pensar e decidir por si mesma e que non acepta as regras do galiñeiro no que o xefe é o galo.



BAÍA EDICIÓNS

978-84-9995-381-6

2021

Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (2021)

IGUALDADE DE XÉNERO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A princesa Sabela

Cornelia Funke

Kerstin Meyer

María Xesús Bello

Unha mañá, cansa de ser unha princesa, decide guindar a súa coroa ao estanque dos peixes. O rei, como castigo, ordena que Sabela traballe na cociña de palacio e no cortello dos porcos. Que divertido! Nunca fora tan feliz!



XERAIS

9788499142128

2011

IGUALDADE DE XÉNERO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Daniela pirata, Daniela e as mozas piratas, Daniela pirata e a bruxa Sofronisa

Susana Isern

Gómez

Unha serie na que é protagonista a pirata Daniela e as súas aventuras.



nubeOCHO

Egalité

9788417673666
9788418133633
9788418133893

2020 – 2022

5 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Lila Lilaina

Ana Pillado Vega

Ana Pillado Vega

Os tres libros da colección, *Roi quere ser mamá*, *Carlota e o Príncipe azul* e *Azul e Rosa* buscan rachar os estereotipos de xénero.



A NOSA TERRA

Lila Lilaina

978-84-8341-066-0
978-84-8341-065-3
978-84-8341-064-6

2008 - 2009

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

O libro dos porcos

Anthony Browne

Anthony Browne

Xosé Manuel González Barreiro

A señora Porcón non paraba de traballar, mentras o home e os fillos, que non facían nada, sempre estaban pedindo algo. Un libro onde se fala da necesidade da corresponsabilidade das tarefas domésticas e da igualdade entre homes e mulleres.



kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-571-9

2006

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

O país do gran furado

Xerardo Quintiá

Noemí López

MAXI-miliano é un tirano que impide a máis mínima libertade ás mulleres do seu país. A poeta rockeira Toribia consegue mudar a situación e facer unha sociedade igualitaria.



BAÍA EDICIÓNS

Conto x Conto

978-84-9995-324-3

2019

Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (2019)

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Once damas atrevidas

Xosé Manuel González 'Oli'

Helle Thomassen

Nesta adaptación rimada dun conto popular, as once damas parten nunha viaxe arredor do mundo, visitando diferentes lugares e culturas e en cada parada vai ficando unha dama ata chegar a Galicia.



kalandraka

Os contos do trasno

978-84-8464-085-1

2002

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Temos talento!

Hannah Whitty

Paula Bowles

Raquel Mosquera



Picarona

978-84-9145-525-7

2022

Un libro para aprender a apreciarse tal como é cadaquén, máis aló do aspecto físico e das habilidades socialmente valoradas.

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A cazadora de estrelas

María Canosa

Dani Padrón



XERAIS

Merlín

978-84-9121-191-4

2017

Megumi é a mellor cazadora de estrelas. Cuestiónase o reparto de roles e a necesidade de quebrar a ideoloxía dunha sociedade patriarcal. A protagonista vai buscar a xustiza con intelixencia.

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A princesa Lúa e o enigma de Kian

Palmira G. Boullosa

Mª Fe Quesada



XERAIS

Merlín

978-84-7507-480-1

1988

Unha pequena princesa orfa recibe unha formación estraña para a súa época, pois nela dominan os criterios de igualdade. A historia difire tanto da tradición que é ela quen salva ao mozo, e non á inversa.

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

As mulleres que cultivaban néboas

Bea Gregores

Bea Gregores



XERAIS

Pequeno Merlín

978-84-1110-109-7

2022

ODS 16

Unha rapaza relata as súas vivencias nunha familia cun pai violento e abusón e unha nai protectora. Elas as dúas van ter que marchar da súa propia casa para vivir con outras mulleres que padeceron problemas similares.

5 Literatura infantil e xuvenil galega

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

As músicas viaxeiras

Ramón Caride

Dani Padrón



XERAIS

Merlín

978-84-9121-962-0

2021

Aínda en tempos remotos, non todas as mulleres se resignaban ao seu destino nin todas as princesas se conformaban con non poder ver o mundo cos seus propios ollos. A pesar de que había homes ruíns nas encrucilladas, nas tabernas e nos pazos, tamén había mozas que loitaban para poderen ser elas en liberdade. E mozos dispostos a saír do camiño marcado.

IGUALDADE DE XÉNERO | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

Donas de nós

Ánxela Gracián

Dani Padrón



BAÍA EDICIÓNS

978-84-9995-406-6

2022

Morgana asume como misión propia que as mulleres sexan donas de si. Coa colaboración do mago Merlín, axudará a Mendiña, unha moza que vive recitando os seus poemas polo Camiño a Compostela, na súa aventura cun Príncipe que lle pide matrimonio.

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Lagarta, lagarta

Elvira Ribeiro Tobío

Sofía Venzel



EDITORIAL GALAXIA

Álbum ilustrado

978-84-9151-908-9

2022

Trátase do encontro entre a historia dunha lagarta e o dunha moza á que chaman lagarta en plan despectivo. O tema principal desta obra infantil é a reivindicación da voz propia das mulleres, contestando ás voces que pretenden minusvaloralas. Libro orixinal que se pode ler nun ou noutro sentido.

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Mamá, quero ser Ziggy Stardust

Iria Misa

Alba Barreiro



XERAIS

Sopa de libros

978-84-9121-415-

2018

Trata da transexualidade e as dificultades ás que enfrontarse: os sentimentos de culpa e a rebeldía da persoa protagonista, a incomprensión da sociedade en xeral, os problemas que xorden na familia e no centro educativo... ao fin: o proceso de construción da propia identidade.

IGUALDADE DE XÉNERO | *Biografía* | *Lecturas autónomas*

Pioneiras: galegas que abriron camiño, Pioneiras 2. galegas que abriron camiño

Anaír Rodríguez

Nuria Díaz / Abi Castillo



Retallos de biografías de mulleres galegas que foron pioneiras nalgún eido da sociedade, abrindo camiño para outras que chegaron tras elas. Modelos necesarios para as rapazas.

XERAIS

Pioneiras. Galegas que abriron camiño

9788491213109

978-8491214649

2018 - 2019

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Pippi Mediaslongas

Astrid Lindgren

Ingrid Vang Nyman

David A. Álvarez



As aventuras e extravagancias dunha nena rebelde, simpática e extravertida, que vive soa cun cabalo e un mono. Orfa de nai e co pai lonxe, Pippi sobrevive con alegría, asertividade e determinación.

Nesta serie inclúese: *Pippi Mediaslongas*, *Pippi Mediaslongas embarca* e *Pippi Mediaslongas nos mares do Sur*.

kalandraka

Sete Leguas Especiais

9788484643395

9788484644231

9788484644880

2017 - 2020

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Tres bichicomas, dúas illas e unha serea

Rosa Aneiros

Abi Castillo



Unha nena (moi decidida) e dous nenos andan á busca de aventuras e o mar tráelles o que eles toman por unha serea. O verán descubriralles outras realidades como a dos refuxiados e o exercicio da solidariedade.

XERAIS

Merlín

978-84-9121-568-4

2020

Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade (2018)

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Xela volveuse vampira!!

Fina Casalderrey

Noemí López



Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubrilo.

BAÍA EDICIÓNS

Contos da igualdade

978-84-9995-029-7

2011

5 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

A cabeza de Medusa

Marilar Aleixandre

As dúas protagonistas do libro sofren unha violación. Lonxe de seren coidadas e apoiadas, debátense entre a necesidade de denunciar ou evitar ser xulgadas pola sociedade, que lles quere impor outro estigma co que cargar nas súas costas.



XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9914-098-8

2010

ODS 16

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Calpurnia Tate

Anaír Rodríguez

Carlos Acevedo

Calpurnia é a única muller de sete irmáns. Ela racha as expectativas sociais, pasando o tempo co seu avó, un naturalista seguidor de Darwin. A rapaza, que se centra na ciencia no primeiro dos libros, pasa o foco á veterinaria e o coidado dos animais, no segundo. Intereses que non semellan os adecuados para unha señorita de 1900.

A mesma serie: *A evolución de Calpurnia Tate* e *O curioso mundo de Calpurnia Tate.*





kalandraka

9788415250456

9788416721177

2013 - 2018

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Denébola a Roxa

Héctor Cajaraville

No século XVII, Denébola é enviada a un convento. Mais ela decide tomar as rendas da súa vida, aínda que iso a leve a latitudes e oficios moi diferentes ao agardado.



BAÍA EDICIÓNS

Meiga Moira

978-84-9995-210-9

2016

IGUALDADE DE XÉNERO | *Teatro* | *Lecturas expertas*

Dormente

Raquel Castro

Laura Veleiro

Unha parodia que lles dá a volta aos contos clásicos: dous detectives investigan o sono da princesa e buscan o meigallo ou pezoña que a ten a durmir. Neste caso, os personaxes revélanse contra o seu rol tradicional.



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

978-84-9151-584-5

2021

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta

Ledicia Costas

Jules Verne chega a Vigo seguindo a pista das misteriosas mulleres planta. Na botica do señor Philipot descubre que Violeta e Melisa, a neta e maila muller do boticario, pertencen á antiga extirpe de mulleres sabias. Unha historia de aventuras, amor e liberdade.



XERAIS

Fóra de xogo
978-84-9121-070-2
2016

Lazarillo (2015)

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Os diarios de Carlota

Gemma Lienas

A través do formato de diario recóllense as experiencias sexuais dunha adolescente que está a descubrir o mundo. No diario violeta Carlota recibe, da súa avoa, a encomenda de observar o mundo cunhas lentes de cor violeta, é dicir, dende unha óptica feminista e igualitaria.

Axiña vai entender, que hai moitísimas situacións que tomamos como normais cando, en realidade, son todo un exercicio de discriminación e inxustiza.

A mesma serie: *O diario vermello de Carlota* e *O diario violeta de Carlota*.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste
9788482888699
9788498653359
2006 - 2011

IGUALDADE DE XÉNERO | *Álbum ilustrado* | *Lecturas expertas*

Palabras envelenadas

Maite Carranza

Ricardo Fernández Sabín

Bárbara Molina desapareceu hai catro anos. Quen a ten secuestrada? A novela denuncia os abusos sexuales na infancia e a súa invisibilidade por mor de prexuízos e convencións sociais.



rodeira

Periscopio
978-84-8349-254-3
2010

ODS 16

IGUALDADE DE XÉNERO | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

Persépole

Marjane Satrapi

Marjane Satrapi

Eva Carrión del Pozo

Un relato autobiográfico sobre a infancia da autora en Irán, que é a súa vez, o excelente testemuño histórico dun pobo e unha época. Un cómic de referencia en relación á situación da muller noutros países.



rinoceronte editora

Novela gráfica
978-84-92866-26-7
2011

5 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

gálix

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Rapazas

Agustín Fernández Paz

Seis relatos con protagonistas femininas, na etapa adolescente. A través das historias faise visible a discriminación dos mulleres nos diferentes ámbitos e a necesidade de rematar con esa situación.



XERAIS

Fóra de xogo

978-8483029626

2003

IGUALDADE DE XÉNERO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Viaxes en trens de primeira clase

Dani Torrent

Dani Torrent

Josep María Teixell

Clementina é unha moza á que a guerra e a morte do pai arruínan os seus plans de futuro. Cos seus últimos cartos realiza unha viaxe en tren na que coñecerá a tres cabaleiros moi ricos que lle propoñen matrimonio... Un xiro inesperado, converte esta fábula nunha historia de autocoñecemento e empoderamento feminino.



triqueta editora

+triqueta

978-84-18687-36-5

2022

E TAMÉN...

- *A boneca de Lucas*
- *Aplicación instantánea*
- *A guerra das bruxas*
- *Aleida. Cidade sen alma*
- Colección: *"A igualdade conta"*
- Colección: *"Contos da igualdade"*
- Colección: *"Mulleres bravas da nosa historia"*
- Colección: *"Mulleres galegas"*
- *Desmontando o corpo, construíndo a ciencia: as xemelgas Fernández de la Vega*
- *Emilia Pardo Bazán: unha mente poderosa*
- *Femenino singular, en plural*
- *Guerreiras de lenda*
- *Historia das mulleres galegas: das marchas nómades á Marcha mundial das mulleres*
- *María Casares. A impaciencia por vivir*
- *María Pita e o pirata : o valor dunha heroína*
- *Moda galega*
- *Non hai luz sen escuridade*
- *Non (a todas as nenas lles gusta o rosa)*
- *Ola, estúpido monstro peludo*
- *O segredo da Pedra Figueira*
- *Penúltimas tendencias*
- *Supremas, mozas mitolóxicas*
- *Voces de auga*

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A billa de Xoán

Café Roma

Pablo Álvarez Rosendo



Nova Galicia edicións
978-84-96950-64-1
2007

O respecto polo medio ambiente, polo noso patrimonio natural, é un dos valores que transmite esta historia, que pretende concienciar a nenas e nenos para o uso dun recurso de vital importancia na supervivencia do ser humano: a auga.

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A gotiña viaxeira

Toño Núñez

Miguel Anxo Macía



EDICIÓNS FERVENZA
978-84-17094-46-1
2018

As aventuras dunha gotiña de auga que, durmida un día na praia evapórase e perde ás súas compañeiras. Inclúe cd audiovisual con imaxes, narración e canción.

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

A pinga de choiva

Alfredo Gómez Cerdá

Víctor Moreno

Francisco Xavier Frías Conde



Bruño
Altamar
978-84-216-6332-5
2009

Ás veces o ceo cóbrese de nubes escuras. Vénse lóstregos e séntense tronos de moi lonxe. Toda a xente pensa: «Boa bátega vai caer!» Mais só caen catro pingas. Este libro é a historia desas catro pingas e, sobre todo dunha delas.

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Dona Landra no río revolto

Alberto Varela Ferreiro

Alberto Varela Ferreiro



XERAIS
Merliño
978-84-9782-979-3
2009

ODS 12

No río cada ano hai máis porcallada: plásticos, latas ferruxentas, pneumáticos, lavadoras... Os animais como a garza, o salmón, a lamprea, a troita, o parruliño, a libeliña, a lontra ou a donicela estanse afacendo a vivir con todo isto...

6 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Era unha vez a orixe das sereas

Beatrice Blue

Beatrice Blue

Iolanda Mato



triqueta editora
978-84-18687-03-7
2021

Todo empezou unha vez nunha lagoa máxica cun cativo chamado Teo que adoraba coleccionar peixes. Un día atopou unha criatura diminuta dentro dunha fermosa burbulla. Levouna para casa, mais na peixeira empezou a languidecer. Por sorte, Teo descubriu a maneira para que a súa nova amiga se sentise ben.

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Na ribeira

Petra Bartiková

Marcel Králik

María Reimóndez



BAÍA EDICIÓNS
978-84-999-5332-8
2020

A través deste álbum troquelado os lectores e lectoras coñecerán os distintos hábitats acuáticos, os seres vivos que habitan neles e necesidade da auga para a supervivencia.

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Nube de neve

Xabier P. Docampo

Xosé Cobas



oqueleo
Amarela
978-8416834600
2017

Oria agacha no conxelador da súa casa o segredo das nevaradas. Rouboulle ó ceo unha gran nube de neve para poder dispoñer das folerpas ó seu antollo. ¿Poderá vestir de neve os dias de sol?

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Poesía* | *Primeiras lecturas*

O paraugas dameaugas

Anxo Moure Mosquera

Cristina Ouro Gomez



urco EDITORA
Amarela
978-84-15699-53-8
2014

Sobre as augas e a súa necesidade, sobre o respecto á natureza e a tradición popular. Un discurso pola defensa do patrimonio natural e cultural, xunto coa mensaxe de que a chuvia é portadora de bens.

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Unha gota é un océano

Llerena Perozo Porteiro

Fran Muñiz

Manual de bo uso da auga que pon en valor a importancia e a necesidade de facer un emprego responsable, empezando polo coñecemento do seu valor, para non desperdiciala.



AUGA EDITORA

978-84-947801-3-4

2018

ODS 12

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Viaxes de Inverno

María Canosa

Dani Padrón

Todos os invernos son diferentes, pero a esencia do inverno ben se podería concentrar nunha pinga, coma o que aquí se recrea, para viaxar con ela polas estacións do ano e polas paisaxes do mundo.



editorial everest

Rañaceos

978-84-403-1223-5

2013

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

O país acuático

Eduardo Alonso

Unha obra de teatro ao redor da auga e a utilización comercial da mesma.



EDICIÓN DO CASTRO

Teatro para nenos

978-84-8485-011-3

2001

Mención especial do premio estornela de Teatro para a Infancia

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

O río e a lagoa

Steve Parker

Valentín Arias López

Libro que achega información relacionada co hábitat da auga doce, documentando todo o relacionado cos ríos e as lagoas.



ediciones Altea

Biblioteca Visual

978-84-372-3732-9

1990

ODS 12

6 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A auga está enferma

Miquel Obiols

Óscar Villán

Xoán Couto

A auga non quere saír da billa, négase a entrar no vaso... semella que toleou, ou é que a toleamos nós? Un elemento natural tan importante coma a auga ha de estar san, para que o planeta sobreviva.



kalandraka

Seteleguas

978-84-8464-109-4

2001

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Memorias dun río

Antón Cortizas

Fernando García

O río Runxidoiro é o protagonista destas páxinas.El vainos contar o que foi acontecendo, nas súas augas, ao longo do seu percorrido polos diferentes lugares.



Galo blanco edicións

Xuvenil

978-84-7824-378-5

2001

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Palabras de auga

Marcos Calveiro

Ramón Trigo

Os Wakati da tribo dos Kimba abandonan o país Lomba coa esperanza de atopar unha terra mellor con auga abondosa. Dende entón, homes e mulleres camiñan (baixo un sol abrasador) a sabana poeirenta, sen saber que lles pode deparar o futuro.



XERAIS

Merlín

978-84-9914-441-2

2012

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Banda deseñada* | *Lecturas autónomas*

A proba de auga

Anémona de Río

Anémona de Río

As aventuras dunha pinga de auga que acaba de rematar os seus estudos. Está disposta a cumprir a súa misión e o lector (ou lectora) vaina acompañar nesta viaxe na que se abordan temas científicos.



XERAIS

Merlín cómics

2020

978-84-9121-673-5

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Na procura do tesouro de Kola

Edna López

Agustín Comotto

Kola é unha illa na que vive Omar, un rapaz orfo que emprende unha aventura percorrendo as distintas rexións onde a seca provocou que a auga cobrase unha importancia capital.



rodeira

Tucán verde

978-84-8349-303-8

2011

ODS 13

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O furtador de auga

Xosé Lois García

María Lires

A natureza rebélase contra a cobiza do progreso para poder recuperar o seu equilibrio natural. Para facelo, alíase coas xeracións máis novas.



editorial everest galicia

Ler é vivir

978-84-40312-20-4

2013

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Cos ollos do avó

Concha Blanco

Xosé Tomás

Sofán do Val desapareceu do mapa por decisión gobernamental ao ser asolagado polas augas para converterse nun encoro. Os habitantes daquela localidade tiveron que asentarse noutros lugares de Galicia, pero da memoria deles nunca se borraron as lembranzas do lugar e o pasado.



ee edicións embora

O Globo

978-84-92644-71-1

2014

ODS 7

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Informativo* | *Lecturas expertas*

A auga

CEIDA

A auga é vida; o recurso máis prezado da humanidade e a base da súa supervivencia. Da súa existencia, xestión e subministro depende a saúde das persoas e os ecosistemas, os alimentos e a estabilidade social.



Nova Galicia edicións

Que me dis de...

978-84-96950-97-9

2008

CEIDA: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia

6 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas. Familias***

A morte da Terra

J. H. Rosny O Maior

Isabel Soto López

Unha historia distópica cun final pouco esperanzador para a especie humana no que a auga se converte no ben máis prezado.



Hugin e Munin

Vólvense os paxaros contra as escopetas

978-84-949713-3-4

2019

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

As ribeiras son escuras

Manuel María

Tres relatos nos que se recolle a dureza do traballo no agro e o asolagamento da terra por un encoro.



editorial everest

Punto de encontro

987-84-403-0137-6

1997

ODS 7

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

As voces da auga

Ánxela Gracián

Relata unha historia de supervivencia e de aposta pola vida nun contexto histórico especialmente complexo como é o chino. Unha nena, condenada a morte, polo feito de ser a segunda da familia, é rescatada por un matrimonio de anciáns. A vida no río e nos seus arredores tráenos as súas voces, sempre presentes.



BAÍA EDICIÓNS

Meiga Moira

9788499953007

2018

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Be water

Antía Yáñez

Nun mundo distópico, a escaseza de auga marca a vida dos humanos. A vida na superficie hai tempo que non é posible. A protagonista, Iolanda, que vive nas Colmeas soterradas coa súa filla e o seu curmán, vese envolta nunha aventura que a vai conducir a un final imprevisible.



cuarto de inverno

978-84-09-15876-8

2019

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

De quén é a auga?

Marilar Aleixandre

Tangaraño

Francisco Díaz-Fierros

Explica e ensina a relevancia de administrarmos ben o consumo de auga e a súa importancia no ecosistema. (Acceso en dixital na páxina do Consello)



Consello da Cultura Galega

Ciencia para todos

84-95415-17-8

2000

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Informativo* | *Lecturas expertas*

H2... Oh!!! Pingas Cientificas

María Canosa Blanco

Luz Beloso

Unha morea de curiosidades científicas que rodean a nosa vida máis cotiá explicadas de xeito claro, rigoroso e ameno.



EDITORIAL GALAXIA

978-84-9151-628-8

2021

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O paxaro burlón

Gerald Durrell

Moisés Barcia

A descuberta, nun val remoto, dun pequeno reduto de paxaros burlóns (símbolo da illa e en perigo de extinción) ameaza o proxecto de construción dun encoro e dun aeroporto, e obrigará os responsables de Zenkali a elixir entre a defensa da natureza e da súa historia e o chamado progreso.



sushi books

Avanzado

978-84-16884-54-4

2022

AUGA LIMPA E SANEAMENTO | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

O país dos mil ríos

Xosé Lois Ripalda

Trata a cultural fluvial en Galicia. Fornece unha descrición xeográfica das principais cuncas fluviais galegas. Un compendio de todo o que os ríos simbolizan na cultura galega desde as lendas, as festas e a literatura ata o patrimonio artístico.



EDITORIAL GALAXIA

Guías e rutas

978-84-7154-256-4

2021

E TAMÉN...

En dixital, na páxina de Adela Leiro: ***Días da auga, A auga***

Na BVG: ***A viaxe de Purpurina ou a historia dunha pinga de auga*** de Xabier P. Docampo

A cova das vacas tolas

Agni e a chuvia

Animalia 3. Azul

Animalia 2. Branco

Area Maior

Enciclopedia Temática Ilustrada. A auga. ANT (A Nosa Terra)

Enciclopedia Temática Ilustrada. Os ríos. ANT

Seres galegos das augas.Páxina de Galicia encantada

Os Bolechas descubren a natureza. O río.

Os Bolechas descubren a natureza. A lagoa.

Un mundo para Maruxa

50 cousas que os nenos poden facer para salva-la terra

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Libro informativo* | *Primeiras lecturas*

A enerxía. Os Bolechas

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro

De forma moi sinxela explícaselle á rapazada que é a enerxía e para que se utiliza.



A NOSA TERRA

Os Bolechas. Aprende xogando. Pinta e colorea

978-84-96203-89-1

2004

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Poesía/Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Carlota e a gaivota patiamarela

Miro Villar

Enjamio

A marmota Carlota decide ir coñecer o mar. Ao chegar ao esteiro atopa un deserto negro, "visgañento" e frío, provocado polos vertidos do chapapote. Alí observa como unha gaivota enchoupada no alcatrán tenta saír.



XERAIS

Merliño

978-84-9782-422-4

2006

ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Marea negra

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro

Os animais dunha granxa preto do mar, procuran axuda e amosan a súa solidariedade coas gaivotas que sofren o alcatrán, producido polo vertido do *Prestige* na costa galega.



A NOSA TERRA

Contos do Miño

978-84-96202-69-6

2003

ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

¡Nunca máis! A ollada da infancia

VV.AA.

VV.AA.

Nenos e nenas ilustran o que para elas significou o desastre producido polos vertidos do *Prestige*. Unha catástrofe de tales dimensións que repercutiu de maneira moi especial na sensibilidade infantil.



Kalandraka

978-84-8464-188-9

2003

ODS 14

7 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Libro informativo* | *Primeiras lecturas*

Os Formigón no Comité ambiental da escola; auga e enerxía

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro



A serie "Os Formigón no Comité ambiental" busca concienciar ás crianzas sobre a defensa do medio ambiente. Neste caso, céntranse na cuestión da auga e a enerxía.

A NOSA TERRA

Axenda 21 escolar

84-96403-06-8

2004

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Libro informativo* | *Primeiras lecturas*

Que é a enerxía

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro



Libro informativo para primeiras idades arredor do tema da enerxía. Trátase de facer chegar este coñecemento a través d´Os Bolechas: unha familia amiga das crianzas.

A NOSA TERRA

Os Bolechas queren saber

978-84-96203-11-2

2002

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Teatro* | *Primeiras lecturas*

Teatro para nenos de infantil. Mariñeiros no Nadal

Esther da Silva

Paco Lareo (cuberta) e alumnos/as do CEIP de Lalín (interior)



O carbón dos Reis viaxa a bordo do Prestige, descubrimento que moverá a nenos e nenas mariñeiras a actuar, dalgunha maneira, ante a chegada do chapapote.

EDICIÓNS FERVENZA

A Pinguela -teatro escolar

978-84-932977-6-3

2002

ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

A enerxía

Adela Leiro

Mon Daporta



Un manual a través do cal accedemos a información relacionada coa enerxía.

A NOSA TERRA

Biblioteca Temática Ilustrada

978-84-96203-11-2

2002

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Aire, auga, calor e enerxía

Barbara Taylor e Nigel Hawkes

Dave Burroughs

Ana Belén Costas, Eva Lozano e Nuria Andión



XERAIS

Biblioteca Compás

978-84-8302-082-1

1997

Este libro didáctico fai un completo percorrido polos principios científicos do aire, a auga, a calor e a enerxía. A mestura de gases que chamamos aire é esencial para a vida na terra. Sen a auga, a vida tal e como a coñecemos sería imposible e o mundo non existiría. Todo o que facemos utiliza enerxía.

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Ameaza na Antártida

Ramón Caride Ogando

Miguelanxo Prado



XERAIS

Merlín

978-84-8302-564-2

2000

ODS 9 e 14

Nun río preto da casa de Said e Sheila aparecen peixes mortos por efecto da radioactividade. Os dous irmáns saen polo mundo para descubrir a orixe do problema e resolvelo.

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A negrura do mar

Ramón Caride Ogando

Miguelanxo Prado



XERAIS

Merlín

978-84-9782-496-5

2006

ODS 9 e 14

No 2076, unha alarma medio ambiental levará a Said e Sheila ao Atlántico, onde descubrirán o sucedido no 2002 na Costa da Morte tralo naufraxio do *Prestige*. Dous relatos de carácter medio ambiental ("O misterio do Prión" e "A primeira aventura") acompañan esta nova entrega.

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A praia da esperanza

Agustín Fernández Paz

Teresa Novoa



XERAIS

Merlín

978-84-9782-068-4

2003

ODS 9 e 14

Relato inspirado na dramática catástrofe do petroleiro *Prestige* que arrasou as costas galegas en 2003. A dura realidade daqueles días toma corpo a través da historia dunha nena que sofre en propia pel o desastre e participa na cadea humana reivindicativa.

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

As flores radioactivas

Agustín Fernández Paz

Teresa Novoa

Alba viaxa cunha expedición organizada por un grupo ecoloxista á zona da Fosa Atlántica. Alí, varios países europeos verteron os residuos radioactivos das súas centrais nucleares durante anos. Nesa zona aparece un estraño resplandor que debe ser desentrañado pola expedición.



XERAIS

Merlín

978-84-9914-373-6

1989

ODS 9 e 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Poesía* | *Lecturas autónomas*

Para iso está o futuro

David Otero Fernández

Manuel Fragoso

Conversa, presentada a modo de poema, entre nai e fillo arredor da marea negra.



EDICIÓNS FERVENZA

O cartafol de Vilancosta Collectione

978-84-932977-1-8

2003

ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Man. O alemán de Camelle

Beatriz Maceda Abeleira

Laura Veleiro

Biografía de Manfred Gnädinger, que ficou en Camelle, onde construíu coas crebas, pedras e paus o seu xardín-museo. O alemán de Camelle morreu nos días do *Prestige*, posiblemente, tamén, a causa da tristeza que lle produciu esa catástrofe.



galebook contidos dixitais

978-84-120579-4-2

2012

ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O señor Pésimo é o máximo

João Manuel Ribeiro

Bolota

Ánxela Gracián

O desastre ecolóxico do *Prestige* sorpréndeos de vacacións en Galicia. Deciden converterse en voluntarios e axudar limpando as praias. A experiencia transfórmaos e cambiarán os seus comportamentos para levar unha vida máis respectuosa co medio ambiente, converténdose en "Ecoguerreiros".



HÉRCULES DE EDICIONES

Novas Lecturas de Hércules

978-84-947023-6-5

2017

ODS 9 e 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

O retábulo das marabillas no país do chapapote

Xoán Carlos Riobó Pose

Paco Lareo (cuberta)



Adaptación dun conto oriental do que fixo unha versión Cervantes en "O Retábulo das Marabillas", cambiando o escenario. Agora, sitúase no que quedou tralos vertidos do *Prestige*.

EDICIÓNS FERVENZA

A Pinguela -teatro escolar

978-84-96368-22-4

2005

ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Usha

María Reimóndez

Iván Sende



Usha é a mostra de como o desastre do *Prestige* tivo repercusión en todos os campos literarios, tamén na ficción infantil. Ao final da novela, cando á nai (cooperante no terceiro mundo) lle chegan as novas do vertido nas costas galegas, decide volver coa pequena, para axudar na Terra.

XERAIS

Merlín

9788497824422

2006

ODS 14 e 16

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Novela gráfica* | *Lecturas expertas*

A conta atrás

Carlos Portela

Sergi Sanjulián



Un conselleiro autonómico asegura, nunha campaña aos medios de comunicación, a total recuperación da pesca e o litoral, un ano despois da catástrofe medio ambiental, provocada polo afundimento do *Prestige*. A realidade amósase ben diferente.

FAKTORÍA K DE LIBROS

978-84-96957-16-9

2008

ODS 14 e 16

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

As marés negras. Qué, cómo, cándo, ónde, por qué

VV. AA.



Información e todo tipo de documentación arredor das mareas negras: que son, como e por que se producen, os seus efectos no ecosistema, na saúde, na economía; como se poden combater...

A NOSA TERRA

978-84-89976-77-1

2003

ODS 9, 14 e 16

7 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

H2Oil

Colectivo Chapapote (VV. AA.)

Colectivo Chapapote (VV. AA.)

Humor negro, denuncia, crítica social, poesía... arredor da catástrofe do *Prestige* e as súas consecuencias na costa galega, da man de case 70 autoras e autores de Banda deseñada.



COLECTIVO CHAPAPOTE

C-2740/2003

2003

ODS 9, 14 e 16

Descarga libre na páxina de culturagalega.gal

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Álbum ilustrado* | *Lecturas expertas*

Man de Camelle

Carmen Hermo

Carmen Hermo

Libro silente, homenaxe, a Manfred Gnädinger, que ficou en Camelle, onde construíu coas crebas o seu xardín-museo, mesturándose co mar e a natureza. O seu final, nos días da desgraza ecolóxica, foi un golpe ás conciencias.



Kalandraka

978-84-8464-437-8

2018

ODS 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Mareas negras

Rafael Lema

Ante a desfeita ecolóxica que supón, na súa contorna, o naufraxio do *Prestige*, un grupo de rapazas e rapaces comeza a colaborar na limpeza e recuperación da costa.



TAMBRE

Catavento

978-84-263-5026-8

2003

ODS 9 e 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Crónica* | *Lecturas expertas*

O corvo do Chapapote

Luis Rei Núñez

Abraham Carreiro

Un xornalista viaxa onde a pegada do *Prestige*, dando con gobernantes mentireiros e cos voluntarios e voluntarias, o que el considera o peor e o mellor do ser humano.



A NOSA TERRA

Froita do tempo

978-84-95350-72-5

2003

ODS 9, 14 e 16

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

Parando a marea negra

Marilar Aleixandre

Fran Bueno

Cómic realizado co obxectivo de explicar a contaminación marítima do *Prestige* e recoller a esforzada e solidaria reacción posta en marcha para combater a catástrofe.



Consello da Cultura Galega

Ciencia para todos

84-95415-72-0

2003

ODS 9, 14 e 16

Descarga libre na páxina de culturagalega.gal

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

S.O.S.

Pepe Carballude

Ao embarrancar un buque con materiais contaminantes na Costa da Morte desencadease unha psicose colectiva e unha atmosfera de apocalipse inmediata.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9865-026-6

2007

ODS 9 e 14

ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

Vento do Norte

David DiGillio

Alex Cal

Xosé García Sendón

Nun planeta Terra xeado polo Vento do Norte, a vida é unha loita continua entre os habitantes de Lost Angeles e o tirano Matachín Joe (e a súa banda de preeiros) que administran a enerxía ao seu antollo.



El Patito Editorial

978-8-493-72565-5

2010

ODS 9 e 14

E TAMÉN...

En dixital:

Guía de boas prácticas para o aforro de lixo, enerxía e auga.

SOGAMA. Xunta de Galicia (2ª tramo)

http://www.auladareciclaxe.es/wp-content/uploads/2015/11/02_guia-de-buenas-practicas-para-el-ahoro-de-desperdicios-energia-y-agua.pdf

Fogares verdes. Caderno de auga e enerxía

https://www.miteco.gob.es/gl/ceneam/programas-de-educacion-ambiental/hogares-verdes/manualfogaresverdes_tcm37-171583.pdf

Na páxina de Adela Leiro: Temas – Medio - Documentos: O naufraxio do Prestige. Unha historia negra / As mareas negras / A enerxia / Enerxía nuclear / Enerxía química / A luz / A calor / Enerxia da biomasa / Enerxía da biomasa / Enerxía xeotérmica / Enerxía eólica / Enérxía hidraulica / Enerxía solar / Enerxía do mar / Enerxía interna da Terra / Unha visita á fábrica de celulosa...

Cadernos informativos relacionados co medio ambiente. Enerxía e medio ambiente

A pegada de Man

Man, o alemán de Camelle

Nunca máis Galiza á intemperie

8 Literatura infantil e xuvenil galega

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A araña María

Mon Daporta Padín

Mon Daporta Padín

A araña María amósanos os oficios relacionados coa fabricación de roupa e tecidos: costureira, xastra, tecelán, palilleira...



A NOSA TERRA
Os amigos da rata Luísa
9788495350374
2002

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A horta de Simón

Rocío Alejandro

Rocío Alejandro

Manuela Rodríguez

Simón plantou moitas cenorias pero alguén lle suxeriu poñer tamén leitugas, tomates, berenxenas... E a horta tanto medrou, que se encheu de hortalizas e duns laboriosos agricultores.



kalandraka
Premio Compostela
978-84-8464-348-7
2017
ODS 17

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A mellor sopa do mundo

Susana Isern

Mar Ferrero

Paco Liván

Tartaruga estaba preparando a comida cando chegan os seus amigos sorprendidos por unha tormenta de neve. A medida que van chegando, os hóspedes ofrécenlle os produtos que traen e que ela bota na pota. Esta é a mellor sopa do mundo, cal é o seu segredo?



OQO editora
O
978-84-9871-526-2
2015
ODS 17

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A recoller

Rocío Bonilla

Rocío Bonilla

Mercedes Pacheco

Babymoni xogou e pasouno fenomenal, mais chegou a hora de recoller os xoguetes. Gárdaos todos todos, que non quede nin un fóra do seu sitio. Este é o traballo que corresponde facer agora!



algar
9788491425519
2022
ODS 17

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

As formiguiñas filandeiras

Victoria García

Laura Cortés

As traballadoras formigas únense para protexerse dos perigos exteriores e así, en ringleira, semellan unha perigosa serpe que todo o mundo respecta e teme. A unión fai a forza, por iso, unidas e organizadas, as formigas traballan mellor e máis seguras.



HÉRCULES DE EDICIONES

Novas lecturas de Hércules

978-84-122906-9-1

2021

ODS 17

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Maruxa

Eva Mejuto

Mafalda Milhões

O libro conta como Maruxa, farta de facerlle a Pepiño a comida todos os días, decide darlle unha lección e amosarlle que el tamén ten que responsabilizarse do traballo da casa.



OQO editora

O

978-84-9871-490-6

2014

ODS 5

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Onde estará a miña gravata?

José Carlos Román

Canizales

Maruxa Zaera

Unha mañá, o saltamontes perde a gravata; os amigos vanlle axudar a atopala pero, ao tempo, cada un deles vai extraviando algo, así que hai que volver comezar unha nova busca.



booklolia

9788418284069

2020

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

O ourizo Rufo

Mon Daporta Padín

Mon Daporta Padín

Describe, para os máis pequenos, o oficio de xardineiro. Os seus traballos, as ferramentas que utiliza, os tempos nos que facer cada labor...



A NOSA TERRA

Os amigos da rata Luísa

84-95350-36-X

2001

8 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Ra de Tres Ollos

Olga de Dios

Olga de Dios

Mónica Lourido Santiso

Ra de Tres Ollos medra nun lugar contaminado. Pronto descubre que para mudar as cousas cómpre poñerse de acordo e traballar todos xuntos.



Monstro Rosa

978-84-17028-35-0

2020

ODS 12, 15 e 17

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Rosaura e o mar

Isabel Blanco

Luz Beloso

Un libro que nos serve para aprender algo sobre os oficios do mar de Galicia e sobre quen os realiza.



Rosaura

978-84-946959-5-7

2018

ODS 5

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Tam, Tim e Tom

Jacob e Wilhelm Grimm

Paolo Domeniconi

Roberto Mezquita

Paco Liván

Tam, Tim e Tom eran tres irmáns bastante traballadores, ao seu xeito. Coa chegada do corvo descubrirán que organizándose o traballo cunde máis e aínda lles queda tempo para durmir e xogar.



O

978-84-9871-541-5

2017

ODS 17

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Améndoas e flores silvestres

David Daniel Vázquez Álvarez

Noemí López Vázquez

Estamos nunha aldea galega na Idade Media. Roi é un servo do señor feudal coma o seu pai, o ferreiro; pero o rapaz aprendeu do seu avó (que era o druída) historias de cabaleiros e heroes. Decide rebelarse contra unha vida de servidume e escravitude.



Meiga Moira

978-84-96893-75-7

2008

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Dona Problemas

El Hematocrítico

Paco Roca

A protagonista dedícase a resolver os incidentes que padece o alumnado do seu colexio: unha mochila estragada por un iogur que se derramou dentro, un cromo que non se dá conseguido ou un veciño que escoita a tele a todo volume e non deixa durmir. A súa é unha función moi necesaria...



XERAIS

Sopa de Libros

978-84-1110-268-1

2023

ODS 17

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Era dúas veces o barón Lamberto ou o misterio da illa de San Giulio

Gianni Rodari

Javier Zabala

Isabel Soto

O barón Lamberto é un vello banqueiro cheo de doenzas que vive co seu fiel mordomo Anselmo, un personaxe ben especial que lle dá sentido ao seu oficio. Nunha das súas viaxes descobre como pode vencer á morte.



kalandraka

Sete Leguas

978-84-1343-005-8

2020

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Lía e as zapatillas de deporte

María Reimóndez

Iván Sende

Nenos e nenas cos pés descalzos, traballan en fábricas do outro lado do mundo e meten o calzado en caixas para que Lía poida estrear un par de zapatillas de deporte. O libro trata do traballo infantil e convida ás lectoras e lectores a reflexionar sobre as condicións de vida desa rapazada explotada.



XERAIS

Merlín

978-84-9782-725-6

2008

ODS 1, 10 e 12

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Lúa do Senegal

Agustín Fernández Paz

Marina Seoane

A protagonista deste libro é unha nena que viaxa de Senegal a Vigo, por razóns de reagrupamento familiar. O seu pai tivo que deixar a súa terra e a súa casa para ter un traballo e manter dignamente a súa familia. Fala de emigración e destaca o valor da multiculturalidade, a diversidade lingüística e a convivencia.



XERAIS

Sopa de libros

978-84-9782-556-6

2009

ODS 1 e 10

8 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O canto dos peixes

Marcos Calveiro

Ramón Trigo

Coa amizade e as conversas entre un vello mariñeiro e un rapaz marxinal imos aprendendo sobre a vida no mar, os naufraxios, o oficio da pesca e sobre a degradación do medio mariño e a sobreexplotación.



sm xerme

Barco de Vapor

978-84-9854-144-1

2009

ODS 12 e 14

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O homiño vestido de gris e outros contos

Fernando Alonso

Ulises Wensell

Ramón Nicolás

Un libro de relatos no que podemos atopar diferentes personaxes... Un homiño vestido de gris que odiaba a monotonía do traballo burocrático e desexaba cantar. Un espantallo que odiaba o seu oficio, porque lle gustaban os paxaros...



kalandraka

Sete Leguas

978-84-8464-890-1

2014

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Orballo da mañá...

David Daniel Vázquez Álvarez

Xosé Tomás

Nadia, a súa nai e o seu avó viven nun poboado de adobe á beira do deserto; agardan a chegada do camión que trae menciñas, alimentos non perecedoiros e material escolar. Todo isto é enviado pola rapazada europea.



BAÍA EDICIÓNS

Meiga Moira

978-84-96526-69-3

2006

ODS 10

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O xeito das froitas

María Reimóndez

Alicia Varela

Iris, a protagonista desta historia, é unha nena con moita personalidade e con principios moi claros. Ela é a única galegofalante da súa aula, outros, coma ela, falaban galego na casa, pero mudaban ao chegar á escola. Tamén se responsabiliza e, cando a nai e o pai perden o traballo, sabe que ten que axudar igual que ha de facer o irmán.



oqueleo

Vermello

978-84-16834-19-8

2018

ODS 5 e 10

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Teatro*** | ***Lecturas expertas***

As mil vidas de Dorotea

Lorena Conde

María Brenn

A modo de obra teatral, preséntase a biografía de Dorotea Bárcena. Unha muller que foi mestra, actriz, dramaturga e muller brava, que traballou moito e moi duro por facer o que máis quería e que era, nin máis nin menos, que dedicarse ao teatro.



cuarto de inverno

978-84-121604-6-8

2020

ODS 5

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Calella sen saída

Víctor Omgbá

O libro conta a historia (en boa medida autobiográfica) dun rapaz que viaxa cunha bolsa de estudios para facer Dereito. Ao chegar atópase con que non lle pagar a bolsa e se converte nun inmigrante ilegal que debe aceptar traballos precarios nos que vai estar explotado e discriminado.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-8288-846-0

2011

ODS 1 e 10

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Álbum ilustrado*** | ***Lecturas expertas***

Dende 1880

Pietro Gottuso

Pietro Gottuso

Libro que describe, sen palabras, os cambios sociais, tecnolóxicos e económicos e os acontecementos históricos dos últimos 100 anos.



Kalandraka

Premio Compostela

978-84-1343-047-8

2020

XIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Días azuis, sol da infancia

Marcos Calveiro

Nico pescuda na historia do seu avó, que marchou a Castela para traballar de segador e acaba vivindo en Madrid os primeiros días da Guerra Civil.



TAMBRE

Catavento

978-84-9046-239-3

2017

8 Literatura infantil e xuvenil galega

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Memorias dun neno labrego

Xosé Neira Vilas



O protagonista é Balbino, un neno da aldea, que se enfronta á pobreza e as inxustizas da sociedade galega da posguerra. Na obra, o neno vai contando as vivencias do día a día e os pensamentos que remoe na súa cabeza.

EDITORIAL GALAXIA

Biblioteca Neira Vilas

978-84-9865-343-4

2016

ODS 1 e 10

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Os corpos invisibles

Emma Pedreira



L. C. é unha rapaza de quince anos que traballa desde os oito nunha fábrica téxtil de Londres en plena Revolución Industrial. As nenas escravas son parte da produción en cadea. A rapaza coñece a Prometea Stoner, unha muller que se propón recuperar os referentes femininos, tantos anos esquecidos.

XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9121-584-4

2019

ODS 5 e 10

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Rinocerontes e quimeras

Marcos Calveiro



Seis nenos, monstros de feira, e o seu gardián, traballadores todos eles dun circo ambulante, son abandonados nun vagón pechado. O empresario mudou o número deses cativos deformados por un teatro de autómatas e agora son un estorbo. No encerro, matinan no xeito de saír da vía morta onde as súas vidas esmorecen e enfrontarse sós ao mundo exterior que os mira con medo e noxo. Esta novela fala de traballo infantil, de desprotección e a escravitude, de medo e a esperanza.

TAMBRE

Catavento

978-84-96772-17-5

2007

ODS 10

TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Todo o peso do ceo

Xosé Manuel Martínez Oca



Un neno orfo, adoptado por unha familia de ideoloxía franquista, vive nunha vila castelá á que van segar os seitureiros galegos. El é testemuña dun mundo abafante, pechado, no que todo o peso do ceo preme enriba da cabeza.

TAMBRE

Catavento

9788426348883

1997

E TAMÉN...

A cerilleira

Adeus chupete

A mestra corremundo

Millí-millá

O Arranxacontos

Oficios e profesións, poemas son

O marabilloso mundo das profesións (Descubre o que poderías ser de maior)

Xurxiño quere ser

9 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Álex e o rato de corda

Leo Lionni

Leo Lionni

A historia de Álex e Guille, dous ratos de distinta natureza -un de carne e óso e outro mecánico- unidos pola amizade. A diferenza non impide que se fagan compañía, compartindo aventuras e felicidade.



Kalandraka
Tras os montes
9788484643104
2017

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Atrapamiradas

Marisa Núñez

Avi Ofer

A sociedade actual vive enganchada aos dispositivos móbiles. Pero por infinitas que sexan as posibilidades da tecnoloxía virtual, nada é comparable ás marabillas que se poden apreciar, non a través dunha pantalla, senón da retina.



Kalandraka
Demademora
9788413430089
2020

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Libro acordeón* | *Primeiras lecturas*

Balea

Federico Fernández e Germán González

Un artefacto mecánico con forma de cetáceo habitado por curiosos personaxes. No seu interior suceden mil e unha historias. Libro silente.



Kalandraka
978-84-84649-77-9
2015

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Bandada

David Daniel Álvarez Hernández e Mª Julia Díaz Garrido

David Daniel Álvarez Hernández e Mª Julia Díaz Garrido

Metáfora sobre a historia da humanidade. As aves representan as ambicións das persoas; as boas intencións que se tornan perversas. Aínda que un fulgor de esperanza resplandece no horizonte...



Kalandraka
9788484648055
2012

ODS 3

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Caer de cu polo universo

Estíbaliz Espinosa

Lucía Cobo



Para aprender astronomía a través de rimas e metáforas. Unha aventura lírico-espacial, unha viaxe galáctica para coñecermos o universo de preto.

APIARIO

Niño de Abella

9788494321047

2015

ODS 5

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Chofer de sandías

Antonio Rubio

Emilio Urberuaga



Nunha gran cidade a contaminación e as présas dan paso á natureza e á ledicia cando unha humilde semente de sandía agroma, medra, florece e da froitos enroscada nun farol, convertido en parra luminosa.

kalandraka

Demademora

9788413430898

2021

ODS 11

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Facer dedo

Guilherme Karsten

Guilherme Karsten

Xosé Ballesteros



Unha historia rimada, chea de humor e situacións hilarantes que transcorre a bordo dun automóbil ao que se van incorporando dispares e rocambolescos pasaxeiros.

kalandraka

9788413430775

2021

ODS 17

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

O raposo aviador que voa sen motor

Antonio Reigosa

Laura Cortés



Cando o raposo Paquiño perde o seu avión de xoguete, decide ser el o seu propio avión e comproba que é quen de voar. Un día, cruza o mar, para descansar nunha illa que é unha balea. Comido pola balea, en compañía doutros raposos, impulsa á balea para que voe.

XERAIS

Merlín

9788491214823

2019

9 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

góliX

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Os tres porquiños

Raquel Méndez Fernández

Helga Bansch



Inspirado nun conto tradicional inglés, *Os tres porquiños* simbolizan a evolución e o progreso do ser humano, desde o estado de inmaturidade ata a condición de adulto, en que aprende a manexar os conflitos de forma intelixente. Tres casas de diferentes materiais para defenderse do lobo.

OQO editora

O

9788498715965

2018

ODS 9

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Biografía* | *Primeiras lecturas*

O valor das ideas: a precursora do libro electrónico. Pequena biografía de Ángela Ruíz Robles

Arantxa Serantes

Tania Solla



Esta mestra e inventora chegou a Galicia en 1918 e aquí imaxinou como podería ser a ensinanza do futuro. Súas son estas verbas: "A inquietude apodérase de min cando me dou conta de que podo participar en que a humanidade aprenda."

Lela EDICIONS

Mulleres Galegas

9788494604331

2018

ODS 5

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Biografía* | *Primeiras lecturas*

Un ronsel de Ardora. Pequena biografía de Ángeles Alvariño

Enrique Mauricio

Carlos Taboada



Achegamento á vida e obra desta prestixiosa científica galega que defendía que as crianzas debían visitar a natureza desta maneira: "levar ao nenos e nenas á magnífica catedral natural, con paseos polo campo, praias e forestas…"

Lela EDICIONS

Mulleres Galegas

9788494604300

2016

ODS 5

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Libro acordeón* | *Primeiras lecturas*

Verme

Federico Fernández e Germán González



Un divertido libro-xogo, sen palabras, porque Verme é un novo dispositivo mecánico capaz de cavar a terra, limpala e facela fértil. Do seu funcionamento encárganse uns operarios vestidos de amarelo que son os protagonistas dunha morea de aventuras.

Kalandraka

9788413431185

2022

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Ensaio*** | ***Lecturas autónomas***

A que cheiran as cores? A esperada guía para coñecer o cerebro



Juan Casto Rivadulla Fernández

Nuria Díaz

O autor, un neurocientífico galego, responde nesta obra a preguntas como "A que sabe a cor azul?" e explícanos, dun xeito divertido e sinxelo, o funcionamento do cerebro.

EDITORIAL GALAXIA

Lanterna de Aristóteles

9788491514152

2019

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

As viaxes de Ruki



Ramón Caride

Manolo Uhía

Pedro e Petra son os creadores de Ruki, un rato-robot que, grazas a unha teteira, un ordenador e unha tormenta, rematou viaxando polo universo, visitando estrañísimas galaxias do planeta Toupamil...

EDITORIAL GALAXIA

Sopa de Libros

9788499145990

2014

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Narrativa/Lírica*** | ***Lecturas autónomas***

Axente X.99. Contos e versos do espazo



Gianani Rodari

Federico Delicado

Isabel Soto

O progreso, a natureza, a renovación pedagóxica, o totalitarismo e o fanatismo son algúns temas que subxacen nestas narracións dos que é protagonista o Axente X.99 que, xunto coa cabra Renata, viaxa polo espazo desempeñando distintas misións.

Narracións seguidas polos "Poemas para rir", engadidos polo autor como apéndice á novela "O planeta das árbores de Nadal".

Kalandraka

Seteleguas

9788413430713

2021

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | ***Biografía*** | ***Lecturas autónomas***

Galegas na ciencia



Isabel Blanco

María Lapido

Biografías de vinte científicas galegas que abriron as portas da ciencia a milleiros de mulleres.

Belagua

9788412143362

2021

ODS 5

9 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Kumamoto e os Doce Robóticos

Xoán Babarro González

Pedro Díaz Lorenzo

O androide Kumamoto é quen de realizar as máis diversas actividades, incluso resolver adiviñas, é a isto ao que lle sacan máis partido os amigos e as amigas de Roi; ata o punto de organizárense nun equipo para competiren contra o robot.



TAMBRE

Ala Delta - Serie Azul

9788490462379

2017

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Sira e o robot. Adventures on Titan

Mark Wiersma e Miguel Mosqueira

Iván Sende

Sira non acaba de atoparse nunha Galicia bilingüe inglés-galego. Aburrida da vida terrestre asistirá a un festival intergaláctico da canción que se vai celebrar en Titán, a sexta lúa do planeta Saturno. Alí descubrirá un mundo novo que lle vai cambiar a súa forma de ver a vida para sempre.



XERAIS

9788499148342

2015

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Volvo! O regreso de Usha

María Reimóndez

Iván Sende

Na vida hai circunstancias moito máis intrigantes ca un exame de reválida. As amizades vellas e novas, de lonxe e de preto, terán que axudar a Usha a facer fronte a todo tipo de desafíos.



XERAIS

Merlín

9788499146270

2014

ODS 5

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

A boca do monte

Celia Díaz Núñez

Unha viaxe pola Galicia de hai moitos séculos e pola Roma imperial que puxo as súas gadoupas na nosa terra. Os nosos devanceiros foron esmagados polo imperio romano, ao que lle importaban as xentes de Galicia só como man de obra para escravizar. Mais non faltou a resistencia e dignidade dos nativos fronte ao asoballamento imperial.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

9788498656886

2016

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

A causa do crime

Tokio (Alfredo López Fernández)

Tokio (Alfredo López Fernández)



Historia ambientada nos días previos á primeira folga xeral galega, en 1984, cando a explosión dunha bomba fai sospeitar a policía dunha traballadora que está nese momento no lugar dos feitos. Mestura de temas como os movementos sindicais, o terrorismo e a corrupción política dos anos oitenta: inquedanzas de boa parte da sociedade galega daquel momento.

9788494034992
2020

ODS 16

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

A viaxe de Gagarin

Agustín Fernández Paz



Coa viaxe de Gagarin ao espazo comezaba a era espacial, e tamén unha época de grandes cambios. Miguel Mendiguren lémbraa medio século despois e lembra tamén as circunstancias da España da época: a ditadura de Franco, a represión das liberdades máis básicas e a oposición clandestina, comporta imprescindible contra a barbarie.

Narrativa
9788499146683
2014

ODS 16

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Endogamia 0.2

Ramón Caride

Manuel Busto



Relatos sobre problemas decisivos para a humanidade ante os que ninguén pode quedar alleo: a violencia sobre as mulleres, a enerxía nuclear, a doenza do Alzheimer e a investigación médico-farmacéutica.

Fóra de Xogo
978-84-9914-544-0
2013

ODS 5 e 7

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Exogamia 0.3

Ramón Caride

Manuel Busto



Media ducia de relatos que permiten abrir un debate sobre temas candentes do noso tempo (a internet, as células-nai, as vacinas contra a SIDA, as probas de ADN, os avances contra o Alzhéimer, a loita contra o cambio climático) cuestións nas que a ciencia é protagonista, problemas decisivos para a humanidade.

Fóra de Xogo
9788499142227
2011

ODS 3, 9 e 13

9 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Mutacións xenéticas

Fina Casalderrey



Hadrián, que vai realizar o seu bautismo de voo e convivirá cun estraño e descoñecido investigador, fará abraiantes descubrimentos e e será o protagonista na solución dun terrible problema, que está a piques de rematar coa liberdade humana que un tolo pretendía controlar.

XERAIS
Fóra de Xogo
9788497829069
2008
ODS 16

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O espazo de fóra. Unha aventura noutra dimensión

Martín Sodomka

María Reimóndez



A descuberta dalgúns dos misterios da Física contemporánea e das posibilidades de viaxar a outra dimensión. Narración que combina a atractiva e perigosa aventura que viven Lucy, Ure e Kogy cos coñecementos actuais sobre as posibilidades de viaxar a outro mundo e a outro tempo.

BAÍA EDICIÓNS
9788499953519
2020

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

Que fai o mosquito por nós? A biodiversidade, clave para a vida humana

Frauke Fischer e Hilke Oberhansberg

Patricia Buxán



A natureza é unha rede en que cada organismo desempeña unha función crucial. As especies dependemos unhas doutras, tamén os seres humanos. Sen insectos non habería froita, sen microorganismos non habería solos fértiles..... e sen mosquitos non habería chocolate.... Por tanto que debemos facer para evitar unha nova extinción masiva?

catroventos EDITORA
9788412463538
2022
ODS 15

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Álbum ilustrado* | *Lecturas expertas*

Sementes

Sonia García

Sonia García



Reflexión sobre o mundo en que vivimos, sobre unha sociedade dominada por artificios. No Reino das Pílulas está prohibido e ninguén lembra como se sementa a terra. Coa chegada da lúa crecente de febreiro, unha moza vai tentar que o campo volva dar os seus froitos.

XERAIS
Pequeno Merlín
9788491211396
2017
ODS 15

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Singamia 1.1

Ramón Caride

As máquinas están nas nosas vidas: dos ascensores á intelixencia artificial, dos drons aos videoxogos, dos escáner cerebrais ás cámaras ocultas. Obsérvannos até facernos transparentes. Non hai segredos para elas. Invadiron as familias, a saúde, a reprodución, as relacións persoais, toda a intimidade. Mesmo os soños. Adiantan as nosas necesidades e decisións, coñecen todo de nós...



XERAIS

Fóra de Xogo

9788491214601

2019

ODS 9

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

Terra: Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo

Xurxo Mariño

Relato dunha viaxe de once meses arredor do planeta Terra no que se mesturan as anécdotas que van xurdindo ao longo das distintas etapas coas descricións da ciencia que hai detrás dos espectáculos que a natureza lles vai amosando aos viaxeiros.



XERAIS

Básicos Ciencia

9788491211808

2017

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

Tiven a chave, a bicicleta e os catro libros. Primeiras científicas na Universidade de Santiago

Xoana Pintos

A entrada das mulleres na universidade foi un exercicio arduo pois tiveron que loitar contra prexuízos e argumentacións pseudocientíficas que xustificaban a discriminación feminina. Estas pioneiras fixeron un traballo cheo de dificultades, mais tamén de éxitos innegables.



EDITORIAL GALAXIA

Feminismos

9788491516248

2020

ODS 5

INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Xuízo aos humanos. Os animais toman a palabra

José Antonio Jáuregui

Miguel Braña Montaña

Os animais da Terra reúnense na selva para celebrar un xuízo no que acusan aos humanos de crimes atroces: calumnias, maltratos e xenocidio. Somos os humanos unha ameaza para a vida terrestre, unha especie arrogante, cruel e asasina? Ou podemos aínda redimirnos perante o resto dos animais?



catroventos EDITORA

9788494591747

2017

ODS 15

E TAMÉN...

A degradación invisible do solo

A horta sen químicos

A que altura está o ceo?

Enciclopedia Temática ANT A industria

Introdución ás relatividades de Einstein

NETiqueta. Comunicación en contornas dixitais

O paxaro burlón

Os Formigón no Comité Ambiental. Escola, ruído e transporte

Pioneiras da ciencia en Galicia

Puff! Vai peido... Seres sorprendentes con nomes ben ocorrentes

Silencio

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A miña familia 3+1=7

Isha Bottin

Gaspard Talmasse

María Reimóndez

Os fillos de dous matrimonios pasan a vivir xuntos cando seus pais forman unha parella. Novos modelos de familia que se fan comúns na actualidade.



EDITORA alvarellos

Verdemar

978-84-16460-59-5

2019

ODS 5

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Cal é a miña cor?

Antoine Guillopé

Géraldine Alibeu

Anair Rodríguez

Aborda a complexa cuestión da definición da identidade cultural dos nenos e nenas inmigrantes no entorno das sociedades de acollida.



XERAIS

Sopa de libros

978-84-9782-432-3

2006

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Con Tango son tres

Justin Richardson e Peter Parnell

Henry Cole

Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez

É a historia real de dous pingüíns aos que o coidador do zoo de Central Park, lles dou a oportunidade -depositando un ovo no seu niño- de ter unha cría tras observar que incubaban infrutuosamente una pedra. Así naceu Tango, o primeiro pingüín que ten dous papás.



kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-985-4

2016

ODS 5

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Elmer

David McKee

David McKee

Xosé Manuel González

A historia do entrañable elefante multicolor é un clásico inspirado na obra de Paul Klee que aplaude a diversidade e as diferenzas, que promove a solidariedade e o respecto, a amizade e a aceptación.



kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-380-7

2006

ODS 5

10 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas

Novos amigos

Tomi Ungerer

Tomi Ungerer

Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez



Unha nova familia instálase no barrio. O pequeno Rafi está só porque aínda non fixo amizades pero, grazas ás ferramentas que o seu pai lle foi regalando, decide construír os seus propios amigos con materiais reutilizados.

kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-415-6

2018

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas

O lapis máxico de Malala

Malala Yousafzai

Kerascoet

María Alonso Seisdedos



Malala soñaba con ter un lapis máxico que lle permitise borrar as inxustizas. Pero aprendeu que cando decides usar as palabras, calquera lapis pode ser máxico.

XERAIS

Infantil e Xuvenil - Edicións Singulares

978-84-9121-284-3

2017

ODS 5 e 16

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas

Orellas de bolboreta

Luísa Aguilar

André Neves



Ter as orellas grandes, o pelo rebelde, ser alto ou baixo, fraco ou regordecho... Ata a característica máis nimia pode ser motivo de parodia. Por iso é preciso falar destas situacións, reprobar eses comportamentos e preparar á rapazada para defenderse destes ataques.

kalandraka

Demademora

9788484646624

2008

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas

Sígueme! (unha historia de amor que non ten nada de raro)

Jose Luis Campanari

Roger Olmos Pastor



Un elefante gris namora dunha formiga. O seu amor é correspondido, pero, para chegar a estar xuntos teñen moito camiño que percorreren. A formiga convida o elefante a seguila e o elefante non o pensa dúas veces.

OQO editora

O

9788498714968

2014

ODS 5

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Soños á beiramar

Rosa Estévez Gantes

Rafa Antón



Dúas nenas, chegadas doutros países, comparten unha tarde de final de verán. Mentres xogan co papaventos comparten confidencias e emocións, a memoria do pasado e a confianza no presente.

kalandraka

Demademora

978-84-1343-157-4

2022

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Unha chea de familias

Xosé Antonio Neira Cruz

Rodrigo Chao



En tempos de redefinición da estrutura familiar, coa aparición de novas formas de convivencia, novas formas de parella, novas maneiras de ser pai ou nai, necesitamos entender que as fronteiras da familia son amplas e están abertas.

EDITORIAL GALAXIA

Álbumes

9788498651041

2008

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Unha parella diferente

Daniela Kulot

Daniela Kulot

Chema Heras / Iago Nicolás



Crocodilo e Xirafa namoráronse, construíron unha casa para os dous e emprenderon unha vida en común, que lamentablemente topou coa incomprensión dos seus respectivos semellantes.

A colección inclúe: *Unha parella diferente*, *Unha casa a medida*, *Unha familia normal* e *Unha gran sorpresa*.

FAKTORÍA K DE LIBROS

978-8496957145
978-8493512293
978-8415250081
978-8413431970

2011, 2017, 2019, 2022

ODS 5

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Teatro*** | ***Lecturas autónomas***

A festa da Neves

Margarita Sánchez Roldán

Rodrigo Chao



Peza que relata a presión que o alcalde exerce sobre unha anciá e a súa neta para que lle vendan a casa e os terreos nos que viven, por moito menos do que custan, para construír un gran centro comercial.

ee edicións embora

978-84-95640-25-4

2003

ODS 16

10 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A memoria dos pingüíns

Xavier Estévez

Carlos Gallego

Un neno de Infantil cóntanos como consegue facerse amigo dunha compañeira que ten síndrome de Down. Por outra banda, dous adolescentes tamén establecen unha boa relación. As dificultades non obstaculizan o entendemento en ningún dos dous casos.



XERAIS

Merlín

978-84-1110-270-4

2023

ODS 17

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Korazón de Pararraios

Andreu Sotorra

Núria Giralt

Iria García Silva

Un libro que fala do tema da adopción e tamén da solidariedade. Lúa é unha nena de orixe chinés que adora ao seu irmán máis vello, membro de Médicos sen Fronteiras que marcha traballar a África.



rodeira

Tucán verde

978-84-8116-934-8

2003

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Milu

Manuel Rivas

Aitana Carrasco

É a historia dunha nena a quen os seus pais non poden coidar. O álbum dálle voz a infancia en situación de desvantaxe social que non poden gozar do seu dereito de vivir en familia .



kalandraka

Libros para soñar

978-84-8464-735-5

2010

ODS 10

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Sidi, unha viaxe cara a vida

Lino Braxe

María Braxe

Desde un remoto lugar situado entre dous mundos, Sidi —rapaz espelido e soñador— emprende unha viaxe física e emocional que cambiará para sempre a súa vida e a de Raúl, o cariñoso pai que a acolle.



HÉRCULES DE EDICIONES

Novas lecturas

978-84-18966-30-9

2022

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Unha casiña branca

Marcos Calveiro

Marcos Viso

Conta a historia de dous nenos, NenoRadio e NenaPilas, que viven nun vertedoiro e emprenden unha fuxida chea de perigos. Denuncia o problema da contaminación.



XERAIS

Sopa de libros

978-84-9914-915-8

2015

ODS 12 e 15

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Teatro*** | ***Lecturas autónomas***

Unha estrela para Amina

Celia Díaz Núñez

Kristina Sabaite

Unha historia contada por unha boneca. Fala desas guerras invisibles, desas persoas que están refuxiadas e das que ninguén quere saber. Amina é a nena que vive entre arames de espiños e comparte o escenario coa súa boneca que cobra vida para axudarlle a ver a realidade.



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

978-84-9151-472-5

2020

ODS 16

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Cabeza de pelouro

Jean-Paul Nozière

Leandro García Bugarín

Narra o esforzo de Aïchal, unha rapaza alxeriana, por integrarse e saír adiante na contorna racista dunha vila europea.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9865-391-5

2011

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Chamando ás portas do ceo

Jordi Sierra i Fabra

Pilar Saborido Otero

Conta a historia dunha estudante de medicina que vai pasar un verán como cooperante nun hospital da India. Alí aprende a respectar unha cultura moi diferente da súa e toma contacto coa miseria e a morte.



rodeira

Periscopio

978-84-8349-003-7

2006

ODS 1e 3

10 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

galix

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

De fel e mel

Patxi Zubizarreta

Xosé Manuel Moo Pedrosa

A novela narra a fuxida de Selim, que malvive nas rúas de Marrakesh, ata a Península Ibérica agochado na caixa dun camión. Descúbrenos o que significa ser un MENA, un inmigrante sen papeis.



XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9782-605-1

2007

ODS 1

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

Dúas moedas

Núria Tamarit

Núria Tamarit

Isabel Soto

Mar viaxa a Senegal acompañando á súa nai, que traballa no proxecto de construción dunha biblioteca e unha emisora de radio; alí descubre a súa cultura e cantos prexuízos levaba.



RETRANCA EDITORA

978-84-941632-8-9

2020

ODS 10

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Irmán do vento

Manuel Lourenzo

Khaled é un rapaz orfo que vive co seu pai nunha aldea do Iraq. Cando o pai ten que ir á guerra, vese obrigado a madurar e enfrontar a realidade.

Un libro que reflicte como se vive a guerra dende a infancia que sofre as consecuencias (desa falta de entendemento e intereses económicos dos adultos), sen entendela.



XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9782-055-4

2003

ODS 16

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Biografía* | *Lecturas expertas*

Nelson Mandela. O camiño cara á liberdade

Antonio Lozano

Adrià Fruitós

Ramón Nicolás

Sipho, o vello compañeiro de Mandela, cóntalle secuencias da vida de Mandela ao mozo Walter, que chega ao museo na procura das súas raíces e con moitas preguntas.



FAKTORÍA K DE LIBROS

Narrativa K

978-8416721214

2020

ODS 16

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Novela gráfica* | *Lecturas expertas*

Nómades

Xosé Tomás

Xosé Tomás

O libro fala da emigración en clave feminina. Historias de mulleres que abandonan o seu país. Sobre elas recae a responsabilidade de conseguir un traballo para mandar cartos á familia que ficou atrás.



EDITORIAL GALAXIA

Novela gráfica

978-84-9865-392-2

2011

ODS 5

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O son das buguinas

VV AA

Xulia Barros

Un libro e DVD colectivos, promovidos pola ONG Implicadas/os no Desenvolvemento, con dous obxectivos: o de apoiar solidariamente ás persoas afectadas polo maremoto de 2004 e o de axudar a reflexionar (ao público xuvenil galego) sobre as tráxicas consecuencias desta catástrofe.



XERAIS

Infantil E Xuvenil - Edicións Singulares

978-84-9782-515-3

2007

ODS 17

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Tártarus

Antonio Manuel Fraga

Cóntanos unha historia situada nun mundo ficticio, nunha sociedade distópica, do tipo da Palestina ou do que foi o apartheid sudafricano. Alí, hai unha poboación rica que non se mestura coa pobre, que son de distintas razas e distintas linguas. Dúas comunidades afastadas polo odio e a discriminación.



XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9914-980-6

2016

ODS 16

REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Un puñado de estrelas

Rafik Schami

Moisés Barcia

Este libro é o diario dun adolescente que debe deixar os estudos e traballar. Decide fundar, cos seus amigos, un xornal clandestino no que denunciar as desigualdades que afogaban o pobo sirio nos anos oitenta.



sushi books

Avanzado

978-84-16884-13-1

2018

ODS 4 e 16

E TAMÉN...

Almas de Algodón

Brian, o chinés

Faro e o seu día importante

Estrela... fugaz?

Imaxinando un mundo novo (para ti)

Iridiúm

O botín da miseria,

O mundo en que vivín

O mundo de cores de Roque e Lía

O soldadiño de chumbo

Os gritos das illas Lobeiras

Petra

Si, son gorda

Somnámbulos

Subnormal

Travesia Unicornio

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A árbore da escola

Antonio Sandoval

Emilio Urberuaga



Esta é a historia da relación entre un neno e unha pequena árbore que vai medrando grazas ao agarimo que recibe del, e ao afecto doutros compañeiros da escola que seguen o seu exemplo. Malia a reticencia inicial, a mestra acaba sumándose á iniciativa do alumnado, que consegue chamar a atención dos botánicos.

kalandraka

Demademora

9788484642596

2016

ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A viaxe de Ana

Alberte Momán

Lidia Nokonoko



A Ana dálle medo andar soa pola rúa e a natureza e quere que a avoa a acompañe. Ela faino sempre que pode, pero ao tempo tenta que a rapaza sexa autónoma e consiga chegar a onde poida polos seus propios medios.

EDITORIAL GALAXIA

Libros para compartir

9788491514336

2020

ODS 11

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Cambiemos o mundo

VV AA (Nenas e nenos das bibliotecas públicas de Compostela, Ourense, A Coruña e Pontevedra)

VV AA (Nenas e nenos das bibliotecas públicas de Compostela, Ourense, A Coruña e Pontevedra)



Unha alegación, en textos e ilustracións, realizada pola da rapazada das bibliotecas para reivindicar o mundo que queren.

Pódese acceder á versión completa en dixital.

CAPICÚA editora

Infantil

9788494981135

2020

ODS 11

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Cen sementes que voaron

Isabel Fernandes Minhos Martins

Yara Kono

Xosé Veloso



Un libro que celebra a resistencia das sementes e a intelixencia das árbores e da natureza. Conta que unha árbore está á espera do día ideal para lanzar as sementes e que todo corra ben.

EDITORIAL GALAXIA

Varios

9788491514145

2020

ODS 15

11 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

góliX

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro Informativo* | *Primeiras lecturas*

Coida o teu planeta

Jean-Michel Billioud

Didier Balicevic

Isabel Soto



Este libro permite descubrir os efectos da pegada humana sobre o mundo a partir de detalles concretos, como o feito de que se precisan 250 litros de petróleo para fabricar un computador.

sm xerme
O meu mundo
9788498540000
2007

ODS 7, 9 e 12

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

E que podo facer eu?

José Campanari

Jesús Cisneros Laguna

María Luísa Núñez Álvarez



O señor Xe le as noticias do xornal e o corpo éncheselle de preocupacións. A cada momento pregúntase: "E que podo facer eu para mellorar o mundo?" Un día atopa unha resposta; outro día, outra; e outra máis…

OQO editora
O
9788498710496
2008

ODS 11 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Imaxinando un mundo novo (para ti)

Paco Ortega

Paco Ortega



Este conto ten o amor como tema principal: o amor polo próximo, co respecto polos demais e o que cada quen pensa. Aínda que non vivimos nun universo perfecto, podemos ser mellores persoas e crear un universo máis xusto para todas e todos.

Infantil
9788418687082
2021

ODS 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

No bosque

Ainara Azpiazu Aduriz

Ainara Azpiazu Aduriz

Ana Escourido Marín



Unha obra que invita a valorar o máis próximo e a coidado. Unha nena, o seu avó e unha cámara de fotos vannos axudar a descubrilo. Un canto á beleza dos bosques e aos seres que os habitan.

Infantil
9788409275120
2021

ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Os gardiáns do bosque

Agustín Fernández Paz

Cristina Durán e Giner Bou

A historia amosa como os espazos naturais e as lendas frecuentemente van da man, e como actuacións urbanísticas sen medida poden destruír ese mundo natural e lendario.



BAÍA EDICIÓNS

Infantil/Xuvenil

9788496526563

2006

ODS 15 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

A cidade dos desexos

Agustín Fernández Paz

Ignacio Hernández

A primeira obra infantil publicada por Agustín Fernández Paz é un conto ecoloxista que nos lembra que rapazas e rapaces poden axudar a mellorar o mundo comezando polo máis próximo, o lugar onde viven.



XERAIS

Merlín

9788411102605

2023 (1989)

ODS 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Alma de elefante

Andrea Maceiras

Jordi Solano

Conta as aventuras dos xemelgos Suy -un rapaz con alma de bolboreta- e Lawen -unha rapaza con alma de elefante- e de como as súas accións modifican a súa contorna máis próxima.



XERAIS

Sopa de Libros

9788411102377

2023

ODS 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Poesía* | *Lecturas autónomas*

A pel do mundo

Berta Davila

Alba Cid

Uns poemas que percorren o mundo. Léndoos entraremos en contacto con persoas, sabores, nomes, linguas, costumes, palabras e formas de vida diferentes á nosa. Para mellorar o mundo, cómpre coñecelo, tomar consciencia e botar a a andar.



EDITORIAL GALAXIA

Árbore

9788491511465

2017

ODS 17

11 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

A vida dos inuit

Francesc Bailón e Susana Peix

Sílvia Álvarez



Un percorrido pola cultura inuit desde as súas orixes ata a actualidade para coñecer as súas tradicións, descubrir moitas curiosidades, entender a súa evolución e vida actual, nunha das zonas máis frías do planeta Terra.

cumio
Infantil
978-84-8289-592-5
2022
ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Bruxa e familia

Paula Carballeira Cabana

Lucía (Rodríguez) Cobo



Poucas persoas saben os verdadeiros nomes das bruxas e poucas se atreven a descubrir os seus segredos. A través do achegamento ás bruxas, este libro contén varias historias para coñecer o mundo que nos rodea.

oqueleo
Infantil/Xuvenil
9788416834365
2017

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Druídas

María Canosa Blanco

Noemí López



Area cre que seu avó fai maxia, que é un dos últimos druídas de Galicia, pois o coñecemento que el ten da súa contorna é moito e moi especial.

ee edicións embora
O Globo
9788492644889
2014
ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Historias da fraga revirada

Xosé Tomás

Xosé Tomás



Existe unha fraga, a Fraga Revirada, que se chama así porque nela habitan seres únicos, excepcionais, irrepetibles. Un libro que nos fala da riqueza da nosa contorna natural.

EDITORIAL GALAXIA
Árbore
9788491516156
2021

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Quen falta?

Arianna Papini

Arianna Papini

Xosé Ballesteros



A deforestación, o quecemento do planeta, o furtivismo, a contaminación... A humanidade levou á extinción a moitas especies en todo o mundo. Este libro poético recolle o testemuño dalgúns animais que xamais volverán voar, nadar ou correr.

kalandraka

Demademora

9788484649052

2014

ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

SOS Monstros verdadeiros ameazan o planeta

Marie G. Rohde

Marie G. Rohde

Xosé Ballesteros



Na obra fálase dos perigos actuais que ameazan a saúde do planeta Terra, presentados a través duns personaxes, ilustrados de forma moi axeitada ao imaxinario infantil, con formas que visualizan os efectos que provocan no medio natural.

BAÍA EDICIÓNS

Infantil/Xuvenil

9788499953380

2020

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Ti podes salvar o planeta (101 cousas que ti podes facer para protexer o medio)

Jacquie Wines

Sarah Horne

Alexandre Casal Vázquez



O planeta está en perigo e cada rapaza e cada rapaz pode facer moito para salvalo. Este libro está cheo de ideas intelixentes, prácticas e divertidas que cada quen pode facer para que as cousas cambien e mellore a situación do planeta.

sm xerme

Infantil/Xuvenil

978-84-9854-002-4

2007

ODS 15 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Viches iso? Un singular percorrido pola vida das aves invisibles

José Arcas

José Arcas



A obra é unha chamada de atención para erguer a cabeza e descubrir un mundo novo arredor de nós: na praia, na aldea, na cidade, e facer un singular percorrido pola vida das aves que nos acompañan, que son para nós case sempre invisibles.

EDITORIAL GALAXIA

Lanterna de Aristóteles

9788491517122

2021

ODS 15

11 Literatura infantil e xuvenil galega

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

A brea de avelaíñas

Michael McCarthy

Adrià Fruitós

Neila García Salgado



Obra sobre o cambio climático na que o prestixioso ambientalista Michael McCarthy combina lembranzas persoais da infancia do autor, anécdotas e datos rigorosos enfocados á urxencia de frear a perda de biodiversidade.

FAKTORÍA K DE LIBROS

Vitamina N

9788416721702

2020

ODS 13

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

A torre

Antonio Sandoval Rey

Adrià Fruitós

Xesús Fraga



Unha aproximación á Torre de Hércules e a súa contorna dende unha visión polisémica do monumento e do territorio que o acolle. A través dun paseo, nun día de abril, desde antes do amencer ata a caída da noite, reflexiona sobre historia e biodiversidade.

FAKTORÍA K DE LIBROS

Vitamina N

9788416721276

2018

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Bambi. Unha vida na fraga

Felix Salten

Begoña G. Arce

María Alonso Seisdedos



Bambi é un pequeno corzo, un caparriño bulideiro que vive baixo a protección da nai. El vai descubrindo as marabillas do bosque, a beleza da natureza, da amizade e da familia, pero tamén a soidade e a morte, representada polo cazador que é o maior de todos os perigos.

EDITORIAL GALAXIA

Libros singulares

9788491518266

2022

ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Epistolar* | *Lecturas expertas*

Carta do Gran Xefe Seattle

Gran Xefe Seattle

Francisco Macías



O presidente dos Estados Unidos -e escravista- Franklin Pierce envía en 1.854 unha oferta á tribo de Seattle, para lles comprar os seus territorios que hoxe forman o Estado de Washington. Seattle respondeu coa carta que é unha alegación en defensa da Terra.

POSITIVAS

Plural

2020

ODS 15 e 16

Descarga libre na páxina de edicionspositivas.com

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Coida o teu planeta

Manuel Antonio Fernández Domínguez

O noso planeta está canso de que non o respectemos. O cambio climático é un feito que temos que deter pois afecta a todo o mundo por igual. Reciclar e ser conscientes da natureza é esencial para o cambio.



Nova Galicia edicións

Que me dis de...

978-84-85401-11-6

2005

ODS 13, 15 e 17

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Colección Lendas

VV AA

VV AA

Xesús Carballo Soliño e Beatriz Fraga Cameán

Lendas de diferentes lugares do mundo nos que as civilizacións son respectuosas coa natureza.

A colección inclúe: *A flor da cerdeira. Lendas xaponesas*; *Dadahwat: lendas indias norteamericanas*; *Naiyakay: Escolma de lendas populares africanas*; *Popocatéptl: As lendas dos indios de Sudamérica*.



EDITORIAL GALAXIA

Lendas/Árbore

978-84-8288-592-6
978-84-8288-593-3
978-84-8288-745-6
978-84-8288-744-9

2023 - 2004

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Horta ecolóxica na Galiza. Guía práctica para o cultivo

Xan Pouliquen

Calros Silvar

O libro recolle informacións sobre a produción ecolóxica. Busca resaltar o que pode ser de utilidade para as hortas galegas e ver o que pode ser de interese na produción ecolóxica do país.



BAÍA EDICIÓNS

Guías Baía verde

9788496526020

2005

ODS 15

CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Vitamina N. Guía esencial para unha vida rica en natureza

Richard Louv

Adrià Fruitós

Carlos Acevedo Díaz

Unha guía de propostas creativas, divertidas e para todas as idades, animándonos a interactuar co mundo natural, que tantos beneficios físicos, intelectuais e emocionais achega: dende un paseo polo bosque ata mirar as estrelas.



FAKTORÍA K DE LIBROS

Vitamina N

9788416721511

2019

ODS 15

11 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

Zona a defender. A esperanza indócil

Manuel Rivas

"Zona a Defender" foi unha frase que se popularizou coa loita ecolóxica en Francia. O autor fai unha chamada de alerta a través do activismo da escrita poética, o pensamento crítico e un humor desacougado. Para el todo o planeta debería ser Zona a Defender.



XERAIS
Crónica
9788491217923
2020

ODS 17

E TAMÉN...

A fraga do meu avó
Ameaza na Antártida
A memoria dos paxaros
A rede de Inés
Colección: As aventuras de Nunavut
Enciclopedia Temática Ilustrada. A ecoloxía
Enciclopedia Temática Ilustrada. A paisaxe
Nos xardíns
O futuro roubado
Os Bolechas coidamos a escola, coidamos o Planeta
Os Bolechas queren saber que é o lixo....
Os Bolechas queren saber que se bota no contedor amarelo
Os Formigón no Comité Ambiental. Auga e enerxía
Os Formigón no Comité Ambiental. Escola, ruído e transporte
Os Formigón no Comité Ambiental. Residuos e reciclaxe
Perigo vexetal
Salvamos o planeta! Respostas rápidas para preguntas enxeñosas

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A árbore xenerosa

Shel Silverstein

Shel Silverstein

Chema Heras

A árbore vai entregando todo canto produce ao longo do tempo. Entrégase ela mesma para que a rapazada xogue e acaba queimándose para que os humanos non teñan frío.



kalandraka

Tras os Montes

9788484649625

2015

ODS 17

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A crebeira Marabillas

Olaia Sendón

Olaia Sendón

As crebas son, na Costa da Morte, os obxectos que as mareas depositan na ribeira. Crebeiras son as mulleres que andan ás crebas recollendo refugallo que pode ser de utilidade. Marabillas sabe que o mar agocha tesouros que se poden atopar nas crebas.



XERAIS

Pequeno Merlín

978-84-9121-988-0

2021

ODS 14

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Brrumm-Brrumm

Alberto Varela Ferreiro

Alberto Varela Ferreiro

Hai tempo, existía un mundo onde os coches eran os donos. Para que os automóbiles puidesen circular construíron estradas que cubrían toda a superficie. Nese mundo vivía Brrumm-Brrumm.



XERAIS

Merliño

978-84-9782-200-8

2004

ODS 11 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Enyd e o bosque esquecido

María Quintana Silva

Silvia Álvarez

Os animais do bosque están cansos de todas as porcalladas que chegan desde a cidade e, coa axuda de Enyd, van protestar ante os cidadáns e amosarlles as terribles consecuencias que pode ter para todos esquecer o bosque.



triqueta editora

Camiñemos cara a un mundo verde

978-84-18687-02-0

2021

ODS 15

12 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

O camiño

Marisa Núñez

Mariona Cabassa



Imos, dun xeito poético, por esta ruta que atravesa paisaxes nos que podemos ver reflectidos distintos estados emocionais, e un percorrido temporal marcado tamén coa presenza dos paxaros. A vida máis alá do consumo, cun consello: non encher de máis a mochila, deixar atrás o innecesariio, recoller semente, mirar ao ceo.

OQO editora

O

978-84-9871-634-4

2021

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

O Nadal de Ernesto e Celestina

Gabrielle Vincent

Gabrielle Vincent

Tamara Andrés



Trátase de buscar alegría nas situacións sinxelas, porque o que vale é estar xuntos sen necesidade de agasallos caros e consumo innecesariio. Unha festa de Nadal sen gastos.

kalandraka

Tras os Montes

978-84-8464-418-7

2019

ODS 17

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Os Bolechas. Como producir menos lixo

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro



Unha guía para concienciar ao alumnado máis novo sobre a importancia de reducir o refugallo e facer unha boa selección para reciclar.

bolanda

Os Bolechas queren saber

978-84-697-6522-7

2017

ODS 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Que fai falta?

Gianni Rodari

Silvia Bonanni

Xosé Ballesteros



As cousas máis sinxelas e desapercibidas atesouran a esencia e a beleza do mundo que nos rodea. Para acadar algo moi grande, ás veces abonda co mínimo.

kalandraka

Tras os Montes

9788484647539

2020

ODS 17

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

Yared e a reciclaxe

Amelia Sánchez García

Pablo Álvarez Rosendo



Yared descobre o mundo da reciclaxe, descobre como ao deixar os obxectos que xa non serven neses contedores de cores da rúa, dámoslles a oportunidade dunha nova vida.

Nova Galicia edicións

Contos de mamá

978-84-96950-78-8

2008

ODS 11 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Teatro*** | ***Lecturas autónomas***

Carabela

Paula Carballeira

Abi Castillo



Carabela, a cociñeira dun barco naufragado, chega a unha illa de plástico rodeada de peixes mutantes. É unha obra que fala da degradación do mar e as súas consecuencias.

EDITORIAL GALAXIA

Árbore

978-84-9151-451-0

2020

ODS 14

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Informativo*** | ***Lecturas autónomas***

Dicionario ilustrado da reciclaxe no fogar

Gemma Sesar

Fausto Isorna



Neste dicionario ilustrado de reciclaxe no fogar atoparás 150 entradas nas que se explica de maneira concisa como reciclar correctamente gran número de obxectos de uso común , coa indicación do contedor no que deben depositarse.

La Patita Editorial

978-84-122478-0-0

2020

ODS 11

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Lixo

Xavier López Rodríguez

Antón Taboada



Lixo, expulsada do seu fogar, vese na obriga de vivir na rúa buscando alimento nos contedores de refugallo, facéndose pasar por home para merecer un mínimo respecto.

XERAIS

Merlín

978-84-9914-006-3

2009

ODS 1, 2 e 5

12 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

góliX

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O misterio do lixo mutante

Carlos Freire

Alfonso Martínez e Pedro Pablo Moreno

Catro gatos da rúa atopan entre restos de comida unha misteriosa mensaxe que os levará a descubrir os segredos do mundo da reciclaxe.



sushi books
Intermedio
978-84-15920-02-1
2013
ODS 11

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

O refugallo

Paula Carballeira

Dani Padrón

Os catro protagonistas viven entre o refugallo da nosa sociedade e xogan xuntos a crear un mundo novo co que outros tiran. O refugallo trata sobre a capacidade de fabulación que nos fai transformar a realidade.



XERAIS
Biblioteca Dramática Galega
978-84-9914-573-0
2013
ODS 1 e11

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Os xoguetes do lixo

Victor Manuel Lopez Roman, Manuel Alvarez Alonso e Mª Florencia Montes

Paco Vilabarros

Información sobre como elaborar xoguetes con materiais de refugallo, dándolles así unha segunda vida.



A NOSA TERRA
9788496203273
2003
ODS 11 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Álbum ilustrado* | *Lecturas autónomas*

Un mundo para Maruxa

Estefanía Padullés

Estefanía Padullés

A través das relacións interxeracionais que se dan nesta historia, os nenos e nenas achéganse á sabedoría dos maiores e a comprender que, con esforzo, imaxinación e interese, se pode vivir sen plásticos e con iso contribuír á preservación da vida no noso planeta.



Belagua
Buguina
978-84-121433-0-0
2020
ODS 14

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Xelís, o guieiro das botellas de mar

Rosa Aneiros

Andrés Meixide

Xelís emprende unha arriscada viaxe no lombo do mascato Mult para protexer o planeta dunha gran mancha de plásticos que podería provocar unha terrible desfeita ecolóxica.



XERAIS

Merlín

978-84-9121-589-9

2019

ODS 14

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas autónomas*

Xoguetes naturais: argalladas dos pícaros primavera-verán

Xosé López González e José M. García Fernández

Un caderno que nos ensina como realizar paso a paso 30 xoguetes con elementos da natureza, cun forte compromiso coa defensa do medio ambiente, e de recuperación e posta en valor do xoguete popular e tradicional.



ouvirmos

Xoguetes naturais

978-84-941053-4-0

2014

ODS 11

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas autónomas*

Xoguetes naturais: argalladas dos pícaros outono - inverno

Xosé López González e José M. García Fernández

Este volume está dedicado aos xoguetes realizados con materiais propios do outono e o inverno. Descrición de 30 xoguetes, acompañada de máis de 200 ilustracións quer mostran muíños, cataventos, lanchas, bailaretes ou bonecas, entre outros realizados con bugallos, carozos de millo, nabos, cocas ou noces.



ouvirmos

Xoguetes naturais

978-84-941053-8-8

2014

ODS 11

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas expertas*

A bolsa ou a vida. O 99 % contra a emerxencia climática

Salvador Lladó

Patricia Buxán Outeiro

Fala dun xeito claro, didáctico e ameno da situación de emerxencia climática na que se atopa o planeta e aporta alternativas que axuden a pórlle freo.



catroventos EDITORA

Ecoloxía - Consumo responsable

978-84-122499-6-5

2021

ODS 13

12 Literatura infantil e xuvenil galega

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas expertas*

Adeus, plástico! Chaves para unha vida sen residuos

Elisa Nicoli e Chiara Spadaro

María Mediero Mayán coa colaboración de María Baqueiro

Este libro explica a situación actual e propón suxestións para reducir a utilización de plásticos, con consellos prácticos para cambiar os nosos hábitos e reducir os refugallos que xeramos en todos os aspectos da nosa vida cotiá.



catroventos EDITORA

978-84-122499-9-6

2021

ODS 11 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas expertas*

Arrecende a limpo

Mary Ann Simpson

María Mediero Mayán

Consellos e receitas para unha hixiene doméstica e persoal ecolóxicas, con produtos naturais.



catroventos EDITORA

978-84-124635-2-1

2022

ODS 11

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

Consumismo

Rafael Rodríguez Villarino

Libro informativo no que se analiza o consumismo da sociedade actual, as súas causas e consecuencias tanto para o medio ambiente como para a sociedade no seu conxunto e a nivel individual.



Nova Galicia edicións

Saber para vivir

978-84-85401-22-2

2006

ODS 11 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas expertas*

Limpeza creativa

Elisa Nicoli

María Mediero Mayán

Un manual práctico de ecoloxía doméstica para aprender a elaborar produtos de limpeza e cosméticos con ingredientes naturais, fáciles de preparar e que respectan a saúde e o ambiente.



catroventos EDITORA

978-84-945917-3-0

2017

ODS 11

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

O sabor das mazás

Marilar Aleixandre

Fran Bueno

Banda deseñada sobre alimentación saudable.



Belagua

Ciencia para todos

978-84-92923-09-0

2010

ODS 3

Pódese descargar de consellodacultura.gal

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas expertas*

Primavera silenciosa

Rachel Carson

Juan José Casares Long

Un libro que denuncia os efectos prexudiciais dos pesticidas no medio ambiente (flora e fauna) e apunta as responsabilidades da industria química na crecente contaminación. Esta edición vai prologada por Pablo Ramil Rego.



USC Universidade de Santiago de Compostela — Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

Clásicos do pensamento universal

978-84-16533-05-3

2015

ODS 12 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas expertas*

Reciclaxe

José Precioso e Renato Henriques

A produción de bens de consumo é beneficiosa, pero xera a redución de recursos naturais e grande cantidade de residuos. A reciclaxe reduce o consumo de recursos e enerxía e os problemas ambientais do seu vertido.



Nova Galicia edicións

Que me dis de

978-84-96950-94-8

2014

ODS 11 e 15

PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE | *Informativo* | *Lecturas expertas*

Unha historia do mundo en sete cousas baratas. Sobre o capitalismo, a natureza e o futuro do planeta

Raj Patel

Miguel Braña Montaña

Natureza, diñeiro, traballo, coidados, comida, enerxía e vida: estas son as sete cousas que construíron o noso mundo e que conformarán o seu futuro.



catroventos EDITORA

978-84-949154-8-2

2020

ODS 7, 8 e 15

E TAMÉN...

A redución, a reutilización e a reciclaxe dos residuos

De quen é a auga

Lía e as zapatillas de deporte

O xeito das froitas

Viravento Jones e o consumo responsable.

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Libro troquelado*** | ***Primeiras lecturas***

A árbore

Petra Bartíková

Magdalena Takáčová

María Reimóndez



Un carballo é como unha casa, con moitos animais, pequenos e grandes, vivindo nela.

O vento zoa alá no alto, na coroa da árbore. As pólas abanean e fregan as unhas contra as outras mentres que, nalgún lugar por debaixo delas, están as larvas de vacaloura, a araña tecendo, o cuco cantando…

BAÍA EDICIÓNS

Explora o reino animal

978-84-9995-289-5

2018

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A historia do Rainbow Warrior

Rocío Martínez

Rocío Martínez

Laura Almazán



Unha lenda dos indios contaba que chegaría un día en que homes e mulleres traballarían xuntos como guerreiros do arco da vella para defender a Terra e os seus habitantes da contaminación e das agresións contra a natureza. Hai anos os homes crearon un barco, con ese nome, para viaxar polo mundo protexéndoo e denunciando as agresións contra o medio e contra as especies.

kalandraka

978-84-8464-671-6

2008

ODS 14 e 17

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A pequena árbore

Ánxeles Ferrer

Ánxeles Ferrer



A pequena árbore ía medrando nun antigo souto, vendo como pasaban as estacións e como os merlos construían niños nas súas pólas. E o tempo ía pasando, ata que un día un "prendelumes" achégase ao souto e preséntase o perigo.

XERAIS

Merliño

9788497821995

2004

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Álbum ilustrado/Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

A viaxe de Peru

Rosa Barasoain Asurmendi

Azahar López de los Monteros Giner

Avelina Pichel Calo



Peru é un neno especialmente curioso e as súas aventuras lévano a unha viaxe incrible, na que se decata de que o planeta está en perigo. Viaxa por terra, mar e ceo… non sabe por onde empezar e poñerlle remedio a esta situación.

La Fertilidad de la Tierra

Cuentos para cuidar la tierra

9788494369391

2015

ODS 15

13 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Naturizo. Un cheiro picante

Alba de Evan Freijedo e Javier Domínguez Pérez

Alba de Evan Freijedo e Javier Domínguez Pérez

Naturizo (un ourizo cacho que vive na Serra de San Mamede en Ourense) nota un día, de súpeto, un cheiro que lle fai picar o nariz. Algún refugallo esquecido por algún excursionista concentrou unha raiola de sol ata facer arder a herba seca. A vida de Naturizo e os seus amigos pode cambiar para sempre… Unha historia que fala dos lumes na natureza, as súas consecuencias e como podemos previlos.



LINTEO EDICIONES

Infantil

978-84-945800-5-5

2017

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

O carballo

Calros Silvar

Calros Silvar

Todos os habitantes da natureza formamos un gran equipo. Dependemos uns dos outros para termos éxito e triunfar. O Carballo cóntanos como é a súa vida e as relacións cos demais seres vivos do seu ecosistema.



BAÍA EDICIÓNS

Aventura de vivir

9788499950372

2012

ODS 15 e 17

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

O raposo Rufo en O coidado do medio

Dani Viéitez García

Iria Iglesias Álvarez

Rufo e os seus amigos ensinan como coidar do seu contorno mantendo limpos os espazos naturais, reutilizando, reciclando… pequenos xestos cos que frear o deterioro do medio ambiente.



ee edicións embora

O raposo Rufo en

978-84-16456-32-1

2016

ODS 12 e15

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Pétala

Pep Bruno

Luciano Lozano

Pétala non ten auga para regar as súas flores, e acude ás nubes na busca de respostas. Alí atopa un terrible dragón que quedou coa casa da chuvia.



OQO editora

O

978-84-9871-651-1

2008

ACCIÓN POLO CLIMA | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Un cabalo de lume

Fina Casalderrey

Valentí Gubianas

O bisneto do señor Paco, Francisquiño, interroga ao seu bisavó: "Os homes non puideron facer iso, verdade?" Un enorme lume destrúe casas, animais, monte… todo o que arrodea a súa aldea. O señor Paco fálalle da Ave Fénix. Unha historia para reflexionar sobre o respecto polo medio e a responsabilidade que temos no seu coidado.



Baía Edicións

Mar de letras

9788496893276

2007

ODS 12 e15

ACCIÓN POLO CLIMA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Unha árbore

Rodrigo Mattioli

Rodrigo Mattioli

Mónica Lourido Santiso

Alina decidiu plantar unha árbore, e todo o seu entorno mudou. En ocasións, un pequeno xesto pode cambialo todo: a árbore crece, animaliños instálanse nela, crecen froitas, os insectos séntense atraídos… Moitas novas vidas a partir dun pequeno xesto.



apila ediciones

Alina

978-84-17028-28-2

2019

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Xaime e as landras

Tim Bowley

Inés Vilchez

G. Tolentino

Xaime plantou unha landra, pero un esquío levouna e escondeuna. Xaime non se rendeu e seguiu tentándoo, pero os animais comían os brotes, un leñador cortou a árbore… ata que por fin o conseguiu. Unha historia sobre o amor pola natureza e a convivencia respectuosa con ela.



Kalandraka

Demademora

978-84-8464-532-0

2005

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

50 cousas que os nenos poden facer para salva-la terra

VV.AA.

Inés Vilchez

G. Tolentino

Xaime plantou unha landra, pero un esquío levouna e escondeuna. Xaime non se rendeu e seguiu tentándoo, pero os animais comían os brotes, un leñador cortou a árbore… ata que por fin o conseguiu. Unha historia sobre o amor pola natureza e a convivencia respectuosa con ela.



EMEGÉ-SALVORA

978-84-7888-309-7

1996

ODS 17

13 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

gálix

ACCIÓN POLO CLIMA | *Banda deseñada* | *Lecturas autónomas*

Bulleira. As abraiantes aventuras de Mariña 2



Simón Blanco, Ignacio Hernández e Miguel Robledo

Simón Blanco

Tras dez anos de escuridade coa perda da electricidade, polos positivos e negativos investigan como recuperar a enerxía. Mariña verase envolta nunha nova aventura rodeada dos segredos do camiño de Santiago.

Aira

978-84-123849-5-6

2021

ODS 7

ACCIÓN POLO CLIMA | *Banda deseñada* | *Lecturas autónomas*

Carriandola. As abraiantes aventuras de Mariña



Simón Blanco

Simón Blanco

Nun ano 2020 sumido na escuridade porque a electricidade desapareceu para sempre, Mariña emprende unha aventura na busca da luz nun lugar da Vía da Prata. Como chegou a desaparecer a electricidade e que fará Mariña para recuperar a luz?

Aira

9788412132410

2020

ODS 7

ACCIÓN POLO CLIMA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Clara e o rapto do solpor



José Julio Fernández Rodríguez

Enrique López López

O solpor está a piques de desaparecer por mor da contaminación. Clara e os seus amigos do bosque deberán traballar xuntos para impedilo. Unha historia sobre a cooperación e o coidado do medio ambiente.

Hércules de Ediciones

Novas lecturas de Hércules

978-8494650215

2017

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O ceo dos afogados



Francisco Castro

O mesmo día, na mesma hora, todos os delfíns do mundo se concentran no mesmo punto de tódolos mares e nadan cara á costa; de súpeto, detéñense en círculos, en silencio. Unha historia de misterio que aborda o tema da importancia da comunicación, o respecto dos humanos polos animais e a necesidade dun xeito de vida máis sostible para manter o equilibrio ecolóxico, en grave perigo.

XERAIS

Fóra de xogo

978-84-9914-190-9

2011

ODS 14

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O home que plantaba árbores

Jean Giono

Jacobo Fernández Serrano

Ánxela Rodríguez Rodríguez



A historia de Elzeard Bouffier, un pastor que durante anos e anos se adicou a repoboar con árbores un territorio ermo da Provenza, converténdoo nun paraíso verde. Un canto de amor á terra e ao traballo por coidala e respectala, contribuíndo ao seu enriquecemento e evitando á súa destrución.

EDITORIAL GALAXIA

Árbore

978-84-9865-155-3

2009

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Libro informativo*** | ***Lecturas autónomas***

Que teñen que ver as vacas co cambio climático?

Marián Martínez Izquierdo e Luisa Martínez Lorenzo

Luisa Martínez Lorenzo



O solpor está a piques de desaparecer por mor da contaminación. Clara e os seus amigos do bosque deberán traballar xuntos para impedilo. Unha historia sobre a cooperación e o coidado do medio ambiente.

HÉRCULES DE EDICIONES

Preparados, listos...xa!

978-84-18966-08-8

2022

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Libro informativo*** | ***Lecturas expertas***

A historia de Greta. Non es demasiado pequeno para facer cousas grandes

Valentina Camerini

Veronica Veci Carratello

Moisés Barcia Rodríguez



Coñecer a vida de Greta Thunberg, a rapaza que iniciou o movemento *Frydays for future* demostrará á rapazada que eles tamén poden facer algo polo seu planeta, porque pequenas accións, coma no caso de Greta, acaban xerando grandes movementos polo clima.

sushi books

Intermedio libros

978-84-16884-32

2020

ODS 17

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

A terra de Anna

Jostein Gaarder

David Álvarez Martínez



Anna recibe polo seu aniversario un agasallo moi especial: un anel cun rubí que fará que comece a ter soños premonitorios. Nestes soños verá á súa bisneta Nova en 2082, nun mundo ameazado pola suba do nivel do mar, o avance dos desertos e a desaparición de multitude de especies. Tras este soño, Anna tratará, xunto co seu amigo Jonas e o doutor Benjamin, de advertir ao mundo do que pode pasar e das ameazas que fan perigar o planeta.

FAKTORÍA K DE LIBROS

Narrativa K

978-84-16721-14-6

2017

ODS 17

13 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

ACCIÓN POLO CLIMA | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Biodiversidade. Cara a unha sexta edición masiva

Sylvestre Huet (coord.)

Miguel Braña Montaña



O planeta encamíñase a unha fase de extinción masiva. Que a causa e que podemos facer nós para freala?

catroventos EDITORA

978-84-945917-2-3

2017

ACCIÓN POLO CLIMA | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

O libro do clima. Todo o que cómpre saber sobre o cambio climático

Esther Gonstalla

Patricia Buxán Outeiro



A autora reflicte, nesta obra de carácter divulgativo, as consecuencias que os cambios no clima están a ter nas distintas zonas da terra, axudándose de gráficos (vagas de calor, inundacións, ondadas de frío…). Analiza o efecto das nosas accións sobre o clima e pretende expor tamén posibles solucións que poñan freo a este deterioro.

catroventos EDITORA

978-84-122499-0-3

2020

ACCIÓN POLO CLIMA | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Os tempos e o clima de Galicia

Alberto Martí Ezpeleta, Juan José Taboada Hidalgo, Dominic Royé e Xavier Fonseca Blanco



Ademais de ofrecernos datos e curiosidades sobre o tempo e o clima en Galicia, como cales son os lugares máis e menos calorosos ou onde chove máis e menos, e explicarnos cales son os principais fenómenos meteorolóxicos que afectan á nosa terra, esta obra explica os principais efectos do cambio climático aquí, como prexudican á nosa vida cotiá e cales son as perspectivas de futuro.

XERAIS

Xerais Básicos Ciencia

978-84-1110-224-7

2022

ODS 15

ACCIÓN POLO CLIMA | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Salvemos o planeta. Respostas rápidas para preguntas enxeñosas

Roser Ruiz Laguas

Bruno Martínez Tabares



Un libro co que aprender os perigos que ameazan o noso planeta e como combatelos: o plástico, os vertidos ao mar, o exceso de residuos… un achegamento aos principais causantes do cambio climático e o deterioro do planeta.

XERAIS

Xerais Básicos Ciencia

978-8491217497

2022

ODS 7, 11 e 15

ACCIÓN POLO CLIMA | ***Libro informativo*** | ***Lecturas expertas***

Transición ecolóxica. Manual de uso

Philippe Frémeaux, Wojtek Kalinowski e Aurore Lalucq

Miguel Braña Montaña

Unha reflexión sobre as crises cada vez máis graves que o cambio climático e o esgotamento dos recursos van provocar na Terra, e unha proposta para outro xeito de vida, de consumir, traballar, producir… máis respectuoso co medio e con nós mesmos.



catroventos
EDITORA

978 84 945917 0 9

2016

ODS 17

E TAMÉN...

A terra queima

O abc do clima

Sementes de papel

14 Literatura infantil e xuvenil galega

VIDA SUBMARINA | *Banda deseñada* | *Primeiras lecturas*

Animalia 3. Azul

Xosé Tomás

Xosé Tomás



Colección de historias gráficas "autoconclusivas" que nas que os protagonistas son animais acuáticos. A través delasvaise facendo unha reflexión sobre a condición humana ao tempo que se reflicte a diversidade animal deste hábitat.

XERAIS

Merlín cómics

978-84-9121-846-3

2021

VIDA SUBMARINA | *Banda deseñada* | *Primeiras lecturas*

Animalia 2. Branco

Xosé Tomás

Xosé Tomás



Colección de historias gráficas nas que os protagonistas con animais que habitan nos polos. A través delas vaise facendo unha reflexión sobre a condición humana ao tempo que se reflicte a diversidade animal deste hábitat.

XERAIS

Merlín cómics

978-84-9121-526-4

2019

VIDA SUBMARINA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Benxamín, o cachalote que quería ser golfiño

Paula Carballeira

Paula Millán



Benxamín é un pequeno cachalote que quere ser coma os golfiños: saltar, cantar e recitar poesía. A única que entende a Benxamín é Minerva, a súa amiga tartaruga. Benxamín perde o ánimo, enferma de tristeza e é Minerva quen acode na súa axuda para evitar que a súa especie desapareza.

Trata o tema do perigo de extinción das especies por mor da contaminación mariña.

triqueta editora

978-84-949231-2-8

2019

ODS 7 e 12

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Evaristo, un corvo moi listo

Manolo Uhía

Manolo Uhía



Lino percorre o fondo mariño acompañado do seu amigo o corvo Evaristo, o mellor guía que podería ter, xa que coñece polo miúdo o lugar. Unha historia para coñecer a diversidade do hábitat submarino.

HÉRCULES DE EDICIONES

Montaña encantada

978-84-4030-430-8

2002

VIDA SUBMARINA | *Libro informativo* | *Primeiras lecturas*

O mar

Mathilde Paris

Mélanie Combes e Jean-Sébastien Deheeger

Un libro informativo para descubrir o apaixonante mundo do mar, con todos os seres con formas e costumes sorprendentes.



BAÍA EDICIÓNS

Descubro e aprendo

9788499952734

2018

VIDA SUBMARINA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

O arrecife de coral

Radka Píro

Martin Sojdr

María Reimóndez

Un libro "troquelado" para descubrir as marabillas que se agochan nos arrecifes de coral, poñer en valor a súa diversidade e invitar a preservalos fronte aos danos que infrinximos ao mar.



BAÍA EDICIÓNS

Explora o reino animal

978-84-9995-359-5

2021

VIDA SUBMARINA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

O peixe Arcodavella

Marcus Pfister

Marcus Pfister

Iago Nicolás Ballesteros

Era o peixe máis bonito de todo o océano. O seu vestido de escamas brillaba con todas as cores do arco da vella. Os demais peixes admirábano e chamaban por el para xogaren xuntos, pero o peixe Arcodavella ignorábaos. Todo cambiou cando lle negou unha das súas escamas brillantes a un peixiño azul; dende entón, todos lle deron as costas e o peixe Arcodavella quedou só e triste.



kalandraka

Tras os montes

978-8484644170

2019

VIDA SUBMARINA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Os Bolechas 18. Os océanos

Pepe Carreiro

Pepe Carreiro

Nesta entrega dos coñecidos Bolechas, Tata aprenderá unha morea de cousas sobre os océanos: as zonas que os forman, a súa flora, os distintos animais que os habitan… Unha historia para poñer en valor a riqueza e diversidade do medio mariño.



bolanda

Biblioteca básica. Os bolechas

978-84-608-2011-6

2016

14 Literatura infantil e xuvenil galega

VIDA SUBMARINA | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Peixe

Emilio Urberuaga

Javier Zabala

Peixe é un inconformista, e nin o mar, nin a terra, nin o ceo son abondo para afogar as súas ansias de explorar e percorrer praias e rúas nun irónico canto á liberdade, á creatividade e ao desenvolvemento persoal.



Bululú

978-84-18667-40-4

2022

VIDA SUBMARINA | *Poesía* | *Primeiras lecturas*

Poemar o mar

Antonio García Teijeiro

Xan López Domínguez

Un libro de poemas que teñen en común o tema do mar con todos os elementos que forman parte dese mundo.



XERAIS

Merlín

978-84-9121-018-4

2016

Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 2017

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Ardora

Beatriz Maceda Abeleira

Laura Veleiro

Nereida, xunto cos seus irmáns, queda ao cargo da súa vella tía Lola cando as súas nais saen de xira. Durante esta etapa sucederalles algo que as fará reflexionar sobre a importancia de coidar os mares e os seres que neles habitan.



urco EDITORA

978-84-949456-0-1

2019

II Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil, 2019

ODS 5 e 10

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Area maior

Manuel Martínez Barreiro

Marcela Santorun

Os animais que habitan as augas e a area da Praia dos Muíños, en Area Maior, néganse a seguir vivindo en augas toldadas e inician unha revolta contra os Bocatorta. Unha historia que nos fala da loita pola conservación do medio natural, especialmente do mariño.



XERAIS

Merlín

978-84-9782-601-3

2007

ODS 17

VIDA SUBMARINA | *Banda deseñada* | *Lecturas autónomas*

Gol. Aventuras no mar

Tokio

Tokio

A través das súas tiras transmítesenos unha mensaxe ecolóxica sobre a fauna mariña.



deMO EDITORIAL

978-84-947396-8-2

2018

VIDA SUBMARINA | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Baleas e golfiños

Caroline Harris

Unha obra que nos acerca ás baleas e golfiños, os seus costumes e o seu hábitat, ao tempo que propón diversas actividades para coñecelos mellor.



BAÍA EDICIÓNS

Os primeiros coñecementos da ciencia

978-84-96893-22-1

2007

VIDA SUBMARINA | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Inventario ilustrado dos mares

Virginie Aladjidi

Emmanuelle Tchoukriel

Fernando Moreiras Corral

Unha guía ilustrada que nos mostra a diversidade mariña, con máis de cen animais e plantas para poñer en valor a riqueza dese medio natural.



FAKTORÍA K DE LIBROS

978-84-1525-048-7

2013

VIDA SUBMARINA | *Poesía* | *Lecturas autónomas*

Mar de mazá

Elvira RibeiroTobío

Begoña G. Arce

Poemas para amosar todos os segredos que atesoura o mar. Seguindo o son destas rimas sucarás océanos, mirarás as ondas e descubrirás os tesouros que o mar agacha.



EDITORIAL GALAXIA

978-84-9151-560-9

2020

14 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

VIDA SUBMARINA | *Banda deseñada* | *Lecturas autónomas*

Micro algas, o mar de ardora

Xulia Pisón

Xulia Pisón



Nesta nova aventura, Spirulina e os seus compañeiros, representantes das distintas familias de microalgas, terán que loitar contra unha vertedura de residuos tóxicos que contaminan as augas que habitan o pobo dos mareel dende hai xeracións.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ciencia Aberta

978-8497497435

2020

VIDA SUBMARINA | *Banda deseñada* | *Lecturas autónomas*

Micro algas, o mundo oculto

Xulia Pisón

Xulia Pisón



Un grupo de adolescentes loitan contra as ameazas que sofre o medio ambiente. A través da historia imos coñecendo as distintas familias de microalgas, personificadas nunha cuadrilla de rapaces e rapazas antropomórficos que defenden o planeta grazas aos seus poderes para pelexar contra a contaminación ou completar a nosa alimentación.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ciencia Aberta

978-84-9749-696-4

2019

VIDA SUBMARINA | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Océanos e mares

Caroline Harris



Texto e fotografías mostran, ata o máis mínimo detalle, as profundidades do mar e as súas criaturas. Ao tempo propóñennos interesantes actividades e pequenos experimentos para poñer en valor e apreciar o mundo mariño.

BAÍA EDICIÓNS

978-84-96893-23-8

2007

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O futuro roubado

Ramón Caride

Miguelanxo Prado



Said e Sheila, os dous irmáns que viven no mundo futuro (e nos envían mensaxes ao presente) desaparecen misteriosamente. É a súa amiga Irina a que o descobre cando vai visitalos ao seu muíño de Loreda. Said e Sheila terán que plantarlle cara a poderosos grupos que, buscando enriquecerse, pretenden destruír a beiramar, sen pensar no desastre ecolóxico e cultural que van provocar.

XERAIS

Merlín

978-84-8302-743-1

2002

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O libro do verán

Tove Jansson

Tove Jansson

Moisés Barcia

Unha illa é o espazo natural de historias que tratan de convidar a unha reflexión sobre o mar e demais misterios da natureza, nas voces dunha avoa e a súa neta.



sushi books

Avanzado

978-84-16884-12-4

2018

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Os piratas da illa esperanza

X. H. Rivadulla Corcón

Adrián Solleiro

Novela de temática mariñeira. O Club de Lectura Pedra dos Corvos len A Illa do Tesouro. Cando coñecen ao Vagabundo, un vello e nobre navegante, vivirán unha arriscada aventura que os levará a embarcarse no Praia de Quenxe para procurar un tesouro na illa da Esperanza.



XERAIS

Merlín

9788497827287

2008

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Un verán en Flamia

Marcos Calveiro

Xiana Teimoy

A familia decide castigar a Uxío despois de que el fai un mal uso do móbil. A permanencia nun campamento asentado nunha illa, faino enfrontar a outra realidade: a vella factoría de baleas na que traballou a xente da zona, un baleato varado ao que salvar e o compañeirismo entre a rapazada.



TAMBRE

Ala Delta

978-8490465202

2022

VIDA SUBMARINA | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Alén do azul. O mundo submarino da ría de Vigo

Sara Carrrasco e Silvia Iglesias

Sara Carrrasco e Silvia Iglesias

Guía ilustrada que nos achega ás marabillas da flora e da fauna que se atopan na ría de Vigo. Un libro para poñer en valor o hábitat mariño próximo, con textos, fotografías e mesmo enlaces a vídeos mediante códigos QR.



catroventos EDITORA

978-84-949154-9-9

2020

14 Literatura infantil e xuvenil galega

VIDA SUBMARINA — *Libro informativo* — *Lecturas expertas*

Algas mariñas de Galicia

J. Otero Schmitt, Patricia Comesaña Martínez e Marisa Castro



Unha análise das algas mariñas a través da súa definición, clasificación e taxonomía, nomenclatura científica, a auga do mar e os factores de distribución das algas...

BAÍA EDICIÓNS

Baía Verde

978-84-89803-26-8

2001

VIDA SUBMARINA — *Libro informativo. Guía ilustrada* — *Lecturas expertas*

Guía definitiva dos peixes da Galiza

Ignacio Munilla Rumbao e Francisco Lapeña Otero

Ignacio Munilla Rumbao e Francisco Lapeña Otero



Guía ilustrada que recolle 51 peixes comúns que se atopan nos mares galegos, cunha descrición acompañada de lendas e contos nos que cada especie é a protagonista. Un libro para coñecer a diversidade dos nosos peixes e as historias relacionadas con eles.

AUTOEDITADO

978-84-09-26337-0

2020

VIDA SUBMARINA — *Libro informativo* — *Lecturas expertas*

Guía das macroalgas de Galicia

Jorge Otero Schmitt, Patricia Comesaña Martínez e Marisa Castro Cerceda

Carlos Silvar



Guía ilustrada que recolle as 90 macroalgas que atopamos nas nosas costas, cunha descrición detallada do seu hábitat, características, cultivo e aproveitamento. Unha mostra máis da importancia do medio mariño para a terra e os seus habitantes.

BAÍA EDICIÓNS

Baía Verde

978-84-89803-22-0

2002

VIDA SUBMARINA — *Libro de artista* — *Lecturas expertas*

Nación Mar

Xosé Iglesias

Xosé Iglesias



Unha chamada de atención sobre un ecosistema que loita por sobrevivir sen perder a súa esencia. As evolucións ilustradas de barcos a cetáceos transmítennos a beleza dun universo, a simbiose entre os seus moradores e o valor dos coñecementos que nacen da experiencia.

Bululú

978-84-18667-01-5

2021

VIDA SUBMARINA | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

O libro dos océanos. Que ameaza o mar

Esther Gonstalla

Patricia Buján Otero

Obra divulgativa sobre a multitude de problemas que enfronta o mar na actualidade: contaminación por plástico, verteduras de petróleo, sobreexplotación pesqueira… Neste libro atopamos unha análise pormenorizada do estado en que se atopa o ecosistema mariño e cales están sendo as consecuencias da actividade humana nel.



catroventos EDITORA

978-84-945917-9-2

2018

ODS 7 e 12

VIDA SUBMARINA | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O mar é noso

Alicia Borrás

Colección de relatos que nos aproxima ao mundo do mar.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9865-254-3

2010

VIDA SUBMARINA | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

Plasticus maritimus. Unha especie invasora

Ana Pêgo e Isabel Minhós Martins

Bernardo Carvalho

Celia Recarey

Nesta obra divulgativa coñecemos os distintos tipos de plásticos que contaminan os nosos mares e os problemas que causan ao medio acuático e aos seres vivos que nel habitan. Calcúlase que uns 8 millóns de toneladas de material plástico acaban cada ano no medio mariño, o que fai pensar que no ano 2050 o peso do plástico presente neste medio superaría ao dos propios peixes.



Kalandraka

978-84-1343-016-4

2020

ODS 12

E TAMÉN...

A arte do bo pescar
Cando soa a buguina
Enciclopedia temática. A Nosa Terra. Tomo I O medio mariño
Enciclopedia temática. A Nosa Terra. Tomo VII Os recursos mariños
Galiza: O mar
Guía dos peixes de Galicia
O canto dos peixes
O ecosistema mariño
O medio mariño
O noso amor será eterno
Os recursos mariños
O traballo no mar
Nos mares diversos
Patente de corso
Os peixes de cores
Verbas de sal

15 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A fraga do meu avó

Alicia Borrás e Gloria Sánchez

María Lires



Obra que busca concienciar acerca dos problemas dos bosques autóctonos e dos espazos naturais a través de poesía, música e ilustracións. O seu obxectivo é que a rapazada poda seguir gozando de espazos de vida coma as fragas.

Inclúe CD de Mamá Cabra

EDITORIAL GALAXIA

Sonárbore

9788491513599

2019

ODS 11

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

A nena que abrazaba as árbores

Henrique Alvarellos Casas

Xulia Nieto Pereira



Libro que nos convida a mergullarnos nos segredos do bosque a través da protagonista, Lucía, e do seu amigo Álex, que, aínda que non pode ver, sente cada son e cada pedazo de natureza.

EDITORA alvarellos

Verdemar

9788416460793

2020

ODS 10

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Poesía* | *Primeiras lecturas*

Animalario de ler a diario

Eduard Velasco

Nuria Díaz



Hai foliada no souto e os animais convídannos a bailar con eles e a descubrir como viven polo aire, pola terra e polo mar. A vacaloura, o morcego ou o caranguexo tatexo farannos rir e emocionarannos.

XERAIS

Merlín

9788411101103

2022

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Esperando o amencer

Fabiola Anchorena

Fabiola Anchorena

Manuela Rodríguez



O texto poético e o tratamento da cor son as ferramentas das que se serve a autora para desenvolver esta necesaria chamada de atención ante a explotación e destrución que a Amazonia sofre desde hai décadas.

kalandraka

Premio Compostela

9788413431772

2022

ODS 11 e 12

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Teatro* | *Primeiras lecturas*

Historia dunha sobreira

Ramón Caride Ogando

Suso Cubeiro

Esta obra teatral alerta dos perigos de non coidar, respectar e amar a natureza que nos rodea. Fálanos da experiencia dun grupo de escolares que fai o imposible para evitar que tallen a sobreira que, desde sempre, é compañeira e amiga do alumnado do colexio.



editorial everest galicia

Galicia encantada

9788440304018

2001

ODS 17

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Lume! Dona Landra contra a lapa

Alberto Varela Ferreiro

Alberto Varela Ferreiro

Non hai moito tempo había un bosque vello e fermoso onde vivían moitos animais, ata que un día unha lapa esfameada escapou dunha cachela con desexos de facer lume e fume.

Libro para concienciar acerca de que a nosa paisaxe forma parte da nosa identidade.



XERAIS

Merliño

9788497825627

2007

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Libro informativo* | *Primeiras lecturas*

O gran libro da nosa horta

Blanca Millán

Blanca Millán

O libro amosa todo o que precisamos saber para crear a nosa horta dende o principio. Coñeceremos o lugar perfecto para ela, os procesos de semente e colleita e os cultivos que podemos poñer en cada época do ano para ter froitas e verduras frescas cada día.



cumio

Álbumes ilustrados

9788482895833

2022

ODS 11

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

O noso recuncho

Marina Núñez

Avi Ofer

Esta historia ocorre nun espazo verde onde todo é posible no medio dunha gran cidade. Cando os nenos e as nenas descobren que este recuncho vai desaparecer, empezan a coidalo como nunca e a soñar en todo o que podería suceder alí.



Tiqueta editora

Infantil

9788418687297

2022

ODS 17

15 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

gálix

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Os Bolechas queren saber que é o solo



Pepe Carreiro

Pepe Carreiro

A NOSA TERRA

Os Bolechas

9788496203136

2014

A familia dos Bolechas aprende que clase de animais e plantas viven no solo e no subsolo. Tamén aprenden que o seu coidado é fundamental para a nosa vida.

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Os nosos bosques



Diego García e Judit Santos

Clara Cerviño e Andrea Soto

miudiño · S.COOP.GALEGA ·

Coñecer para amar

9788494475832

2021

As fermosas ilustracións amósannos a riqueza de vida que agochan os diversos bosques galegos, invitándonos a esculcalas e coñecermos as fragas atlánticas, as devesas luguesas, as carballeiras e soutos repartidos polo territorio.

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Por tobos e tobeiras



Markéta Špačková

Ilona Komárková

María Reimóndez

BAÍA EDICIÓNS

Quen vive aí?

9788499953489

2021

ODS 11

Este álbum é unha invitación a botar unha ollada ao interior das cámaras misteriosas que se atopan ao pé de tocos e árbores caídas, nos camiños subterráneos para visitar coellos, ver osos durmindo nas súas camas ou algúns armiños falcatrueiros...

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Poesía* | *Primeiras lecturas*

Sementes viaxeiras



Yolanda Castaño Pereira

Xosé Tomás

ee edicións embora

Fardel dos soños

9788417824051

2019

Primeiro volume dunha triloxía sobre migracións no que Yolanda Castaño mostra os distintos tipos de viaxes que percorren as sementes para espallar a súa descendencia: polo aire, pola terra ou polo mar.

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

A fraga (des)animada

Xesús Santos Suárez

Esta obra de teatro discorre nunha fraga onde conviven árbores foráneas e autóctonas. O carballo, o piñeiro ou o castiñeiro discuten co eucalipto porque ten sede de máis. Cando chega dende Portugal a sobreira, as protestas volverán aparecer. Todo empeora coa chegada do ser humano.



IRINDO

Nabarquela

9788476801147

1993

ODS 11

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Novela* | *Lecturas autónomas*

As fadas verdes

Agustín Fernández Paz

Beatriz Castro Arbaizar

O lume arrasa o monte do Castro e case acaba coas fadas verdes. Pero no máis profundo da fraga sobrevive Goewín, quen lle vai revelar a Diana todos os segredos das gardadoras do bosque. Unha forma amena de ver a relación entre ecoloxía e lendas.



sm

El Barco de Vapor - Azul

9788413183565

2020

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Novela* | *Lecturas autónomas*

As sentinelas do silencio

Beatriz Maceda

Laura Veleiro

Iria ten que deixar a cidade onde vive, as súas amigas, o colexio, a praia das tardes do verán... para ir vivir cos seus pais no campo. Alí a vida semella perder todo o sentido ata que vai coñecendo unha comunidade de persoas especiais.

Unha emotiva novela ecoloxista; un canto á natureza e á defensa do medio rural.



XERAIS

Merlín

9788411101349

2022

ODS 17

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Creador@s na reserva

VV AA

VV AA

Trátase de poñer en relación a creación literaria e plástica, unindo 21 textos literarios e 21 ilustracións de creadoras e creadores galegos para destacar a riqueza natural da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, difundindo o recoñecemento outorgado pola UNESCO. Coordinado por María Canosa



galix

9788409372799

2022

ODS 11

Pódese descargar de www.galix.org

15 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Novela* | *Lecturas autónomas*

O que nunca che contaron

María Canosa e Kike Gómez

Dani Padrón

Observaches o ceo á noite e non fuches quen de ver o po de estrelas? Quen inventou o baile das bolboretas? E... de onde tiran a inspiración os magos? Cando descubras os segredos destas páxinas, verás o que acontece arredor de ti dun xeito diferente.



oqueleo

Serie morada

9788416834808

2017

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Informativo / Narrativo* | *Lecturas autónomas*

O valor das árbores

Susana Domínguez

Daniel Rodríguez

Rubén Anido Domínguez

Libro que explica o valor das árbores nos ecosistemas e o papel esencial que xogan para que poida seguir existindo a vida tal como a coñecemos. Xunta a descrición das árbores (libro informativo) cos relato de diferentes historias relacionadas con elas.



EDITORIAL SAURE

Una mano tendida

9788417486990

2022

ODS 11

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

Pelexa no souto

Olimpio Arca Caldas

Paco Lareo

A obra representa o xuízo polas disputas entre un castiñeiro e un eucalipto. Nel, distintos animais e veciños interveñen para aclarar as virtudes de ambos.



EDICIÓNS FERVENZA

A Pinguela. Teatro Escolar

9788418136344

2001

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Novela* | *Lecturas autónomas*

O rescate do Peneireiro

Marilar Aleixandre

Fran Jaraba

O irmán de Sabela forma parte dun grupo de ornitólogos preocupados porque os peneireiros cinsentos, unha especie protexida, están a desaparecer dun xeito misterioso en toda Europa. Sabela e Nito serán as persoas encargadas de investigar esta circunstancia.



XERAIS

Merlín

9788475074719

1990

ODS 11

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

Terras polares

Margaret Hynes

Libro que, de forma amena e rigorosa, introduce as nenas e os nenos no coñecemento da ciencia e, en especial, das terras polares.



BAÍA EDICIÓNS

Primeiros coñecementos da ciencia

9788496526761

2007

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

A degradación invisible do solo

Gerd M. Neugebauer

Patricia Buxán Outeiro

A meirande catástrofe ecolóxica está a pasar case inadvertida: cada ano desaparecen no mundo sete millóns de hectáreas de terra fértil, unha superficie equivalente a máis do dobre de Galicia. A obra tamén dá motivos para a esperanza e recolle un pequeno catálogo de experiencias transformadoras.



catroventos EDITORA

Ensaio

9788412249927

2020

ODS 11

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

A expedición do Pacífico

Marilar Aleixandre

A expedición do Pacífico é unha novela que conta as aventuras dunha nena de doce anos, Emilia, que se agacha como polisón nunha expedición científica que parte para explorar o Pacífico no século XIX. As ideas feministas, a polémica entre o darwinismo e o creacionismo e a paixón polo coñecemento están nas páxinas da novela.



XERAIS

Fóra de xogo

9788497825016

2007

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

A natureza ameazada: xea, flora e fauna de Galicia en perigo

Juan Ramón Vidal Romaní

Xosé Luis González Gallego

Un repaso polas contornas naturais ameazadas en Galicia, tanto no caso da fauna e da flora como das paisaxes xeolóxicas.



Consello da Cultura Galega

Colección do patrimonio ecolóxico

9788487172539

1989

15 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Guías de natureza* | *Lecturas expertas*

As 50 máis comúns

VV AA

Guías de pequeno formato que recollen as 50 especies de ave máis comúns, as 50 especies de cogomelos e as 50 especies de árbores máis comúns. Unhas guías de natureza moi axeitadas para ser utilizadas polo lectorado experto.

A colección está formada por: *Aves*, *Cogomelos*, *Árbores*.



BAÍA EDICIÓNS

As 50 máis comúns
978-84-92630-75-2
978-84-92630-81-3
978-84-92630-76-9
2007

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Novela* | *Lecturas expertas*

A treboada de C

Agustín Agra

Conto que amosa a importancia da pegada do home na natureza e do cambio climático no planeta.



XUNTA DE GALICIA

Contos Climánticos
978-84-45347-18-8
2009

ODS 13
Pódese descargar de www.climantica.org

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

Guía das árbores autóctonas e ornamentais de Galicia

Marisa Castro, Antonio Prunell e Jaime B. Blanco-Dios

Jacobo Fernández Serrano

A guía repasa as xeneralidades botánicas e os diversos usos das especies, poñendo especial énfase nas árbores froiteiras, sempre relacionadas co territorio galego: a nomenclatura popular e científica, a clave de especies que permite identificar -sen usar conceptos botánicos complexos- a totalidade das especies citadas, a vexetación autóctona e as plantacións forestais, a silvicultura, as árbores froiteiras, os xardíns en Galicia...



XERAIS

Natureza
9788497826457
2007

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

Guía de ecoloxía cotiá

Ramsés Pérez Rodríguez

Esta guía achega ideas no debate sobre o modelo de sustentabilidade, especialmente no referido a consumo e a ecoloxía doméstica. Resulta moi acaído para divulgar prácticas que incidan en actitudes e comportamentos coherentes coas ideas defendidas.



BAÍA EDICIÓNS

Baía Verde
9788496893580
2008

ODS 11, 12 e 13

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

Guía de iniciación á natureza

Javier Moreiras Menor

Guía ilustrada con fotos e debuxos explicativos. Ofrece unha sinxela e amena iniciación ao estudo da natureza, baseada en experiencias prácticas. Preséntase información sobre os cogomelos, árbores, anfibios, réptiles, aves e mamíferos de Galicia.



EDITORIAL GALAXIA

Guías

9788482881874

2000

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Na cerna da selva

Pere Tobaruela

O adolescente protagonista é testemuña do asasinato de Dian Fossey, a defensora dos gorilas das montañas. Unha mafia poderosa está disposta a acabar con ela e con todos os que se opoñan aos seus intereses económicos. Igual que antes fixera o colonialismo europeo, tanto os animais coma as tribos africanas, son xoguetes nas súas mans.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9151-933-1

2022

ODS 17

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Poesía* | *Lecturas expertas*

Nunca mascotas

Paula Carballeira

Unha ollada que quere contarlle á mocidade, dende a beleza e a reflexión, o que pensa ela sobre a vida animal (da que tamén as persoas formamos parte) así como o papel dos animais como mascotas.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

9788498657289

2016

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Triloxía de Corfú

Gerald Durrell

Susana Collazo / Moisés Barcia

Os tres libros describen os cinco anos que o autor e a súa familia pasaron na illa grega de Corfú, prestando especial atención á fauna que puido observar aló durante a súa estadía.

A colección confórmana: *A miña familia e outros animais*, *Bechos e demais parentes* e *O xardín dos deuses*.



sushi books

Triloxía de Corfú

9788415920915

9788415920922

9788415920939

2016

15 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

Vivir no solo

Marilar Aleixandre

Estudio Tangaraño

Libro de banda deseñada que conta, dun xeito moi ameno, a vida dos animais que podemos atopar no solo. Eles son os que o renovan para que poida vivir nel o resto da vida vexetal e animal do planeta.



Consello da Cultura Galega

Ciencia para todos

9788495415321

2000

E TAMÉN...

A casa dos Lucarios

Akna

A miña árbore secreta

As aventuras de Nunavut (O nacemento de Nunavut, Un día de caza, Sedna, a deusa do mar, O caribú namorado)

A horta en Galicia

A linguaxe das plantas

A miña cadeliña

A promesa do cabezolo

Ceiba de luz

Colección: *O meu pequeno animalario*

Colección: *Os animais domésticos*

Colección: *Pregunta á Dra. Peteiro*

Colección: *Quen vive aí?*

Enciclopedia Temática Ilustrada. O medio terrestre ANT

Enciclopedia Temática Ilustrada. Os espazos naturais ANT

Guía práctica para o cultivo

Indómita e a Semente da Inmortalidade

Nós estamos aquí

O carballo

O libro da selva

Os ecos do lume

Os mil brancos dos esquimós

O Rei da Floresta

Planeta Bugallo

Receitas para cociñar o ar

Un choque inesperado

Viaxe ao patrimonio natural lucense

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

A galiña da paz

Gloria Sánchez

Manuel Uhía

Unha galiña peregrina a Santiago para pedirlle un desexo ao Apóstolo: poder voar para converterse nunha galiña da Paz.



edebé

Tucán Verde

9788481168686

2002

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A guerra dos números

Juan Darién

Juan Darién

Marisa Núñez

A través do uso simbólico e metafórico da operación matemática de restar, a historia achéganos á loucura das guerras orixinadas por mor da crenza, de que todo aquilo que é diferente supón unha ameaza.



OQO editora

O

9788498711547

2009

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A historia do Touro Ferdinando

Munro Leaf

Robert Lawson

Xesús Fraga

A historia do touro Ferdinando é unha alegoría pacifista e antibelicista. Kalandraka recupera a primeira versión en branco e negro deste clásico -aínda tan vixente- que data de 1936. A historia presenta un Ferdinando sensible que, fronte á bravura doutros touros, prefire a tranquilidade dun prado e o arrecendo das flores.



kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-982-3

2016

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Alcaldesa Vermella

El Hematocrítico

Mar Villar

Anaír Rodríguez

Un misterioso personaxe chegou á fraga. Axiña corre o rumor de que é o mesmísimo xenio da lámpada marabillosa, así que os habitantes do lugar deciden reunirse para facer unha listaxe de peticións. Carapuchiña Vermella, que será a encargada de falar con el, non pode nin imaxinar que estará nas súas propias mans, e nas dos outros personaxes dos contos, a posibilidade de facer do bosque un lugar mellor.



XERAIS

Pequeno Merlín

978-84-9121-650-6

2020

ODS 5 e 17

16 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

A meiga Dona Paz



Antoniorrobles

Xosé Díaz

Claudio Rodríguez Pérez

Unha bruxiña, coa axuda de seis nenos insólitos leva a paz a dous exércitos en loita.

EDICIÓS DO CASTRO

Narrativa pra nenos

84-7492-032-9

1980

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Batalla de naipes



Juan Ignacio Pérez Palomares

Josep Rodés Jordá

Silvia Pérez Tato

O rei Sobruto II vivía en permanente disputa co seu veciño o rei Afilado I o Cruel. A pesar deste gran odio que se profesaban ambos monarcas, o fillo de Sobruto, o Cabaleiro de Alto Plumeiro, e a filla de don Afilado, dona Sota da Espada, estaban profundamente namorados e a súa relación perdurou no tiempo, demostrando que o amor era máis forte que a guerra.

kalandraka

MareMar

84-8464-524-X

2005

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Meigas fóra!



Ramón D. Veiga

Iván R.

Entre as vilas de Leira e Beira había moita rivalidade. Unha noite de San Xoán, a veciñanza decidiu rematar coas envexas e as porfías dos seus mandatarios.

Un divertidísimo conto que propón unha reflexión sobre o desastre ao que nos poden levar determinados comportamentos.

XERAIS

Merlín

9788491216759

2020

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

O principio



Paula Carballeira

Sonja Danowski

A pesar dos efectos crueis e devastadores dunha guerra, este relato poético (narrado a partir da voz dunha nena) transpórtanos con todo detalle ata o lugar onde estoupan as bombas... e aínda así, é unha mensaxe de esperanza.

kalandraka

Maremar

978-84-8464-779-9

2012

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Por que?

Nikolai Popov

Nikolai Popov

Fronte á barbarie da guerra, un libro visual que alenta as persoas a seren promotoras do diálogo, da tolerancia, da convivencia e da paz.



kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-367-8

2018

ODS 17

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Un barco no ceo

Quentin Blake

Quentin Blake

Emma Lázare

A historia dunha arca voadora, que percorre o planeta salvando ás vítimas da violencia, da guerra e dos desastres medioambientais.



kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-637-2

2007

ODS 17

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Poesía*** | ***Primeiras lecturas***

Bicos e non balas

Antonio García Teijeiro

Bea Gregores

Pola nosa boca poden saír balas pero tamén bicos. Poden saír versos e beixos. Podemos reclamar, a berroversos, a paz. Velaquí unha antoloxía de poemas de Antonio García Teijeiro sobre a paz. El é un dos poetas galegos que máis e mellor entenderon que non hai camiño para a paz, senón que a paz (e a poesía) é o camiño).



EDITORIAL GALAXIA

Libros para compartir

978-84-9151-396-4

2019

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

A lavandeira de San Simón

Eva Mejuto

Bea Gregores

A illa de San Simón foi, durante a Guerra Civil, cadea e campo de concentración de máis de seis mil homes inocentes. Moitas foron as mulleres que axudaron, desinteresadamente, a facerlles algo máis soportable a condena levando comida e roupa limpa á illa. Esta é unha de tantas historias de mulleres e crianzas que padeceron a represión e a inxustiza, e que loitaron por cambiar o mundo que lles tocou vivir.



XERAIS

Pequena Memoria

978-84-9121-762-6

2020

ODS 10

16 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

As aventuras de Said e Sheila. A primeira aventura

Ramón Caride

Miguelanxo Prado



Said e Sheila, dous irmáns da época futura, viven as súas máis sorprendentes e arriscadas aventuras. Saben que o futuro é algo por construír, que temos que facer entre todos. Eles son pacifistas, solidarios, defensores da xustiza e do medio ambiente. Así o demostran en cada unha das entregas da serie. Esta primeira aventura é a mellor alegación contra a guerra.

XERAIS

As aventuras de Said e Sheila

978-84-8302-706-2

2001

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

Grandullón o xigante abusón e outras pezas de teatro infantil ecopacifista

Calo Iglesias

Fausto C. Isorna



Pequenas pezas que poñen o acento no tratamento dos valores ecolóxicos e pacifistas. O autor, membro do SGEP (Seminario Galego de Educación pola Paz) abordou esta temática en publicacións, unhas veces destinadas a profesorado e outras, como neste caso, para a infancia.

EDITORIAL TOXOSOUTOS

978-84-89129-88-7

2000

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Historia da bicicleta dun home lagarto

Fina Casalderrey

Laura Súa Campo



Esta é a historia de Mundo, un neno que superou o ataque dos lobos ao seu rabaño, pedaleou nunha bicicleta de celador de telefonía, rubiu aos postes máis altos coma un lagarto... Pero a misteriosa desaparición do seu pai, o medo debuxado nas caras das veciñas, o loito enigmático da súa nai, as notas manuscritas nos libros... atoldaron os seus soños de futuro.

XERAIS

Sopa de libros

978-84-9914-754-3

2014

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

Nana para un soldado

Pepablo Patinho Penya

Nuria Díaz



Dous soldados inimigos coinciden na fronte. A pesar das súas diferenzas terán que poñerse de acordo ante un feito absolutamente imprevisto: o nacemento dun neno. Con grandes doses de humor, o autor propón ao lectorado máis novo dúas visións que se contrapoñen: por un lado, a guerra e a morte; por outro, o nacemento e a vida. Unha reflexión que transmite o absurdo das guerras e o necesario que é escoitarse, entenderse, respectarse.

ee edicións embora

Tren das cores

978-84-17824-19-8

2020

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Neko

Eva Mejuto

Bea Gregores



Ninguén entende a Xoana mellor ca Neko, o seu can. Ela, en verdade, quería un gato, pero desde que atopou a Neko, abandonado nun colector do lixo, fixéronse inseparables. Será o seu mellor amigo, o único confidente dun segredo que prometeu que xamais ía contar… Rexeitamento da violencia.

oqueleo

Serie laranxa

9788416834310

2021

ODS 5 e 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O principiño

Antoine de Saint-Exuperi

Antoine de Saint-Exuperi

Carlos Casares



A historia dun neno, príncipe nun planeta sen xente, que realiza unha travesía polo universo. Na viaxe que emprende, polos distintos planetas, coñece xente moi diversa. Finalmente, cando chega á Terra atópase cun aviador, caído no deserto que trata de arranxar a avaría do seu avión e teñen longas conversas.

Nesta viaxe descubre a estraña forma na que os adultos ven a vida e comprende o verdadeiro valor do amor e a amizade.

EDITORIAL GALAXIA

Edicións especiais en capa dura

978-84-9865-409-7

1972

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

O tempo das palabras en voz baixa

Anne-Lise Grobéty

Esperanza León

Emma Lázare



Un libro emocionante e fermoso sobre os campos de exterminio nazi do pobo xudeu. Coñecer esa parte terrorífica da historia da humanidade, inscríbese no deber da memoria, mais tamén é unha lección sobre ata onde poden chegar os límites da amizade.

Un libro de ton intimista e silencioso que alerta sobre os perigos do esquecemento e a importancia da memoria para que non se repitan os mesmos erros.

XERAIS

Sopa de libros

978-84-9782-312-8

2005

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

O valo

Carlos Labraña

Nuria Díaz



No medio dun deserto, o Soldadiño de chumbo (un neno soldado) chanta unha bandeira e coloca un valo de arame, xusto onde no seu mapa marca a fronteira. Do outro lado do valo, Sahara, a rosa do deserto, unha rapaza abandonada, que foxe da guerra, trata de convencelo de que a deixe pasar, xa que está procurando un pozo onde saciar a súa sede... A obra propón unha emocionante reflexión sobre a igualdade e a paz entre todas as persoas e comunidades.

XERAIS

Biblioteca dramática galega (Xerais e IGAEM)

978-84-9121-255-3

2017

ODS 6 e 10

16 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Valados

Agustín Fernández Paz

Xan López Domínguez

Helena e Xoel son amigos inseparables. Na súa vila comezan a suceder feitos que os desacougan; semella que un vento estraño varreu a alegría das rúas e deixou no seu lugar odio, xenreira e medo. Érguense altos valados para separar e illar unhas persoas doutras. Que vai pasar?



XERAIS

Merlín

978-84-9914-049-0

2009

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

A cidade en chamas

Ariel e Joaquín Dorfman

Moisés R. Barcia

Heller Higland é un anxo da morte. Un adolescente maduro e consciente das inxustizas que existen no mundo, traballa ao servizo da empresa Noticias Suaves onde é o encargado de entregar as malas noticias. Faino de forma tan amable e considerada que os destinatarios das súas entregas, a maior parte inmigrantes, o recoñecen como un mensaxeiro da esperanza.



XERAIS

Fóra de xogo

9788497822596

2005

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Teatro*** | ***Lecturas autónomas***

A derradeira bala

Fernando Castro Paredes

Luciano é descuberto intentando desertar da guerra e, despois de ser xulgado, é condenado a morte. Á mañá seguinte, será fusilado coa última bala que garda o pelotón. Mais o amor pola música de Luciano e as súas ansias de liberdade farán que a cousa se complique un chisco polo camiño.

Con diálogos áxiles marcados pola retranca e a ironía, pon de relevo o absurdo da guerra.



EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9151-200-4

2018

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Bullying

Álex Alonso

O acoso escolar, a insolidariedade dos compañeiros e compañeiras, o profesorado que non se decata ou non lle dá importancia, a familia que non é consciente e o sufrimento que se fai insoportable ata acabar con todo. A violencia xorda ou evidente no mundo adolescente que pode conducir a quen a sofre a un final irremediable.



XERAIS

Fóra de Xogo

978-84-1110-234-6

2023

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Cando Hitler roubou o Coello Rosa

Judith Kerr

Judith Kerr

Mª Carme Ares Vázquez

A chegada de Hitler ao poder cambiará radicalmente a vida de Anna e a súa familia. O seu pai ten que exiliarse en Suiza e Anna, a súa nai e o seu irmán ségueno uns días despois. Anna deixa o seu coello rosa, porque non cabe na maleta pero sempre o botará de menos como símbolo da perda. O que tamén queda atrás é a súa infancia.



ALFAGUARA

Xuvenil Alfaguara

84-204-5059-6

1990

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Autobiografía*** | ***Lecturas autónomas***

Diario de Ana Frank

Anne Frank

Tomás Ruibal

O *Diario de Ana Frank* foi escrito entre o 12 de xuño de 1942 e o 1 de agosto de 1944 no ático de Amsterdam onde Ana e a súa familia se esconderon dos nazis. Unha obra testemuño fundamental da memoria histórica do Holocausto. Ana é unha adolescente sensible que comparte os seus segredos e vivencias, o medo e a esperanza, a análise social e política desde o seu agocho, fronte ao xenocidio e a barbarie que acontencían no exterior.



FAKTORÍA K DE LIBROS

Narrativa K

978-84-15250-94-4

2015

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

In Memoriam

Pepe Carballude

A chegada dun grupo de voluntarios da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica coa intención de escavar o antigo Parque da cidade (onde se cre que están os restos dun fusilado pouco despois da Guerra Civil) desencadeará un lote de sorpresas que saldarán débedas pasadas e avivecerán vellas historias adormecidas.



XERAIS

Fóra de Xogo

978-84-9121-904-0

2021

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O neno do pixama de raias

John Boyne

Daniel Saavedra

A historia dun neno de nove anos, que se atopará cun aramado. No mundo hai milleiros de aramados coma este. A diferenza está en que el é fillo do nazi que dirixe o campo de exterminio e ese aramado sepárao das vítimas. El non o sabe e isto traerá un desenlace inesperado.



FAKTORÍA K DE LIBROS

Narrativa K

978-84-96957-20-6

2007

ODS 10

16 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Informativo* | *Lecturas autónomas*

Que sabes da guerra civil e o franquismo?

Manuel Veiga Taboada

Carlos Gallego Domínguez



Son acontecementos da nosa historia recente que aínda provocan fortes polémicas. Coñecer o pasado axúdanos a entender o presente. Este libro trata de explicar o que sucedeu de xeito ameno e obxectivo, contándonos tamén como era a sociedade e a vida diaria daquela época, daquel "tempo de silencio", a "longa noite de pedra".

XERAIS

Seica

978-84-9121-981-1

2021

ODS 4

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Reencontro

Fred Uhlman

Miguel Pérez Romero



A amizade entre dous mozos de dezaseis anos separados pola barbarie nazi. Hans é fillo dun médico xudeu e Konradin é un aristócrata descendente dunha das familias máis vellas de Alemaña. As súas afinidades e o seu xeito de ver as cousas convérteos en amigos íntimos. Pero cando Hitler chega ao poder, Konradin entra no exército nazi e Hans ten que marchar de Alemaña.

EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-8288-817-0

1998

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Informativo* | *Lecturas autónomas*

Tempo rachado

Margot Chamorro



Aínda está moi viva entre nós a memoria da guerra civil, e tamén a dos longos e crueis anos de postguerra; unha época gris e amarga, sobre todo para aqueles e aquelas que tiveron que ver como os seus ideais quedaban esmagados. Ese é o tempo rachado do que se nos fala neste emotivo libro, visto a través dos ollos dunha nena nacida nunha familia de vencidos. Un relato testemuñal.

XERAIS

Merlín

84-8302-377-6

1999

ODS 4

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Unha bolsa de canicas

Josef Joffo

Manolo Uhía

X. Carlos Álvarez Quintero



A diferencia doutras narracións históricas, esta achega á mocidade que non coñeceu a guerra e a posguerra, está narrada por un rapaz. A guerra, a persecución, a morte, vista polos ollos dun neno xudeu, que mira os acontecementos coa inxenuidade e candidez infantil.

edicións do cumio

Serie Gaivota

84-87126-01-4

1988

ODS 10

PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | ***Banda deseñada*** | ***Lecturas autónomas***

Wolfram. Espías, nazis e maquis

Alberto Varela Ferreiro

Alberto Varela Ferreiro



XERAIS

978-84-9121-687-2

2020

ODS 10

1939, a Guerra Civil española remata pero un conflito moito máis grande está a piques de estoupar en Europa e no mundo. Nel (II Guerra Mundial), as novas tácticas e as novas armas van facer do volframio un mineral esencial e escaso no planeta, necesario para as armas. Galicia vai ser un taboleiro no que nazis e aliados xogan esta partida.

E TAMÉN...

- *A boca da terra*
- *A chave do tamaño*
- *A cuadrilla dos 11*
- *A fábrica de bicos*
- *A derradeira carta aos reis magos*
- *A manchas ou a raias*
- *A partes iguais*
- *As cousas que importan*
- *As voces da auga*
- *Cartas de amor*
- *Contra todo isto. Un manifesto rebelde*
- *Corredores de sombra*
- *De que cor es ti?*
- *En continua evolución*
- *Fronteiras de papel*
- *Guernika*
- *Icía quere cambiar o mundo*
- *Indignádevos!*
- *Lúa en Ningures*
- *Mambrú volveu da guerra*
- *Mañá vén meu tío*
- *Na cerna da selva*
- *Negros e brancos*
- *Ninguén coma min*
- *Nin un biquiño á forza*
- *Noite de voraces sombras*
- *O camiño da Estadea: O regreso de*
- *Sheila e Said*
- *O cemiterio de barcos*
- *Ser amigos*
- *Setemorros e outros contos*
- *Unha manchea de bicos*
- *Zona a defender. A esperanza indócil*

17 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A cuadrilla dos 11

Rocío Bonilla

Rocío Bonilla

Bruno Martínez Pita



Cando o invitaron a unirse a aquela cuadrilla, Benxamín sentiuse importante. Era extraordinario formar parte da cuadrilla dos 11 porque todo o mundo os admiraba e respectaba! Mais... era admiración de verdade ou simplemente lles tiñan medo? Benxamín tiña que tomar unha decisión: seguir sendo o peixe número 11 ou defender a amizade e o verdadeiro respecto.

algar

9788491425625

2022

ODS 16

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Agora somos tres

Giorgio Volpe

Paolo Proietti

Iolanda Mato



Os celos, os segredos e a inclusión son temas desta obra na que son protagonistas un raposo, un leirón e un teixugo. Eles dannos unha gran lección: no corazón de cada un de nós hai lugar para querer a moitos amigos. O amizade non ten límites.

cumio

Boavista

9788482895727

2022

ODS 10

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

A nota

Pilar Serrano Burgos

Daniel Montero Galán

Manuela Rodríguez Lorenzo



Unha nota vai pasando de man en man e así imos coñecendo o barrio onde transcorre a historia deste despregable e tamén aos seus habitantes. As distintas formas nas que a nota é compartida e vai estendendo a súa intrigante mensaxe ata levarnos ao momento no que podemos lela e entender ese percorrido necesario.

kalandraka

9788413431369

2022

ODS 10

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Cos brazos abertos

Antonio Rubio

María Girón

Xosé Ballesteros



Escolares diversos e de distintas procedencias conviven felices e en harmonía no colexio. Non hai maneira máis sinxela de acollida e relación entre a rapazada.

Un canto á esperanza nun mundo fraterno e igualitario.

kalandraka

MareMar

9788413431598

2022

ODS 10

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Grazas. Historia dun rueiro

Rocío Bonilla

Rocío Bonilla

Elvira Ribeiro Tobío



algar

9788491424642

2021

ODS 16

Unha historia sobre a convivencia e as relacións humanas. Un rueiro no que ninguén se coñece e pensa mal do veciño, pero grazas a unha avaría inesperada, a vida do rueiro vai mudar totalmente. Grazas á curiosidade e á empatía,os veciños e veciñas van chegar lonxe, moi lonxe. E farano xuntos.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Cos brazos abertos

Leo Lionni

Leo Lionni

Xosé Manuel González



Kalandraka

Tras os montes

9788484646280

2007

ODS 10

A unión fai a forza e o peixe pequeno non sempre ten que temerlle ao grande. Só ten que buscar unha estratexia para evitar o perigo e reclamar respecto.

Un clásico para abordar a superación dos medos e o valor da diversidade.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

Nós estamos aquí. Apuntamentos para vivirmos no planeta Terra

Oliver Jeffers

Oliver Jeffers

Laura Sáez, Mónica Pazos e Saleta Fernández



patasdepeixe

9788494634178

2021

Esta guía que comeza no espazo, vai pasando polo planeta Terra, as persoas, o clima... Fai un percorrido que nos permitirá entender como é o lugar onde vivimos e a importancia de coidar del. A marabillosa presentación do mundo a un fillo.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

O día das apertas

Frédérick Stehr

Frédérick Stehr

Xosé Ballesteros



Kalandraka

Libros de cartón redondeados

9788413430577

2021

Pequenas aves son as protagonistas desta historia da que se desprende tenrura e emoción. Cada animal trae o seu *doudou* abrazado, pero chega un deles que non o ten, daquela deciden que hoxe é o día das apertas e comezan a apreixarse uns a outros, nunha celebración da amizade.

17 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

góliX

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

Oso e máis eu

Esther García Peces

Esther García Peces



OQO editora

O

978-84-9871-679-5

2022

ODS 10

Un libro que abre una fiestra para acordar sentimentos de solidariedade, ofrecer axuda a quen a necesita, manexar situacións pouco habituais e procurar solucións sen perder a calma. Porque as cousas non son sempre o que parecen a primeira vista, hai que coñecer as súas causas. A recompensa é a amizade.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

Quen me quere adoptar?

Fina Casalderrey

Mª Fe Quesada



XERAIS

Merlín

9788497823593

2005

ODS 4

Unha reflexión sobre a soidade que viven moitas persoas maiores como Manuel, un mestre xubilado. É posible adoptar un avó? Nada debería impedir buscar axuda, ningunha idea debe ser desbotada antes de reflexionala, na nosa mente non debería haber nada imposible.

A importancia e o valor dos libros e as relacións familiares son outros dos temas que aborda esta obra.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

Quen me quere adoptar?

Marilar Aleixandre

Fran Jaraba



XERAIS

Merlín

9788497828987

2008

ODS 10

Unha formiga coxa, unha ra peluda e unha cobra chosca deciden buscar algún lugar onde non sexan menosprezadas polas súas eivas e sexan consideradas iguais; úneselles un rato de biblioteca e, ao final, nun val preto da praia de Estorde, encontran o lugar que buscaban.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

En continua evolución

Santiago Ginnobibli

Guido Ferro

Iago Nicolás



FAKTORÍA K DE LIBROS

978-84-19213-32-7

2023

ODS 4

Este libro acércanos á teoría de Darwin e axúdanos a entender mellor quen somos e de onde vimos. Conforme o lemos concluímos que todos os seres humanos formamos unha gran familia para seguir deducir que tamén o somos todos os seres vivos. Ao tempo, introdúcenos no funcionamento da ciencia e do necesario que é interrogarse.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Kusuma

Héctor Cajaraville

María Sánchez Lires



XERAIS

Merlín

9788491214106

2018

ODS 10

A globalización, a migración e a acollida dos inmigrantes ou a importancia de formar comunidade son algúns dos temas da historia desta faisán femia.

O prexuízos con que ás veces nos enfrontamos ao descoñecido son un camiño enganoso para tratar de entender o mundo.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Lobo Ramón

María Canosa

Nuria Díaz



oqueleo

Serie amarela

9788416834211

2020

ODS 10

Ramón é un lobo atípico, ás veces séntese só, quere acercarse aos veciños pero estes téñenlle medo porque non deixa de ser un lobo. De todos xeitos vai facendo amizades que se preocupan por el e cos que colabora. Unha verdadeira familia de amizades que o aceptan e lle queren, sen importarlles se é un lobo normativo ou diferente.

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Lúa en Ningures

Beatriz Maceda

Laura Veleiro



XERAIS

Merlín

9788491214632

2019

ODS 4, 5 e 10

Lúa e a súa familia, fuxindo do horror da guerra, instálanse no campo de refuxiados de Ningures; alí Lúa descubre cales son os valores realmente importantes na vida das persoas.

Unha obra que nos fai afondar en problemáticas contemporáneas, situacións que levan moito tempo de actualidade...

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

O bosque do duque´s Hertogenbosch

Fran Fernández Dávila



EDITORIAL GALAXIA

Merlín

978-84-9151-806-8

2022

ODS 5 e 10

Sabine é unha galega que vive nos Países Baixos. Ela bota de menos Galicia, sobre todo as súas avoas. Axudada polos seus amigos Wilko, Jeroen e Anja, Sabine loitará non só pola súa identidade, senón tamén pola vida, cun conxunto de fortalezas que descoñecía. A amizade é unha forza necesaria para facerlle fronte a un mundo non sempre doado.

17 Literatura infantil e xuvenil galega

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Saínza: A Punkiereteira

María Canosa

Cristian F. Caruncho



Saínza Loureiro, allea a convencionalismos, moi conectada coa súa avoa e apaixonada pola pandeireta é quen de enfrontar situacións de acoso no seu novo centro escolar. Alí, atopa un grupo de compañeiras coas que se entende moi ben e coas que consegue formar un grupo musical, realmente interesante.

A COSTUREIRA

9788412612202

2022

ODS 5 e 10

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

Velloucas & Minchas

Lorena Conde



A novela narra as vivencias dunha adolescente que vai pasar o verán á casa da súa avoa na aldea. Atopa un ambiente enrarecido: os veciños escapan da avoa pola rúa, de noite recíbense chamadas misteriosas… Ante iso, tenta facer o posible por axudar á avoa e ás súas amigas, nun exercicio de sororidade e de acompañamento entre mulleres.

cuarto de inverno

9788412160451

2020

ODS 5 e 10

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

A filla do Minotauro

Marilar Aleixandre



O papel da muller na sociedade, a necesidade de preservar o patrimonio, a falta de valoración do que moitas persoas arriscaron para acadar bens para a humanidade, o poder da mafia, as violacións das mulleres, as folgas pola explotación e morte de nenos e nenas son algúns dos temas que trata esta novela na que se mesturan tempos mitolóxicos cos da 2ª Guerra Mundial.

EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

9788491511892

2018

ODS 16

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

As crónicas de Landereina

Sabela González

Sabela González



O reino de Landereia vive en paz baixo o goberno dos Gheiroez, despois de catro décadas da tiranía de Wiasmau. Esta paz periga pois o exército dos kaihunn avanza baixo as ordes dun novo tirano que busca destronar os Gheiroez e facerse coa máxica Pedra de Lúa e, con ela, co poder sobre Landereina. A historia continúa ao longo dunha triloxía.

A colección está composta por: *I Bágoa de lúa*, *II Feitizo de sangue* e *III Sangue de lúa* .

EDITORIAL GALAXIA

9788498654875
9788498655803
9788491510123

2013 - 2016

ODS 5

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Fóra do normal

María Reimóndez

Temas como a transexualidade, a aceptación e o respecto á diferenza ou a necesaria axuda dos demais son abordados nesta novela. Unha obra da que é protagonista André e na que participan tamén personaxes como Mucha, Martín ou Xela que, pese ás dúbidas e incertezas en que están instalados, tentan crebar os estereotipos.



XERAIS

Fóra de xogo

9788491214014

2018

ODS 5

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

Memoria do silencio

Eva Mejuto

Novela que recolle a contribución das irmáns Touza, arriscándose para salvar aos xudeus que foxen do nazismo. Mais nesta obra tamén se fala da historia dos perseguidos como Frieda e dos perseguidores como Günter, membro da "Gestapo". Relato de fondo histórico que nos sitúa na posguerra española, cando Galicia era a terra na que aliados e nazis se disputaban o volframio.



XERAIS

Fóra de xogo

9788491214618

2019

ODS 5 e 10

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

O Brindo de Ouro: I. A chamada do Brindo, II. A Táboa da Hospitalidade

Xesús Manuel Marcos

Novelas de aventuras, épicas e fantásticas, que remite a un pasado mítico, onde o heroísmo e a maxia ocupan un lugar destacado.

Selmo, coñece a desfeita da súa aldea, incendidada polos inimigos; na súa fuxida, atopará a dous heroes que o axudarán (xunto cunha meiga) para desvelar o misterio do Brindo de ouro, un corno máxico que os protexe e os fai invulnerables. E a historia continúa...



XERAIS

Fóra de xogo

9788497822060

9788499147901

2004 - 2009

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

O grupo

An Alfaya

Antón, Runa, Carla, Amina e Nico irán compartindo as súas circunstancias e, malia as reticencias iniciais, trabando complicidades e unha rede de apoio mutuo coa que saír adiante. A superación dos traumas psicolóxicos, a aceptación da diversidade ou o valor das relacións humanas están presentes nesta obra.



XERAIS

Fóra de xogo

9788491215417

2019

ODS 10

17 LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O mundo secreto de Basilius Hoffman: I O ladrón de soños, II Un faro na escuridade e *III A batalla por Avalón*

Fernando M. Cimadevila

Iván Valladares González e Jara Zambrano

Os reinos que durante séculos lindaron as fronteiras do noso mundo esvaécense entre as brumas das lendas. O arqueólogo Basilius Hoffman e o seu sobriño Peter (buscadores de segredos ocultos e cazadores de mitos esquecidos) loitan contra aqueles que queren acabar co poder da imaxinación.



urco EDITORA

Alcaián

978-84-15699-27-9

978-84-15699-17-0

978-84-15699-52-1

2013 - 2019

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Banda deseñada* | *Lecturas expertas*

O pacto do Letargo. O tríscele roubado

Miguelanxo Prado

Miguelanxo Prado

Dúas razas de seres máxicos enfróntanse polo destino da humanidade. Comezan unha carreira por obter o poder dun tríscele que podería facer desaparecer aos seres humanos da terra.



RETRANCA EDITORA

9788412241105

2020

ODS 16

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

O señor dos aneis: I A Irmandade do Anel, II As Dúas Torres, e *III O Regreso do Rei*

J.R.R. Tolkien

Moisés Barcia

Todo comeza cando Frodo viaxa para destruír o Anel único e o inimigo provocará unha guerra para recuperalo, pois é a principal fonte de poder de Sauron. Obra ambientada na Terra Media, habitada por elfos, hobbits, ananos e humanos; a historia do heroe do pobo que, aínda sabendo que o seu destino pode ser fatal, loita por cumprilo, pois del depende a continuidade do seu mundo.



XERAIS

Fóra de xogo

978-84-8302-683-0

978-84-8302-826-1

978-84-8302-916-9

2001 - 2002

ODS 16

ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

Penumbra

Daniel Landesa

A desaparición dunha das sentinelas do muro que protexe Terra de Sol do reino de Penumbra, pon de manifesto a sombra que ameaza a convivencia entre os cinco territorios de Sol. A pequena irmá da sentinela desaparecida é quen avisa as cinco terras do perigo e quen guía a busca da desaparecida. Mentres, Penumbra maniféstase na terrorífica sombra que intenta darlles caza.



XERAIS
Fóra de xogo
9788491215394
2019

E TAMÉN...

A noite da deusa
Ás de mosca para Anxo
Ernesto e Celestina, músicos da rúa
Ernesto e Celestina perderon a Simeón
Grazas
Grazas!
Miña guía, meu capitán
O día das apertas
Os catro amigos
O sorriso de Daniela
Os tres amigos
Ser amigos
Setestrelo de Manuel Esteban
Somos amigos?
SuperUlex
Teño dereitos
Tigre e oso na cidade
Un paseo polo parque
Xa non son malo

LEMBRAR

PÁXINAS WEB

LEMBRAR

PÁXINAS WEB

LEMBRAR

RECURSOS

LEMBRAR

RECURSOS

LEMBRAR

DOCUMENTOS

LEMBRAR

DOCUMENTOS

LEMBRAR

PUBLICACIÓNS



galix
asociación galega do libro Infantil e xuvenil

Centro de Emprendemento Creativo de Galicia
Cidade da Cultura de Galicia

Monte Gaiás s/n - 15707 Tel.: 698 169 548
Santiago de Compostela galix@galix.org
A Coruña blog@galix.org

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE



CONSULTA AS NOSAS GUÍAS



www.galix.org

gálix
asociación galega do libro infantil e xuvenil

Centro de Emprendemento Creativo de Galicia
Cidade da Cultura de Galicia

Monte Gaiás s/n - 15707
Santiago de Compostela
A Coruña

Tel.: 698 169 548
galix@galix.org
blog@galix.org

9 788409 500567



Patrocina:

Deputación DA CORUÑA

gálix
asociación galega do libro infantil e xuvenil